


xullo 2004



interea *visual*

02

deporte e
dimensíons
do lecer



DEPUTACION
DA CORUNA

the Foil é un proxecto que se está a realizar para o Museo do Mar de Galicia, que consiste na expedición ó lugar do planeta en terra firme máis alonxado da beira do mar. O seu desenvolvemento abrange diversas fases que van desde a definición exacta do devandito lugar e a recopilación de información, ó contacto con institucións de apoio e á organización da viaxe.

O proxecto fai referencia á idea de litoral marítimo como singularidade xeográfica xeradora dunha cultura local específica, á proximidade do océano coma fronteira imprecisa vencellada durante séculos ó concepto de exploración. Considerando o contexto de partida, o proxecto plantexa a expansión da actividade divulgativa do Museo a territorios illados da costa onde a presencia do mar resultaría inimaxinable.

Segundo os primeiros cálculos o lugar está localizado na rexión autónoma de Xinjiang, no noroeste da China, nalgunha preto da cidade de Urumqi.



Roberto Agüete

Deporte e lecer. ¿Por que están tan preto estes dous termos na acción municipal? ¿Que características fan que existan tantas sinerxias entre eles? ¿Que lles suxiren estas palabras ós ciudadáns?

Interea Visual responde de novo ó seu compromiso coa acción municipal en xeral e especialmente coa Provincia da Coruña, para ocuparse nesta volta das interaccións entre o deporte e o lecer dos ciudadáns. Este número recolle as iniciativas en materia deportiva de concellos da provincia para adapta-la súa oferta ás necesidades e intereses dos ciudadáns na ocupación do seu lecer. Tamén recollemos a opinión dos expertos sobre enfoques de práctica deportiva desenvolvidas no eido municipal. Algunhas destas propostas están xa asentadas e acadaron un amplio desenvolvemento e outras son ainda incipientes. Os autores falan sobre a súas características, posibilidades e limitacións e aportan chaves para optimiza-lo seu desenvolvemento.

A temática deste número responde a un cambio nas políticas deportivas municipais, que asumen o deporte como un compromiso social dos concellos. Esta tendencia artellouse a través de accións orientadas á consolidación do deporte coma un servicio público, á reconsideración da relación co sector privado e á recuperación do prestixio das administracións locais a través da promoción da *calidade*.

Esta busca da calidade das áreas municipais de deportes é imprescindible para sobrevivir como entidade nun contexto competitivo, onde os recursos son limitados e o nivel de esixencia dos ciudadáns é cada vez maior. Este desafío pasa por afronta-los problemas particulares da promoción deportiva na provincia: dispersión poboacional, baixa implicación de certos colectivos, escasez de recursos, etc. As vellas fórmulas deixaron de funcionar hai tempo e necesitanse grandes doses de enxeño para artellar respuestas válidas. Non falamos do enxeño como inspiración, senón como froito da interacción de varios factores: formación dos responsables da oferta, coñecemento da realidade na que se traballa (baseada no estudio

e na reflexión sobre a mesma), apoio institucional ás propostas de innovación e loita contra vellas inercias que dificultan os procesos de cambio.

A acción municipal actual non pode pensarse illada, polo que hai que insistir na necesidade da comunicación e colaboración co resto de sectores implicados na oferta ós ciudadáns (privado e asociativo). Reforzoando as sinerxias e convertendo as duplicitades en novos servicios, redúcese a desproporción oferta-demanda, rendabilízanse os recursos e descentralízase a oferta municipal, sen renunciar en ningún caso á calidade.

Queda aínda definir que tipo de deporte é o que debe vertebrar o sistema deportivo municipal. Ó longo deste número describiranse numerosas manifestacións do deporte, con diversas finalidades e contidos asociados, pero ¿É posible atopar un elemento que as inclúa e artelle? A filosofía do Deporte para Todos debe, ó noso entender, ser o principal referente das políticas deportivas municipais. Isto tradúcese na procura dunha práctica deportiva más asequible a tódolos sectores sociais, sen distinción de idade, xénero, recursos económicos, habilidade motriz, etc.

Esta convicción parte da visión do deporte como factor de mellora da calidade de vida, o que é o obxecto da política deportiva e, en parte, da política do Estado de Benestar. Así, a nosa sociedade estará máis preto do benestar canto máis ó alcance dos ciudadáns estén servicios coma o deporte, a educación ou a saúde.

En verbas do profesor Manuel Cuenca, visto desde unha lectura humanista do lecer, unha política deportiva deberá potenciar o deporte para todos desde as distintas dimensións –do lecer-

No lecer dos ciudadáns: deporte para todos de calidade.

Non é un labor sinxelo. Non camiñades sos.



CAPA, CONTRACAPA de Martín Pena

4 O DEPORTE RECREATIVO: un recurso para o lecer dos cidadáns / Oleguer Camerino

5 ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS: ¿Poden satisfacer as necesidades e demandas dos veciños no referente á motricidade e desenvolvemento persoal? /

Jose M^a Pazos

6 OS XOGOS POPULARES GALEGOS más alá do DEPORTE, un chanzo imprescindible na procura da identidade local e nacional / Francisco M. Veiga

7 PINTURAS de Vanessa Lodeiro

8 CORPO e EXPRESIÓN: de espectadores a creadores / Lara Varela

9 O DEPORTE ADAPTADO Escolas Deportivas para Eivados / Álvaro Illobre



18 Os PROBLEMAS do FÚTBOL MODESTO, ¿Teñen solución? / Juan A. Armental

21 SERVICIO de ASESORAMENTO FÍSICO e DEPORTIVO ó VECIÑO: actividade física para a saúde no Concello de Oleiros /

Dina Asensio e Alejandra M^a Pérez

23 XONÁS. Cómic de JANO

24 DEPORTE, DESENVOLVIMENTO e PROMOCIÓN TURÍSTICA no CAUREL / Martín Alemparte

Presidente da Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico: Celestino Poza Domínguez / Coordinadores da Edición: Raúl Fraguera / Carmen Morán.
Consello de Redacción: Belén Caballo, M^a Dolores Candedo, José A. Caride, Héctor M. Rose, Arcelia Serantes.
Desenho e Maquetación: Oceanográfica Publicidad S. L. / Corrección Lingüística: Enrique Porto / Pinturas e Ilustracións: Martín Pena, Vanessa Lodeiro, Alejandro Viñuela (ano), Nolo Suárez.
Fotografías: Roberto Agüete, Manuel P. Rúa / Colaboran neste número: Oleguer Camerino, José M^a Pazos, Francisco M. Veiga, Lara Varela, Álvaro Illobre, Juan A. Armental, Dina Asensio, Alejandra M^a Pérez, Martín Alemparte, Eduardo Iglesias, Susana V. Fraguera, Francisco J. Rodríguez, Laura Cedrón, Xosé L. Martínez, Manuel P. Rúa, Domingo Comas, Celestino Poza
Edita: Deputación da Coruña / Imprime: Imprenta Provincial / Depósito Legal: C-2589/02

As opinións emitidas en interea visual 02 son de exclusiva responsabilidade dos seus autor@s.



28 A DORNA: algo máis que unha embarcación /

Eduardo Iglesias

31 A CONTROVERSIA entre a OFERTA PÚBLICA e a PRIVADA nas ACTIVIDADES FÍSICAS e DEPORTIVAS / Susana V. Fraguela

32 O TRATAMIENTO da ACTIVIDADE MOTRIZ na INTERVENCIÓN MULTIDISCIPLINAR durante o TEMPO de OCIO INFANTIL /

Fco. Javier Rodríguez e Laura Cedrón

33 FOTOGRAFÍAS de Roberto Aguete

34 O DEPORTE como OCUPACIÓN do LECER dos CIDADÁNS / Raúl Fraguela

35 O PAPEL ESTRUCTURANTE dos EQUIPAMENTOS na CONSTRUCCIÓN do ESPACIO PÚBLICO / Xosé Lois Martínez

36 ¿De qué FALAMOS cando DICIMOS "DEPORTE PARA TODOS"? /

Manuel P. Rúa conversa con Eduardo Blanco

37 Os PROGRAMAS de LECER ALTERNATIVO NOCTURNO:

¿prevención ou participación? / Domingo Comas

ensións do lecer



38 INTEREA, nova edición / Celestino Poza

39 ASOCIACIÓN GALEGA de DEPORTE para TODOS

40 PINTURAS de Nolo Suárez

41 A FEDERACIÓN GALEGA de DEPORTES de MINUSVÁLIDOS FÍSICOS

42 ASOCIACIÓN GALEGA do XOGO POPULAR e TRADICIONAL

43 RECURSOS



O DEPORTE RECREATIVO: un recurso para o lecer dos cidadáns

Oleguer Camerino

Subdirector de Investigación e Postgrao
do INEFC-Universidade de Lleida.

Evolución do lecer e a actividade física no tempo libre

Na sociedade actual, postindustrial e tecnolóxica, o tempo libre é unha das principais manifestacións e expresións culturais. Neste tempo liberado "teoricamente" de obrigas, podemos comprobar unha proliferación de múltiples e variadas fórmulas de vivi-lo lecer.

A satisfacción do tempo libre e o lecer é unha parte da vida privada que afecta moitos dominios da cotidianidade das persoas. Xa a finais do milenio anterior, algúns países desenvolvidos situáronse na "civilización do lecer" debido ós seguintes fenómenos:

- os cambios socio-económicos,
- a evolución tecnolóxica do mundo laboral,
- a concentración demográfica da poboación e
- a consecuente reducción do horario laboral.

Así, as posibilidades para facer actividades físicas e asociarse –por exemplo nos clubes e asociacións deportivas- multiplicáronse. ¿Que podemos facer para que a actividade física e o deporte sexan un dereito do que poidan favorecerse os cidadáns? ¿Como podemos chegar a unha extensión óptima das actividades físicas de tempo libre? (UNESCO, 1978).

Neste artigo tentaremos responder a algunas destas preguntas, para podermos favorecer dende os concellos a práctica das actividades físicas para todos.

¿Como debe se-lo deporte recreativo nos concellos?

As instalacións deportivas municipais ofertan ós cidadáns produtos deportivo-culturais baixo a forma de programas de actividade física, deportiva e recreativa. Estes programas pódense ofrecer en dous formatos: a) de forma regular e periódica, coma un servizo ós cidadáns nas instalacións públicas dos concellos. b) en periodos vacacionais ou actividades turísticas de infantes ou xoves. Nos citados programas deportivos a calidade dos Recursos Humanos e o logro duns obxectivos concretos, son parte fundamental; os usuarios adhírense con un grao de fidelidade alta, segundo a coherencia e a consistencia do programa e sobre todo segundo as aptitudes e capacidades persoais e profesionais dos técnicos.

A continuación sintetizaremos algúns dos puntos básicos que nós consideramos que caracterizan a este tipo de deporte:

- **A busca continuada dos elementos recreativos do movemento;** como son o pracer polo exercicio, a sociabilidade, a comunicación, a compensación do estrés da vida cotiá e a saúde.
- **A estructura das prácticas moi adaptadas ó usuario** e sen modelos definidos; a partir do xogo e das actividades sinxelas, regras e normas cambiables, opcionalidade e facilidade de organización dos participantes sen ningún tipo de discriminación en base ao rendemento que teñen.
- **As infraestructuras axeitadas e materiais adaptados ós espacios empregados.**

- A **oferta variada de programas** que nos levará á polivalencia do tipo de práctica que ofrecemos en cada tempada.

- O **medio natural** ofrece os melhores recursos para a práctica de actividades físicas.

O éxito destes programas municipais fundaméntase en: unha organización e estrutura axeitadas, métodos específicos, obxectivos precisos e docentes especializados para desenvolveren con éxito as actividades que os animadores conducen e orientan.

Os obxectivos educativos do deporte recreativo concréтанse en: a actividade necesaria para a expresión da propia natureza biolóxica, o benestar continuo producido polo movemento saudable, o recoñecemento dos demais e a autoavalía que isto produce, o merecemento da autonomía na toma de decisións, a aceptación do grupo coa participación e a solidaridade, e o pulo cara a aventura e as experiencias novas dos cidadáns.

Unha vez definida a natureza deste tipo de prácticas recreativas ofertadas ós cidadáns teremos que describir o procedemento de actuación para podermos concretar as propostas de actuación dos promotores deportivos municipais.

¿Como levar a cabo campañas municipais que perduren?

Os promotores deportivos municipais e os seus responsables políticos deben tentar construir programas de Deporte para Todos (DpT)* nos que haxa unha confluencia e colaboración de actuacións con diferentes axentes da sociedade. É interesante fuxir de calquera exclusión, para pensar que as diferentes actividades deportivas e os seus organizadores compleméntanse unhas coas outras: a práctica educativa e a iniciación deportiva coa práctica de alta competición; a selección dunha élite coa práctica masiva; todo isto xunto, ó servizo da promoción do DpT.

Enumeramos algunas das estratexias para asegurar esta promoción do DpT nos concellos:

1. Construir programas que penetren na vida cotiá dos cidadáns, significa promover actuacións que teñan en conta:

- O tempo social durante o cal se realiza a práctica deportiva.
- Os obxectivos e expectativas que cada persoa desexa acadar.
- As institucións e profesionais que facilitan este tipo de actividades.

2. Definir programas adaptados á gran masa social da poboación segundo o enfoque da práctica e o tipo de mentalidade que tanto os animadores como os usuarios deben posuír para desenvolvelo e téndoo en conta (Camerino, 1990):

- A adaptación dos materiais de xogo dispoñibles ás condicións de cada grupo.
- A adecuación ó espacio e ás necesidades dos practicantes.
- Posibilidade, por parte dos participantes, de cambia-las regras do xogo.

3. Relaciona-las campañas cos modelos de vida saudables, tendo en conta as posibilidades propias de cada colectivo. Pretende que as persoas que as practican encontren o pracer polo movemento e se atopen ben coas prestacións do seu corpo.

4. Estender e adapta-los programas a novos colectivos. O acceso de novos colectivos á práctica asidua e cotiá abreños novas expectativas para: a terceira idade, os minusválidos, os colectivos de inmigrantes, etc.

A continuación propoñemos un marco no que é preciso ubicar este deporte:

- A promoción de escolas de iniciación deportiva que teñan unha tarefa progresiva e de respeito á evolución dos nenos e nenas mediante un programa polideportivo.

- A promoción de deportes e xogos tradicionais pouco divulgados, sempre con interés formativo, recreacional ou deportivo.

- A promoción da práctica deportiva entre os xoves, a terceira idade e outros colectivos de poboación, impulsando ó mesmo tempo o turismo e o intercambio cultural e deportivo.

- Impulsa-las actividades físicas, deportivas e recreativas para as persoas adultas, axeitando e facilitando as súas posibilidades de adhesión.

- Fomenta-la integración das persoas discapacitadas nas manifestacións deportivas e no proceso da aprendizaxe deportiva.

- Promove-la existencia e mellora do equipamento deportivo nas instalacións escolares para a súa xestión democrática e o seu uso público.

- Propicia-la participación nas actividades deportivas dos sectores marxiniais e con problemáticas sociais específicas.

- Fomenta-la actividad e o intercambio deportivo coma un vínculo de solidaridade e de paz entre as persoas e os pobos.

- Loitar pola desaparición da violencia no deporte.

Nestas campañas municipais existe unha clave fundamental: a figura do animador como un verdadeiro estimulador da sociabilidade.



BIBLIOGRAFÍA:

- Camerino, O (2000). Deporte recreativo. Barcelona: Inde.
Camerino, O. e Marta Castañer, M. (1990). 1001 Ejercicios y juegos de recreación. Barcelona: Paidotribo.
UNESCO (1978) Charte internationale de l'education physique et du sport. Paris: UNESCO.

* A partir de agora empregaremos estas siglas para definir un movemento cidadán que apareceu nos anos 70 nos países escandinavos coma unha tendencia hixienista e alternativa ó deporte convencional.

ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS: ¿Poden satisfacer as necesidades e demandas dos veciños no referente á motricidade e desenvolvimento persoal?

Jose M^a Pazos

*Director Técnico de Deportes do Concello de Porto do Son (A Coruña)
Presidente da Asociación Española de Motricidade Humana*

Introducción

Falar de actividades Físicas e Deportivas implica falar de Motricidade (*entendendo a motricidade como as vivencias das persoas para expresaren accións que implican desenvolvemento do ser humano, entre as que neste artigo incluímos inescusablemente a Actividade Física consciente e o Deporte*) isto lévanos a falar do tempo de ocio e lecer dos veciños, un tempo que xa o filósofo Luís Racionero nos dicía que hai que educar, pois a evolución social camiña cara a horarios laborais más reducidos, más tempo libre, e non temos ningunha dúbida que é un tempo que todos xuntos temos que aprender a invertir, ten que ser un tempo que contribúa a facer de nós, cidadáns más conscientes das nosas posibilidades, e en definitiva, un tempo que ten que contribuir a que todos podamos ser un pouco más felices, un tempo de compartir e saborrear, de socializarnos...

En definitiva... actividades que favorezan unha vida persoal, social, cultural, deportiva... de verdadeira calidade, pois nunca, nunca, nunca debemos deixar de xogar e aprender na vida, con nós, cos demás, e coa realidade na que nos encontramos envoltos.

A Función das Escolas Municipais

Foi no ano 1979 candó se celebraron as primeiras eleccións municipais, nese tempo os concellos comenzaron a asumir responsabilidades en materia deportiva e comenzaron a ver no deporte unha forma de contacto directo cos veciños.

Hoxe en día as competencias en materia deportiva dos concellos están perfectamente delimitadas na Constitución Española, na Lei de Bases de Régime Local, e más concretamente pola Lei Galega do Deporte, aprobada no ano 1997. Os dirixentes do deporte nos concellos, hoxe en día son conscientes do importante labor social da Actividade Física e do Deporte, e da repercusión social que unha boa xestión do deporte pode supoñer, tanto para os veciños, coma para os propios dirixentes.

A realización das actividades fisico-deportivas municipais, debe perseguir un achegamento entre o concello e os cidadáns a través das distintas actividades. Dirixidas a tódolos sectores da poboación mediante as escolas deportivas municipais, as actividades para adultos, para as persoas idosas, e para tódolos sectores da poboación con algún tipo de discapacidade. Estas actividades teñen como elemento común o fomentar e promover o xa coñecido tradicionalmente "*deporte para todos*", que neste artigo redefiniremos como "*Motricidade popular*" potenciando a visión educativa das actividades físicas e do deporte, así como impulsar o asociacionismo deportivo. Destacar que a expresión Deporte para todos "*Xurdío como resposta social contra a competitividade e a comercialización do deporte espectáculo, e pretende a socialización e participación de todos*" (Camerino, 2000: 22)

Podemos destacar que dende a creación das primeiras manifestacións de Escolas Deportivas Municipais, ata a actualidade, foi cambiando tanto a visión destas actividades, como a visión do mundo da Motricidade, no imaxinario social, tanto da poboación xeral,

coma dos dirixentes e demais responsables do entorno da Actividade Física e do Deporte.

Nun principio existiu nalgúns núcleos un enfoque erróneo, froito de estereotipos, que afortunadamente e salvo raras excepcións, xa comezan a ser rexeitados. Trátase da confusión entre iniciación precoz (tódalas modalidades poden practicarse a calquera idade), e especialización precoz, que pode adiantar, de forma artificial os procesos de maduración psicofisiolóxica e deportiva das persoas.

Sobre todo no traballo con nenos, pensamos que deben respetarse os seguintes principios (Gomez Fuertes e Garcia Aranda, 1993:38):

- Facer vivir ós nenos e xoves experiencias deportivas que teñan influencia para toda a vida.
- A saúde, seguridade, e benestar dos nenos/as e adolescentes son prioritarios sobre as aspiracións persoais de profesores/adestradores e sobre o prestixio de clubes, concellos, etc.
- Evitar por riba de todo, tratar ós nenos/as coma se foran pequenos adultos.

¿Cal é, ou debe ser, a oferta? ¿por qué? ¿para qué?

As actividades seleccionadas deben ser xenéricas e globalizadoras, agrupando ás distintas tendencias e modas fisico-deportivas actuais. Persoalmente pensamos que deben ser de carácter mixto, o que amplía as súas posibilidades de éxito e poden contribuír a mellorar a realidade social e deportiva dos participantes e do concello. Os prezos dos cursos, serán marcadamente populares, chegando incluso á subvención total ou parcial das cotas nos casos que sexan xustificados, procurando acadar na realidade unha oferta "para todos".

(Táboa 1). Oferta de escolas deportivas no curso 2003/2004 no concello de Porto do Son.

Porto do Son. Escolas Deportivas Curso 2003/2004

Iniciación Deportes Xenéricos

- Atletismo*
- Fútbol Sala*
- Baloncesto
- Taekwondo
- Kun Fu
- Patinaxe Artístico*
- Tenis de Mesa
- Bádminton
- Vela
- Fútbol Feminino

* Actividades con dous niveis establecidos



Como exemplo podemos destacar a oferta de escolas deportivas no curso 2003/2004 no concello de Porto do Son (A Coruña) dirixida a toda a poboación (Táboa 1).

Unha das características das escolas deportivas debe ser a da súa estructuración en niveis cando isto sexa preciso, pois debe estar reflexada a posibilidade de crear escolas de iniciación e escolas de perfeccionamento, asemade tamén pode ser o caso en función do nivel de facer unha clasificación por idade e xénero, estudiando cada caso en concreto.

Outras características que deben presentar unhas escolas deportivas de calidade:

- Prezos populares (segundo o caso, incluso de balde).
- Temporada escolar e de verán.
- Actividades de semana e de fin de semana.
- Profesionais cualificados.
- Aproveitamento das posibilidades do contexto e do entorno.
- Avaliación interna e externa da actividade.

Deportes Modernos

- Aerobic
- Bailes de Salón*
- Aerobic con Step
- Cicloturismo

Outras Actividades

- Ximnasia de Mantemento
- Motricidade Infantil
- Actividade Física para Maiores
- Baile Moderno
- Actividade Física Adaptada
- Defensa Pessoal
- Aerobic Infantil
- Actividades no medio Natural
- Tai Chi
- Actividade Multideportiva

¿Por qué e para qué todo isto? Non debemos esquecer que estamos a falar de educación, pois intervir dende estes grupos, implica transmitir coñecementos, actitudes e valores, por iso podemos (e debemos) chegar á conclusión que dende os concellos, a través de actividades que se organizan dende os diferentes departamentos, concellerías, etc., estase a realizar unha verdadeira intervención docente, e como ben nos recorda o Profesor-Maestro-Sabio Paulo Freire na súa obra Pedagogía da autonomía (1996) o proceso de ensinar-aprender esixe:

Ensinar esixe:

- Rigorosidade metódica
- Investigación
- Respecto ós saberes dos educandos
- Crítica
- Estética e ética
- Corporeificación das palabras polo exemplo (que sexamos coherentes)
- Reflexión crítica sobre a práctica
- Risco, aceptación do novo e rexeitar calquera forma de discriminación
- Recoñecemento e aceptación da identidade cultural
- Comprometimento
- Comprender que a educación é unha forma de intervención no mundo
- Liberdade e autoridade
- Toma consciente de decisións
- Consciencia do inacabamento
- O recoñecemento de ser condicionado
- Respecto á autonomía do ser do educando
- Humildade, tolerancia e loita en defensa dos dereitos dos educadores
- Aprehensión da realidade
- Alegría e esperanza
- A convicción de que a mudanza é posible
- Curiosidade
- Seguridade, competencia profesional e xenerosidade
- Recoñecer que a educación é ideolóxica
- Dispoñibilidade para o diálogo
- Apreciar ós educandos
- Saber escutar

¿Todas estas palabras para qué? Para facérmonos conscientes do que temos entre mans. Que as actividades que poidamos ofrecer teñan un mínimo aceptable de calidad, que sexan formativas, e isto implica que detrás deste deseño teñen que existir verdadeiros profesionais, persoas con formación, con sentido da responsabilidade e con vontade de facer un bo traballo.

Trátase que dende os concellos que ofertan escolas e actividades relacionadas coa motricidade, se busque a calidad das mesmas, pois sen dúbida unhas escolas de calidad implican necesariamente unha mellora na calidad de vida da poboación, e... ¿Que alcalde ou concelleiro non quere isto para os seus veciños?

Por todo isto, este proxecto debería enfocarse tamén dende a busca da satisfacción persoal dos traballadores que levan a cabo estas actividades, buscando non a cantidade de emprego (moitos profesores, responsables, etc.), senón a calidad do mesmo, con-

sistindo isto en ter o persoal necesario, nunhas condicións laborais e económicas que sexan verdadeiramente motivantes, que favorezan a identificación dos profesores co seu labor, e que garantan a calidad dos servicios. Todo isto case asegura o éxito nas actividades, e facilita a interacción de tódolos integrantes do sistema veciños-Concello-veciños.

Obstáculos e prospectivas

Un dos principais obstáculos na realidade de moitos concellos (por exemplo Porto do Son con aproximadamente 10.000 Habitantes, distribuídos nunha superficie de 120 Km e uns 40 Km de costa, agrupados en 11 parroquias) é facer chegar esta oferta a tódolos veciños debido á dispersión dos mesmos ó longo da xeografía do municipio, para iso en moitos concellos hai que flexibilizar a realización de actividades, buscar instalacións, e ademais de centralizar nos pavillóns municipais as actividades, enviar profesionais, alí onde son demandadas as actividades por un número razonable de veciños.

A intención é chegar a todos cun servicio de calidad. E como xa destacamos ó longo deste artigo, o futuro pasa por mellorar as instalacións, facilitar o acceso ós servicios, e promover a mellora na calidad de vida das persoas.

Ese ten que ser o camiño a seguir na busca da sociedade global de benestar.



BIBLIOGRAFÍA:

- Camerino Foguet, O. (2000): Deporte recreativo. Inde. Barcelona
 Freire, P. (1996): Pedagogía da autonomía. Saberes necesarios á práctica educativa. Puc-Sp.
 Sao Paulo
 Kolyniak Filho, C. (1998): Educação Física. Unna Introducción. Puc-Sp. Sao Paulo
 Mestre Sancho, J. (1995): Planificación Deportiva: Teoría y Práctica. Inde. Barcelona.
 Orts, F. e Mestre, J. (1997): Las Escuelas Deportivas Municipales. Ayto de Valencia. Valencia
 Ramírez, J. (1994): Galicia, hacia un deporte Total. Artes Gráficas Lopez. A Coruña
 VVAA. (1990): VI Jornadas de deporte y Corporaciones locales. FEMP. Madrid.
 VVAA. (1993): El Deporte en la Edad Escolar. VII Jornadas de deporte y Corporaciones locales. FEMP. Madrid.
 VVAA. (1997): I Jornadas de Deportes para diputaciones y pequeños municipios. FEMP. Madrid
 Wey Moreira, W. e outros (2001): Qualidade de vida. Complexidade e educación. Papirus. Sao Paulo.

OS XOGOS POPULARES GALEGOS

máis alá do DEPORTE, un chanzo imprescindible na procura da identidade local e nacional

Francisco M. Veiga

Investigador do patrimonio lúdico galego, membro da Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional (agxpt@tiscali.es) e de Nova Escola Galega (neg@iaga.com). Profesor de Lingua e Literatura Galega do IES Melide.

¿Existen uns xogos galegos?

O ser humano –e mesmo os animais superiores, en xeral- precisan xogar. Todas as sociedades, incluso as más primitivas, foron quen de crear as actividades lúdicas necesarias para dar satisfacción á necesidade de xogar de todos e cada un dos seus membros, desde o bebé acabado de nacer –pénsese, por exemplo, nos axóuxeres ou nos xogos iniciáticos cos que se interiorizan as partes do corpo- ata o avó, a avoa, de máis idade –amentemos a ra ou a petanca, só por citar dous dos xogos máis sosegados-. E os galegos, as galegas, tivemos necesidade tamén de crear –ou de adaptar, segundo o casos- xogos necesarios para xogarmos. Así é que Galicia posúe hoxe, dentro da Península, un dos catálogos lúdicos máis ricos, tal vez só superado, en canto á cantidade e á vixencia dos seus xogos, polos do País Vasco e Navarra.

Clasificación das Comunidades Autónomas españolas polo número e vixencia dos seus xogos e deportes tradicionais.
Fonte: Moreno Palos, 1993, p. 18.

Grupo 1. Nivel máximo.

- Navarra.
- País Vasco.

Grupo 2. Nivel elevado.

- Aragón.
- Asturias.
- Canarias.
- Cantabria.
- Castela-León.
- Galicia.
- Ríoxa.

Grupo 3. Nivel medio.

- Castela-A Mancha.
- Cataluña.
- Madrid.
- Murcia.
- Valencia.

Grupo 4. Nivel escaso.

- Andalucía.
- Baleares.
- Estremadura.





A ra, un dos xogos más sosegados do catálogo lúdico galego. Xogar a calquera idade.

Xogando bóllos ao canteiro. Algunhas deportes tradicionais van reaparecendo, aos poucos, ao abeiro das festas patronais.

Os elementos necesarios para xogar os bóllos ó modalidade o canteiro. A bolla e os bóllos quedaban durante a semana mergullados en lama para que non perdesen peso ata a partida do domingo seguinte.

Ao igual que sucede con outras manifestacións da cultura popular e tradicional, os xogos populares teñen unha orixe imprecisa. É posible que algúns nacesen a partir do traballo, nomeadamente labrego –pensemos na carreira de burros ou no lanzamento de pedra- pero outros son difíciles de xustificar desde esta perspectiva, e cabe aventurarles unha orixe na noite dos tempos nunha mestura de ritos máxicos e relixiosos –un dos casos más evidentes é, sen dúbida, o da pita cega, como tamén o é das agachadas-.

Fáltannos, sen dúbida, datos contrastados na maior parte dos casos, pero aos xogos populares non é difícil identificarlles o momento no que viron a luz facendo un mínimo exercicio de fantasia e coñecendo os xeitos de vida, o traballo e os costumes da sociedade concreta que lles serviu de berce. E, se na orixe de determinado xogo non se albisca nin un traballo adulto nin un trasfondo máxico, podemos aínda pensar en algo tan elemental como a casualidade. En efecto, os pelouros só precisan para ser xogados dunhas pequenas pedriñas que se atopan en calquera camiño no medio rural. As insignificantes pedras pasan a ser utilizadas nun momento dado para pasar o tempo, facéndoas voar e recolléndoas; o proceso complica e cada vez son necesarias más mostras de habilidade para, nunha posición difícil, collar o pelouro que voa, ou para realizar outra operación mentres o pelouro está no aire. As regras vanse facendo. O xogo dos pelouros ten nacido. O noso deporte nacional, a estornela ou billarda, que só precisa de dous paos minimamente labrados para ser xogado, puido ter nacido tamén así, por casualidade.

O valor dos xogos na construcción da identidade

Dunha ou doutra maneira, o feito de que o catálogo lúdico popular galego chegase ata os nosos días só ten explicación desde a perspectiva dun profundo proceso de enculturación, por un lado, e desde a constatación dun proceso inconsciente de transmisión

xeración a xeración ao longo dos tempos, por outro. Sexa como for, tamén, o catálogo lúdico tradicional transmite inconscientemente, formas de vida, medos, tabús, crenzas ou maneiras específicas de nos confrontar ao medio. Doutra maneira, os xogos populares e tradicionais que conforman o noso catálogo lúdico específico están impregnados, sen que nos decatemos, da esencia do ser galego. Esta aseveración non entra en contradicción co feito de que existan moitos xogos galegos comúns a outras culturas próximas, e mesmo non tan próximas, pois formas de vida semellantes e un rico intercambio cultural teñen que ter producido similitudes tamén na cuestión lúdica.

Se os xogos portan, pois, trazos da identidade que nos define como pobo, deberemos ver se, xogando, estamos axudando a construir tamén esa identidade na que nos sentimos reflectidos. En efecto, o catálogo lúdico popular e tradicional foi creado polos galegos e polas galegas ao longo dos tempos para provocar a enculturación dos individuos –sobre todo dos máis novos, pero non só-, e ese catálogo contén xogos para todas e cada unha das idades da vida. É feito contrastado, como dixemos, que fomos quen de transmitir xeración a xeración os xogos ao longo dos tempos. A cadea de transmisión dos xogos populares –e de todos os elementos da cultura popular en xeral- mantívose viva ata que, no caso de Galicia e de todo o Estado Español, a sociedade tradicional se viu ameazada nos seus riscos de identidade por un novo modelo de sociedade, producto do desenvolvimentismo da década dos sesenta. Evolución social, emigración, urbanización, progreso, desenvolvimento, internacionalización/uniformización cultural... foron, son, en definitiva, axentes fortes que están provocando a paulatina desaparición dos xogos populares. Recuperar os xogos de sempre, sen embargo, non significa necesariamente correr en contra dos tempos. Non se trata de recuperar formas de vida que quedaron –e moitas veces, felizmente- atrás. Trátase, sen embargo, de lle devolver ao xogo todo o seu valor, de ofertarlle aos nenos e nenas dos nosos días –pero tamén aos adultos- opcións lúdicas nas que realmente quede contrastado que o xogo cumple todas as súas funcións.

Os xogos populares galegos desde a perspectiva evolutiva. Fonte: Veiga, 2001, p. 83.

TIPOS DE XOGOS	ETAPA EVOLUTIVA	ALGÚNS XOGOS
1. XOGOS FUNCIONAIS. 1.1. Iniciáticos lingüísticos. 1.2. Iniciáticos. 1.3. Xogos para adestrar o movemento. 1.4. Xogos funcionais para máis anos.	Ata 3 anos.	Anainas, xogos cantados... Contos acumulativos, recitados... Tacatá, cabalo de pao... Os zancos, o aro, o puño puñete...
2. XOGOS SIMBÓLICOS. 2.1. Xogos para aprender a amar. 2.2. Xogos de imitación da vida adulta. 2.3. Xogos para coñecer a natureza. 2.4. Xogos simbólicos para máis anos.	3 a 6/7 anos.	Bonecas, berces... As casiñas, fulaniño que me matan... Xogos con flores, follas... Policías e ladróns, a cadea...
3. XOGOS DE REGRAS. 3.1. "Armas" populares. 3.2. Xogos para transformar a natureza. 3.3. Xogos de regras.	6/7 a 12/14 anos.	Tirapedras, tiratacos... Muíños de auga, frautas... A chepa, as bolas, o pase misí...
4. PREDEPORTIVOS. SEDENTARIOS. 4.1. Xogos predeportivos. 4.2. Xogos sedentarios.	12/14 a 18 anos.	O marro, a estornela, a porca... As leiriñas, o alquerque...
5. XOGOS-TRABALLO, COMPETICIÓN.	Idade adulta.	Tiro de corda, lanzamento de pedra, o xogo das olas...
6. XOGOS "SOSEGADOS".	Vellez.	A ra, a petanca...

Un país que tente normalizarse –en toda a plenitude do termo- debe concibir tamén un plano global de reintegración dos xogos populares e tradicionais á cadea de producción cultural. Son moitos os axentes –gobierno, universidades, asociacións de base, institucións escolares...- que deben ter un papel reservado nese deseño global. Non obstante, e cinxíndonos ao ámbito da administración local, atrevémonos a sintetizar algunas iniciativas de recuperación das manifestacións lúdicas populares e tradicionais que, non por elementais deben ser menos efectivas.

Recuperar o elo da cadea que rachou. O papel dos concellos

En primeiro termo, se ben contamos en Galicia con diferentes publicacións que foron recompilando –nun labor aínda incompleto- o noso catálogo lúdico, a estratexia más elemental desde a perspectiva local é promover un sínxelo –pero, ao tempo, rigoroso- traballo de investigación que procure a recolleita dos xogos da zona. Nunha segunda fase, ese elenco desorganizado de xogos debe ser catalogado –por idades, polos materiais utilizados, polo lugar onde deban practicarse...- outorgándolle unha forma organizada que permita o seu emprego nas actividades de divulgación. O primeiro paso das iniciativas divulgadoras debe consistir, precisamente, na publicación por calquera medio dese catálogo construído colectivamente, de tal maneira que o resultado da investigación chegue, nun camiño de volta, ás casas, constituindo este feito un mecanismo de

retroalimentación, sen dúbida, de grande importancia. Esta triple estratexia de recompilación-catalogación-divulgación a penas debuxada ata aquí, pode ser realizada tamén –e así está ocorrendo en diferentes puntos do país- coa axuda das asociacións de base da contorna.

Posuér un catálogo de xogos non garante que eses xogos vaian ser practicados, entre outras razóns porque ás veces nin tan sequera existen espacios para poñelos en acción. É absolutamente necesario recuperar os espacios de xogo –espontáneo- nas diferentes cidades, vilas e aldeas de Galicia. É posible que en determinada praza non se poida disputar unha partida de marro na actualidade –como ocorría noutros tempos- porque permanece invadida polos automóbiles de día e de noite. Posiblemente o mesmo suceda nun antigo cruce de camiños rural –hoxe cruce de pistas asfaltadas cunha notable intensidade de tráfico-. Unha política que respecte as necesidades –en canto a medios- das prácticas lúdicas tradicionais pode ter resultados beneficiosos no proceso global de recuperación dos xogos populares e tradicionais que estamos esbozando.

Nos patios escolares, alí onde os concellos teñen algo que dicir ao respecto, deberán reservarse tamén, a carón das canchas dos deportes de masas, terreos para os xogos tradicionais. Pero aínda con máis vehemencia debemos suxerir a ineludible necesidade de que –aínda a carón dos polideportivos ao uso- se constrúan canchas de bóllos, de chave, de porca... Curiosamente, e a pesar do seu escaso custo, trátase dunha iniciativa case inédita en Galicia, aínda



A chave, deporte xenuinamente galego. Diferentes tipos de chaves doutras tantas zonas do país.



A mariola ou truco no patio dunha escola. O deseño pintado no chan é unha permanente invitación a xogar.



Polo San Martiño, trompo no camiño. A habilidade necesaria para ser quen de bailar o trompo comeza xa no momento de vestilo.



O tiratacos, unha das armas populares más usadas. Habilicia para construíla, habilicia para usala... e concienciación pacifista para conxener valores só aparentemente contrapostos.

que si plenamente desenvolvida noutras realidades culturais achegadas.

En Galicia, e en termos xerais, tampouco os parques de xogos infantís reservan espacios para algo tan simple como xogar ao trompo ou á queda. Unha cuestión –en absoluto gravosa desde o punto de vista económico- que resulta subsanable no medio rural, onde aínda se pode xogar en espacios libres, pero que é certamente significativa no medio vilego e urbano, onde non existen outros espacios de xogo que non sexan as pistas polideportivas e os parques infantís –inzados de sofisticados artefactos, case sempre chegados doutras latitudes-. As mesmas consideracións poden ser realizadas no que fai referencia a alamedas e espacios semellantes, xa que é frecuente observar como se deseñan circuitos de hooging, mentres se esquece algo tan elemental e simple como un sinxelo espacio libre onde poida ser practicada a chave.

Razóns de espacio impidéndonos afondar noutros ámbitos de actuación directamente relacionados cos poderes locais, como é o caso das ludotecas ou dos museos comarcas. Non debemos desaproveitar a ocasión, sen embargo, de lembrar que, ademais de poderen contratar enxeños inchables para as celebracións colectivas, os concellos galegos poden contratar tamén –seguramente cunha maior rendibilidade lúdica- empresas e asociacións que comezan a existir e que, a imitación dalgunhas iniciativas vascas semellantes, están en condicións de achegar a calquera lugar de Galicia un catálogo de xogos populares e tradicionais cos que organizar competicións e demostracións públicas para calquera idade.

Un traballo sobre a nosa realidade lúdica en relación coa administración local non pode ser pechado, tampouco, sen amentar a existencia dos deportes populares e tradicionais galegos, toda vez que os concellos do noso país, ademais de organizar as competicións de deportes de masas ao uso, poden e deben convocar tamén competicións cos deportes populares de maior vixencia na súa zona específica –a porca, a estornela, os bólos, o tiro de corda...-. Será só unha maneira máis –sinxela, efectiva, pouco custosa- de facer país.



BIBLIOGRAFÍA

- MORENO PALOS, Cristóbal et al. Aspectos recreativos de los juegos y deportes tradicionales en España. Madrid, Gymnos, 1993.
- VEIGA, Paco. Xogo popular galego, educación e identificación cultural. Santiago, Sotelo Blanco, 2001.



Amantes. Técnica mixta



Amigos. Óleo s/ lenzo



Vanessa Lodeiro

A Coruña (1978)

Estudiou Belas Artes en Pontevedra. A pesares da súa xuventude, xa ten exposto tanto individual como colectivamente, dende 1996 en diversos espacios expositivos galegos. Inspírase para crear, no corpo humano e na súa xestualidade, matizandoo a través da cor e un trazo firme.



Modelos posando. Técnica mixta



Parexa de tres. Técnica mixta

Contacto: 605 320 166

CORPO e EXPRESIÓN: de espectadores a creadores



Roberto Aguete

Lara Varela

*Profesora de Expresión Corporal no Título Propio de Pedagogía Teatral
da Universidade da Coruña.*

...Todo o mundo é capaz de expresarse corporalmente. Non se requieren habilidades especiais por iso non está reservada soamente para os dotados ou iniciados.

Tomás Motos

Introducción

A expresión corporal é unha materia abordada dende varias áreas, entre as que destacan a educación física e o teatro. Na educación física identifícase en numerosas ocasións coa danza e no teatro co ámbito da escena (reservándose, polo tanto, a uns poucos).

Tódalas persoas teñen a posibilidade de expresarse co seu corpo, independientemente da idade ou características persoais... ¡Mírate agora mesmo!: ¿Estás qued@?, ¿Móveste?, ¿Seri@?; ó ler ¿Adoptas unha postura?..., estás a expresarte, a comunicar co teu corpo... isto é linguaxe corporal, o obxecto de estudio da expresión corporal.

O concepto de expresión corporal

Imos definir o que é a expresión corporal e as actividades que engloba, xa que na actualidade existen diversos profesionais procedentes de campos diversos (educación física, teatro, pedagogía...), que dan distintas versións tanto da interpretación conceptual como do tratamiento que deberían ter as actividades expresivo-corporais.

Tomás Motos (1983) define como o conxunto de técnicas que empregan o corpo humano como elemento de linguaxe e que permiten a revelación dun contido de natureza psíquica. Isto é, que o que en nós se ve –o noso corpo-, fala e comunica sobre o que non se ve –o noso pensar-.

Mercedes Mateu (1999) sinala que as actividades corporais de expresión, favorecen conductas de expresión - comunicación dun individuo ou dun grupo, nas cales o sustrato, a base sobre a que se actúa, é o corpo humano e do que o resultado é unha representación estética da realidade, do mundo, no contexto dunha relación entre actores e espectadores. Esto quiere dicir que nas actividades de expresión, as propostas -productos que se orixinen- serán feitos ben individualmente ben en formas colectivas. O corpo, é a materia a modelar de igual xeito que o sustrato da música é o son ou o da pintura a cor. A estética, determina a orixinalidade de cada persoa ou persoas que crean, e a especificidade deste tipo de actividades. O feito de comunicar, vai determinar que exista algún interlocutor ou espectador.

Os conceptos clave, vinculados á expresión corporal son: o CORPO como sustrato de comunicación, o MOVIMENTO como vehículo de transporte, a ESTÉTICA como xeito que adquire a expresión que é propia de cada un e as INTENCIÓNS que persigamos, que van a determinar o resultado do acto expresivo. Por exemplo, se creamos co corpo unha mensaxe que transmita o valor da amizade, esta actividade pode perseguir distintas intencions: coñecerse mellor a sí mesmos, relacionarse cun grupo no caso de que a actividade sexa grupal, experimentar sensacións...

Áreas nas que se traballa a expresión corporal

A expresión corporal foi abordada por diversos enfoques que deron lugar a aplicacións en áreas diferentes, con contidos que tamén difiren en función das intencions, tanto é así que, podemos distinguir entre as seguintes áreas de aplicación (Mateu, 1999):

- Área artística: na que se engloban aqueles espectáculos nos que a forma na que o corpo se move é unha arte. Falamos por exemplo da danza ou do mimo cando a súa finalidade é escénica.

- Área psicolóxica: onde se empregan técnicas corporais (por exemplo, o psicodrama) que serven de terapia reveladora de certos problemas da persoa. É unha forma que, a través do corpo, libera tensións internas que poderían orixinar problemas psicolóxicos...

- Área metafísica: na que se atopan técnicas coma a relaxación ou o ioga entre outras, basadas en filosofías orientais, que buscan empregar o corpo coma medio de unión co espírito.

- Área pedagóxica: as aportacións máis recentes da expresión corporal á pedagogía sublínfanha coma un recurso que serve ó alumno para coñecer máis o seu corpo (formas, movementos, percepcións, sensacións...) así como o xeito de comunicar con él e contribuir á súa educación integral. Este enfoque pódese empregar a partir do 2º ciclo da educación infantil.

No caso de aplicar as actividades de expresión corporal nun grupo concreto de poboación do concello, deberíamos centrar as intencións na área pedagógica antes que achegármonos a outras áreas. Nalgúns ocasions o grupo podería achegarse á área artística, cando existen produtos (representacións) que amosar, non obstante, o enfoque debería seguir mantendo o carácter pedagógico, intentando non perder a visión da educación integral (área pedagógico-artística).

Os ingredientes da expresión corporal

As actividades de expresión corporal deben ter en conta, ó abordá-las na práctica, a posta en marcha dos seus ingredientes (técnica-mente chamados compoñentes) fundamentais, estes son:

- O corpo: ou base sobre a que realizar os movementos (realizar actividades coas mans, a cara, os pés...).

- O espacio: que describe todo o corpo, unha parte del ou varios corpos (realizar movementos en dimensións espaciais –grande, pequeno–).

- O tempo: que empregamos para realizar os movementos (representar unha situación a cámara lenta - rápida).

- A enerxía: ou a forma na que deixamos sair o movemento do noso corpo (realizar accións coma se fósemos robots –controlando a enerxía-, fronte á libre saída de enerxía, coma se non tivésemos control das nosas articulacións).

Tódolos compoñentes descritos son guías para realizar actividades de expresión corporal. Actúan ó mesmo tempo, posto que o noso corpo sempre ocupa un espacio, durante un tempo e cunha determinada enerxía. Sen embargo, ó traballalos na práctica, o docente pode facer maior fincapé nalgún elemento concreto (traballo do corpo), ou abordar diferentes capacidades expresivas para a súa integración en elaboracións más complexas (traballo de personaxes).

Actividades de expresión corporal nos servicios deportivos municipais

Para levar á práctica a teoría sobre expresión corporal e articular este conxunto de actividades, dentro do servicio deportivo municipal é necesario contemplar os seguintes elementos:

- Título da actividade: un nome suxestivo pode facer que as persoas presten maior atención á mesma. Exemplos que se fixeron nal-

gún concellos son "exprésome co meu corpo", "taller de expresión corporal e recreación: o xogo do corpo", "o corpo coma vehículo para a creación" ...

- Grupos de idade ós que vai dirixido: poden realizarse actividades de expresión corporal dende a educación infantil (3 – 6 anos) ata grupos da terceira idade, aínda que si é certo que ata os 18 anos convén realizar grupos de idades homoxéneas cunha marxe de variación de dous anos.

- Contidos a impartir: de entre a diversidade de posibilidades pódense realizar diversos enfoques que varían en función dos obxectivos e dimensión que adquira a actividade. O taller-actividade pode plantexarse con tarefas diversas que incidan nos diferentes compoñentes da expresión corporal (corpo, espazo, tempo ou enerxía), ou ben centrarse nunha técnica concreta (por exemplo o xogo dramático ou a improvisación) e en base á mesma desenvolver os compoñentes para integralos nel.

- Instalación: é recomendable contar cun lugar no que os participantes teñan espacio suficiente para moverse con liberdade. Para obter maior concentración, é importante dispoñer de luz artificial e que a actividade do grupo non poida observarse dende o exterior.

- Número de personas no grupo: para poder traballar comodamente, será necesario contar cun grupo reducido (15 – 20 alumnos), posto que axuda a traballar a comunicación entre os seus integrantes. Para desenvolver actividades deste tipo é moi importante sentirse cómod@ dentro do colectivo e favorecer o desenvolvemento e a autonomía do grupo.

- Materiais: son dependentes das actividades concretas, pero a música é un elemento moi recomendable nas sesións de expresión corporal.

Experiencias similares estanse a facer en diferentes concellos a través dos servicios municipais de deportes:

- Albacete, que oferta un taller de expresión corporal dentro do programa de ocio nocturno "Carretas xove", no que se aproveita para divulgar entre os xoves a campaña de consumo responsable de alcohol "Tí elixes", realizada polo consello local da xuventude en colaboración co plan municipal de drogas.

- Avilés, que desenvolve no programa de apertura de centros un taller de "Expresión Corporal a través da música" para nen@s de Educación Infantil.

- Écija, como "cidade educadora" fai o taller de expresión corporal, coma un instrumento de apoio ó profesorado para a formación integral dos alumnos no que participan tódalas áreas do concello.



BIBLIOGRAFÍA

- Bercebal, F (1999): Un Taller de Drama. Ñaque. Ciudad Real.
- Bercebal, F (2001): El Taller de Teatro. Ñaque. Ciudad Real.
- Cañas, J (1994): Didáctica de la Expresión Dramática. Octaedro. Barcelona.
- Mateu, M; Delgado, C y Troquet, M (1995): 1000 ejercicios y juegos aplicados a las actividades corporales de expresión. Paidotribo. Barcelona.
- Mateu, M (1999): El cuerpo y el movimiento como elementos de expresión y comunicación. Elementos fundamentales de la expresión. Temario de oposiciones de ESO Educación Física. Inde. Barcelona.
- Motos, T (1983): Iniciación a la Expresión Corporal. Humanitas. Barcelona.
- Motos, T (1999): Creatividad dramática. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico Campos Universitario Sur. Santiago de Compostela.

O DEPORTE ADAPTADO

Escolas Deportivas para Eivados



Álvaro Illobre

Encargado da área de deportes da Asociación Sociocultural de Minusválidos Físicos de Ferrol.

O deporte como feito real

A actividade deportiva é un dos elementos básicos para o coidado do corpo, a saúde en xeral, e todo tipo de valores e virtudes humanas, resultando un aumento positivo na calidade de vida e no benestar social.

E seguindo neste contexto a ningunén se lle escapa a importancia que o deporte ten para os eivados, tanto no aspecto rehabilitador, como de integración deportiva e social, e de alta competición. A nosa Comunidade Autónoma está establecendo o marco ideal que permita a integración e normalización dos deportistas discapacitados, pero áfonda queda un longo camiño por percorrer.

Contando coa existencia de leis que promulgan a integración dos eivados no eido social, laboral, educativo, deportivo,... a nosa Comunidade debe plantexarse a integración dos eivados nas súas escolas deportivas. O deporte de base é moi importante para toda a sociedade, e é básico achegar as distintas variedades deportivas ó cidadán, e non o será menos para os eivados que poden atopar nalgúnha especialidade o deporte que mellor se adapte ás súas limitacións.

Situación deportiva dos eivados na Comunidade Galega

O deporte para eivados é bastante xove, iniciándose a súa andadura a principios de século. Na nosa Comunidade tamén leva pouco tempo desenvolvéndose. O inicio da actividade en Galicia está relacionada coa creación de clubes específicos de eivados orientados a unha determinada especialidade deportiva.

Nestes intres os concellos están ocupando un lugar destacado no achegamento do deporte á sociedade, creando, entre outras iniciativas, escolas deportivas. A función principal destas escolas é a de ofertar "deporte para todos", máis que deporte de alta competición. Permiten probar distintas modalidades deportivas nun plano básico. Logo das escolas os interesados en progresar poderan ingresar nalgún clube deportivo.

A planificación das distintas escolas deportivas polos concellos cínguese principalmente a dúas modalidades de xestión: propia ou cedida a algúun clube deportivo. Calquera dos dous sistemas non está incluíndo unha oferta para os eivados dos seus concellos, xa sexa integrándoo nas escolas existentes ou facendo unha específica. Nesta planificación deberían considerar as aportacións de distintas asociacións de eivados que existen nos concellos. Non hai unha boa comunicación entre os concellos e as asociacións, e moitas das actividades fanse sen contar coa opinión e o apoio das asociacións ou clubes deportivos de eivados. Escóitanse as asociacións de eivados cando se trata de eliminacións de barreiras e na loita pola integración laboral. No campo deportivo debería seguirse o mesmo exemplo e contar máis coas asociacións nesta planificación da oferta deportiva. As características propias das modalidades deportivas adaptadas, así como as diferentes peculiaridades de cada discapacidade son mellor coñecidas por estas asociacións ou clubes deportivos.

Na maioría dos concellos os eivados que poden estar participando nestas escolas, son persoas que se achegan pola súa propia vontade de sen seren convocados polos concellos. Os eivados tamén teñen dereito a participar nestas escolas nas que a práctica deportiva supón un grande empurrón na súa rehabilitación física e na súa integración social.

Outro problema que podemos atopar á parte da falta de ofertas, é o incumprimento da Lei de Accesibilidade. A Administración non cumpre os principios básicos desta lei que obliga a deseñar e executar zonas lúdicas e edificacións sen barreiras arquitectónicas. Algúns dos eivados que intentan achegarse ás escolas atópanse con grandes barreiras que poden provocar unha perda de interese pola actividade e, polo tanto, da oportunidade de facer deporte. Non se están facendo planos específicos de actuación no campo dos eivados, como dicíamos, as escolas existentes non teñen previsión a participación dos eivados.

O problema da dispersión xeográfica provoca que moitas veces sexa imposible reunir un número elevado de eivados interesados na práctica deportiva. As xestións dalgunhas escolas deberían facerse dende o plano da Mancomunidad de Municipios ou Comarcas para contar cun número de eivados que permita o aproveitamento da escola deportiva.

As escolas deportivas nas que participan os eivados poden asumir dous formatos: a súa integración nas escolas existentes ou a creación dunha propia para esta poboación. No primeiro caso, faría falta persoal para axudar ós eivados que precisen dalgún tipo de apoio para facer a actividade da escola con aproveitamento. No segundo caso, a organización da proposta dunha ou varias actividades verase moi facilitada se se plantexa a un grupo homoxéneo de eivados.

A pesar das limitacións comentadas, atopamos iniciativas que poñen de manifesto certa melloría na cuestión que nos ocupa: o Concello de Vigo desenvolve un interesante labor a través da súa escola de deporte para eivados na modalidade de baloncesto.

O exemplo vigués

No ano 2002 comezou a súa andadura un proxecto pioneiro na nosa Comunidade. O Concello de Vigo, atendendo ás demandas do clube AMFIV de baloncesto en cadeira de rodas, incluiu na súa oferta deportiva unha escola de baloncesto adaptado. A xestión da escola está cedida ó propio club. O concello participa na escola asumindo os gastos de persoal (un monitor), material e cedendo as instalacións. O Clube AMFIV ocúpase de achegar este deporte ós eivados da Comarca de Vigo e de facer toda a programación das actividades. Os eivados que están participando presentan deficiencias físicas. No proxecto inclúense algúns eivados que non son de Vigo, coa intención de garantir a viabilidade do grupo e compensar carencias existentes en concellos do contorno. A escola funciona o sábado pola mañá, desta maneira conséguese que os pais tamén se involucren na actividade e sexan os que acheguen ós seus fillos ó pavillón.

Neste primeiro ano a escola foi un éxito é pódese dicir que o clube AMFIV e o Concello de Vigo conseguiron que se incorporen á práctica deportiva eivados que estaban nas súas casas sen facer nin-gún tipo de exercicio e que melloren non só no ámbito do deporte, senón tamén na súa vida cotiá. Este pronunciamento pódese ilustrar a través de exemplos concretos: un dos participantes chegou á escola con pouca movilidade e agora desenvólvese mellor coa cadeira, o que se traduciu nunha maior liberdade nos seus movementos pola cidade. Algúns dos participantes con maior progresión desta escola, están a xogar co AMFIV na División de Honra Nacional.

Obxetivos xerais das escolas

Trátase de achega-lo deporte ós eivados coa intención de que o incorporen ós seus hábitos de vida, posto que moitos dispoñen de abundante tempo de lecer. Estamos ante unha ocupación dinámica, activa e profundamente social, o que pode contribuir á alonxar problemas de inactividade ou illamento que derivan en ocasións en depresións e problemas no seu entorno familiar ou social. A importancia do deporte e das escolas deportivas, é acadar que desde moi nenos, lles atraia o deporte e non asuman rutinas de vida vinculadas co sedentarismo e o illamento.

En calquera caso, destácase a necesidade de que os eivados reforcen a súa autoestima e se demostren a sí mesmos o que son capaces de facer. O camiño do deporte é moi válido para a integración social do discapacitado, sempre e cando exista un compromiso da administración e das asociacións para articular unha oferta consistente (e polo tanto sostible) que supoña unha alternativa viable para a ocupación do tempo libre dos discapacitados.

Conclusións

- As escolas deportivas para eivados son necesarias e obrigatorias para os concellos, que deben achegar o máis posible as súas propostas a tódolos cidadáns.
- Na súa planificación deben contar coa colaboración de clubes ou asociacións de eivados.
- A súa xestión pode ser directa ou cedida a un clube ou asociación de eivados.
- Pódense integrar os eivados nos clubes existentes ou crear un específico.
- Deben eliminar as barreiras arquitectónicas que inhabiliten as súas instalacións para a participación dos eivados nas escolas.
- Deben fomentar unha maior comunicación entre o seu concello e as asociacións ou clubes.
- Os seus técnicos deben estar preparados para afrontar o reto da integración.
- Debe contarse con educadores especializados no ámbito dos eivados e persoal de apoio.
- Contar con transporte adaptado en caso de ser necesario, sobre todo cando a escola abrangue Mancomunidades de Municipios ou Comarcas.

En resumo, necesítase unha maior vontade dos concellos de ofertar actividades ós eivados, e unha maior comunicación entre tódolos axentes sociais. O importante é ter esta vontade de cambio e loitar para que se vaia facendo este camiño do cal ánda estamos a dar os primeiros pasos. Esperemos que estas notas non caian en saco roto e dentro duns anos poidamos falar das moitas Escolas para Eivados que existan na nosa Comunidade.



Os PROBLEMAS do FÚTBOL MODESTO, ¿Teñen solución?

Juan A. Armental

*Psicólogo deportivo do Real Club Celta de Vigo S.A.D.
e da Selección Galega de Fútbol Sub'11.*

Cando aceptei escribir este artigo para esta emerxente revista, xurdíu a necesidade de concretar sobre que aspectos centralo. En referencia ó título proposto, non debemos esquecer que as necesidades dos cidadáns no eido do deporte xorden desde moi diversas esferas, incluso desde o fútbol, e por tanto, un tratado destas non é banal.

Non é o meu cometido discorrer neste texto por singraduras propias doutros profesionais nin por temas concretos da vertente psicolóxica. Só pretendo focaliza-la atención e dar a miña opinión sobre as necesidades que observo, desde a máis subxectiva das posicións, no fútbol modesto ó que nos referimos.

Sen saímonos do guión, é preciso avanzar que cando falo de matizes psicolóxicos neste contido falo irremediablemente de "Saúde" con letras maiúsculas, e todas aquelas interpretacións alonxadas deste contexto a bo seguro se mergullarán no desatino. Polo tanto, só pretendo deixar claro que a seguinte exposición con tintes psicolóxicos (repito que isto é Saúde e Benestar), centrarse en localiza-las posibles carencias coas que se atopa no día a día o fútbol modesto dos nosos concellos e o deporte en xeral, e ademais en retar ás corporacións municipais a pór en marcha programas a longo prazo que reduzan as problemáticas influencias coas que se atopan os nosos cativos e cativas.

Cando falamos deste contexto en concreto atribuímoslle un calificativo distintivo: Modesto, Afeccionado ou Amateur. Definen este grupo a inmensa maioría dos practicantes "futboleiros" deste país, tanto de categorías sénior coma de categorías base. O fútbol galego conta cuns 40.000 practicantes federados, dos cales, máis do 95% atrévome a dicir, e penso que me quedo curto, pertencen ó grupo ó que rendimos este espacio. Con estes datos aproximativos de tódalas categorías cronolóxicas e deportivas do fútbol galego, entendo que xa vai sendo hora de comezar a verquer un pouco máis de interés e atención neste grupo particular e na problemática coa que se enfrentan día tras día.

Na análise comparativa deste fútbol co profesional, considero suficiente o dato estatístico que acabo de aportar para xustificar calquera axuda que se precise para o colectivo Modesto. No fútbol profesional, sempre xeralizando os casos, todo se resolve con cartos e resultados satisfactorios. Cartos para uns poucos e resultados para contentar ás masas por uns días ou unhas horas. Do Modesto nos esquecemos, e sen embargo, non percibimos que son os nosos veciños, os nosos fillos, amigos... os que configuran este colectivo. Isto non conta.

Non é inusual escoitar polas rúas, tascas e tertulias dos nosos concellos, críticas constantes á petulancia espontánea dos futbolistas profesionais. ¿Son realmente como nolos amosan? Nós criticamos, eles cobran cantidades descomunais pola nosa atención. Mientras, os nosos veciños ou os nosos fillos pódense estar a duchar en auga fría, cambiarse en condicións antihixiénicas propias dunha guerra, ou practica-lo seu deporte favorito nun espacio que dana a visión. Sinceramente, penso que todos alimentamos esa atmosfera mística na que facemos voar a estes deportistas exitosos e na que nos centramos con xa excesiva dependencia, aínda que as críticas lles van na conta corrente que moitos pagamos. Cando esto ocorre, se produce o mesmo efecto que a carioca que se morde a cola, e ós do noso carón témolos esquecidos ata que nos toque. O xogador profesional se lle atenden tódalas necesidades que teña. Os cartos e a fama, os seus deportivos, as fermosas mulleres desinhibidas procurando os seus soños de berce... debuxan o seu perfil. Iso é o que ansían os nosos cativos. Isto é o que lles ofrecemos. ¿E ós nosos?.

O xogador modesto alónxase deste perfil místico que persegue ó profesional. É un suxeito coma outro calquera (os profesionais tamén o son, aínda que moitos pensen, pola nosa culpa, todo o contrario), que ten ó famoso coma modelo a imitar, pero lamentablemente as súas aptitudes non lle permiten conquistar ese chanzo atractivo do "éxito" ou non teñen idade para o asalto á fama. Non viven do nin para o fútbol (aínda que haxa rapaces que nos fagan dubidar), pero non poden pasar sen el.



Coñeo ambos tipos de futbolista, precisamente porque fun quen de vivir tal situación desde ambas perspectivas de xogador, e podo asegurar que as motivacións que moven a un xogador afeccionado polo xeral son más viscerais e intensas que as que lle moven a un futbolista "da alta esfera". É complicado que atopes un xogador profesional falando de fútbol fóra do seu entorno. Sen embargo, un xogador de categoría rexional pode estar varias horas pensando e falando dunha mesma xogada do adestramento do día anterior ou dun encontro de hai máis dun mes. O xogador menos diestro e dotado, o que está menos suxeito á expectativa de terceiras persoas, entende cada acción acertada coma algo especial, mentres que para o profesional é unha obriga de dada resolución (aínda que tamén disfrute co xogo).

Atopaba preciso sinala-los obxectivos do escrito e a descripción do entorno peculiar do xogador "Modesto" en comparación co seu "compañero rico", pero a xénesis deste artigo está en dar o meu parecer en referencia ás posibles dificultades coas que se atopa este colectivo, e como os concellos da nosa provincia poden intervir. A iso vou.

As principais problemáticas, e subliño que só as principais, que atopo neste contexto, céntranse en 3 aspectos fundamentais:

1.- A xestión dos clubes de fútbol

Seguramente esta se trate da parcela más ingrata de todo este mundo, polo que habería que agradecerelles e felicitarles, ós dirixentes e ós seus colaboradores, a súa implicación nas tarefas que desenvolven. Entendo sen maiores dúbidas que estas persoas deberan percibir compensaciónsalgún tipo, estipuladas por eles mesmos (porcentaxes en función dos ingresos que conseguem para o Clube, en función dos traballos realizados...), o mesmo que os xogadores, o que levaría a unha maior adherencia ós postos que desempeñan. Nos postos de mando dos clubes de Fútbol disponese de todo tipo de persoas coma en botica, e resulta que ás veces

xorde necesidade de ideas, proxectos, coñecementos específicos... do entorno no que se atopan. Hai que recoñecer que xa fan de máis. Téñoo claro, pero sen estenderme en exceso desexo matizar que nestes obxectivos as xuntas directivas poderían ser axudadas nas tarefas más incómodas (xestión económica, busca de recursos institucionais, ofrecemento de servicios, formación de técnicos, asociacionismo entre clubes, diminución nos gastos, coidados materiais...), por parte dos más capaces para iso, os concellos.

2.- A formación dos futbolistas.

Un problema que considero de grande importancia é o feito de que cada vez máis rapaces abandonan o fútbol nos contextos rurais ou urbanos dos que falamos. Situámo-la idade crítica deste suceso, como resolven innumerables estudios, entre os 15 e os 17 anos. Este feito de por sí non deberá de ser preocupante. Pero non debemos esquecer que o abandono dunha actividade require a busca doutra que ocupe o tempo baleiro deixado polo adestramento deportivo. As causas destas saídas poden ser diversas, pero non son tantas como algúén puidera crer: o "maltrato psicolóxico" dos técnicos, o non disfrutar xa coa actividade, non xogar habitualmente... Falar dos destinos, o mesmo que das causas, non é o cometido deste artigo, pero é boa noticia (polo coñecemento e difusión da información que se sabe, existe) que ó sinalar as distintas conductas indeseables (sedentarismo, drogas...) o lector non se sinta sorprendido co dato. Algo se avanzou, pero non fiquemos neste punto do camiño.

As preocupacións municipais habitualmente xorden cando o problema xa está enraizado, pero non contemplan a opción preventiva que puideran realizar cunha aposta firme. Eu non considero este suceso ou esta intervención coma unha opción necesaria, senón coma unha obriga que debemos demandar nas políticas locais e coma un reto para quen lea estas liñas. Por suposto que os clubes son os principais instrumentos para este cambio, pero hai que ter

claro o utilizalos como tal, pois moitos xestores dos clubes modestos entenden a competencia desde o mercadeo de xogadores más que desde a formación da base, e desde este punto todo o proceso vese condicionado.

3.- A formación dos técnicos vs. formación das persoas

Por último, penso que parte do conflito e unha das claves da solución da problemática anterior atópase no nivel de cualificación dos técnicos, monitores e adestradores dos nosos equipos, e sobre todo, falando de grupos en idades críticas, dos técnicos do fútbol base. Non debemos esquecer que de aquí procedemos todos. O neno de hoxe é o futbolista de mañá, pero dun mañá que se atopa más preto do que pensamos, polo que apoiar e impulsar ós cativos debe ser unha inversión persoal de cada quen.

Afortunadamente na actualidade, e espero que este goteo cada vez sexa más significativo, vanse incorporando ás estruturas dos clubes (sobre todo daqueles nos que a dirección está concienciada das necesidades), más profesionais cualificados (xa sexan preparadores físicos, psicólogos deportivos, fisioterapeutas...) que enriquecen a progresión dos rapaces e mitigan as "desfeitas" dos "técnicos de tasca" que pululan por algúns dos nosos clubes.

Ó carón destas problemáticas atopamos un organismo que é quen, se o desexa, de plantar cara desde unha política axeitada, sexan cales sexan as particularidades dos conflictos. Falo dos distintos concellos da nosa provincia. Xa hai moitos que están polo labor de ser precursores de saúde desde unha política independente do goberno que sexa. Moitos xa consideran a formación cultural, deportiva... coma unha obriga de seu, e non coma un aspecto derivable a outros organismos particulares, sociedades, asociacións, clubes... Establecen pautas de execución entre os distintos clubes, asociacións deportivas, particulares interesados... e non deixan que algo tan importante se mergulle na ignorancia dos atrevidos. Alérgome por isto. ¿Atópastes nun concello así?

Entendo necesario que esta problemática, más frondosa do que semella nestas liñas, vaia avanzando cara a especialización dos que se trabucan e corrixe desde o recoñecemento, dos que se informan e teñen claro a onde ir, dos que saben o que perseguen e que precisan... Pero este progreso deberá ter un eixo de arranque. Os concellos, como entidades que nos representan, a través do gabinete, concellería ou departamento de deporte correspondente, teñen a posibilidade de ser quen de inicia-lo cambio desde os eixos superficialmente tratados:

1) Axuda na xestión dos clubes: Os Concellos poderían tende-la súa man ós clubes modestos outorgándolle servicios útiles para o seu funcionamento. O dar cartos trae sempre tras de si a crítica. As cantidades doadas sempre resultan ser insuficientes, e nunca se ten control do seu destino. Penso que a obtención de recursos económicos deberá partir de cada clube, mentres que os concellos poderían volca-los os seus recursos en xestioná-los desprazamentos,

gastos, buscar axudas institucionais, coordina-los espacios para a práctica de todos, coida-los recursos materiais, humanos, e distribuí-los con tino... desta maioría próxima. Estou convencido que estas accións á larga recibirán máis agradecementos que a dotación económica de fácil evaporación actual.

2) Fomenta-lo desenvolvemento dunha cultura deportivo - futbolística axeitada: Enténdese por cultura deportiva unha forma de recoñecerlo propio deporte, de vivilo, de sentilo, de practicalo... Falamos, como xa mencionei anteriormente, de saúde como variable psicolóxica e física. O deportista que sintoniza nesta frecuencia entende o fútbol como algo do que obtén grandes beneficios. É un ofrecemento altruísta onde a competición, xa sexa en adestramentos ou encontros oficiais, é o seu maior atractivo. Esta maneira de percibilo deporte é accesible e aprendible, e no fondo da cuestión poderían estar os concellos amosando as súas intencións. As Escolas Municipais de Fútbol son moi custosas, pero eu entendo que non son precisas. Poden vender politicamente por algún tempo, pero teñen pouca eficacia e unha vida máis curta. Isto é algo que deben dirixir directamente os clubes, como xa fan, pero deben ser orientados por alguém a cambio de tódolos servicios propostos (ou os que se determinen). Sería investir con servicios nos clubes en vez de despilfarrar nunha escola.

3) Formar ós técnicos: os concellos poderían garantir a formación atinada dos seus cidadáns utilizando, coma neste caso, os instrumentos que teñen ó seu alcance (proxecto dirixido á formación dos seus formadores, dos seus técnicos). As políticas municipais de deporte e cultura reflecten o tipo de xente coa que desexan convivir. Potencia-la vida nocturna, as concentracións xuvenís con motivos festeiros, etc., só dirixen ós cidadáns á ignorancia e a hábitos inadecuados e cuestionables. Se o investimento dos concellos apunta cara o deporte, e máis en concreto cara á formación dos técnicos dos seus mozos, xerarase unha maior aceptación do deporte, un maior entendemento do mesmo e un disfrute da práctica maior.

Como observamos, as problemáticas teñen distintos titulares e as solucións poderían estar máis preto do que pensamos: "Habelas hailas". Afortunadamente xa hai clubes, concellos, técnicos... que desde as súas sans inquedanzas, tratan de evolucionar, coma todos nós, desde os erros que cometan. Gustaría coñecer máis proxectos, ou mellor dito, máis realidades, que "atenten" contra o tradicional e dispoñan os seus esforzos en aras de cubrir as necesidades desta maioría esquecida. O Fútbol Modesto, en moitos casos, precisa doutros derroteiros, e estes dependen en grande medida de quen nos goberna, é dicir, de quen reparte sorte. Gustaría que observases ós clubes do teu concello, indagases sobre os seus problemas e necesidades, e se es un deles, abre os ollos, reflexiona, ... e adiante.



SERVICIO de ASESORAMIENTO FÍSICO e DEPORTIVO ó VECIÑO: actividade física para a saúde no Concello de Oleiros

**Dina Asensio
Alejandra M^a Pérez**

*Grupo de Investigación e Promoción da Actividade Física para a Saúde (INEF-Universidade da Coruña).
Servicio Municipal de Deportes do Concello de Oleiros.*

O Servicio de Asesoramento Físico e Deportivo ó Veciño é unha iniciativa coa que se pretende pór a disposición dos veciños, os recursos materiais e humanos do Instituto Nacional de Educación Física de Galicia, achegando á comunidade o coñecemento e os recursos da Universidade. O Servicio Técnico de Deportes do Concello de Oleiros pon en marcha este proxecto en maio de 2003 en colaboración co Grupo de Investigación e Promoción da Actividade Física para a Saúde do INEF de Galicia.

O persoal encargado de prestar este servicio ten formación especializada na área de actividade física e saúde, polo que se encargarán de orientar este servicio a mellora-la saúde e a calidade de vida dos residentes no Concello. Para isto tentarán avaliar las necesidades dos diferentes colectivos ós que se pode dirixi-lo programa e orientalo para atende-lo maior número de persoas posibles. Inicialmente as propostas están dirixidas ós adultos (maiores de 18 anos), elíxese este grupo de idade porque é o que ten menor oferta de actividades, adopta actitudes sedentarias e pode funcionar con autonomía na planificación e realización do seu propio exercicio.

Tradicionalmente as políticas deportivas municipais principalmente ofertaban actividades deportivas dirixidas a nenos en idade escolar, as famosas escolas deportivas municipais. E por outro lado, tamén se apoiaba ós clubes deportivos de competición, constituídos por adolescentes e adultos mozos de sexo predominantemente masculino. Un papel máis activo da muller na vida social e laboral, así como un maior avance tecnolóxico mudou cara a un estilo de vida máis sedentario, á sociedade en xeral, o que implica repercusións



Roberto Aguete

negativas sobre a calidade de vida e o nivel da saúde individual. Cando este preocupante asunto é xeralizable á nosa sociedade estamos ante un problema de saúde pública. Os organismos responsables da saúde pública tentan resolver esta situación pedindo colaboración a aquellas institucións más próximas ós cidadáns, entre elles os concellos.

Sen embargo, e aínda que o concello non debe descoida-lo deporte de competición, é necesario que, sobre todo, promocione o exercicio e a actividade física saudable entre os seus veciños. Este ámbito debe ter un maior peso debido ó maior número de persoas que poden sair beneficiadas.

A nivel académico e científico comezaron a ter difusión xeral importantes estudos que destacaban os beneficios que o exercicio podía aportar á saúde. E naceu un novo concepto de deporte que sustituía o obxectivo de rendemento polo de saúde. Outro paso no coñecemento desvelou que non todo tipo de práctica era válida e que, incluso nalgúns circunstancias, a saúde sufria menos estando un quietiño que facendo exercicios inadecuados ou de forma incorrecta. Pero, ¿qué tipo de exercicio, cantidade e intensidade eran as óptimas para logra-los maiores beneficios, cos mínimos riscos?. A innovación foi a actividade física saudable, é dicir, levar unha vida físicamente activa, que pode suplir en gran medida ó exercicio sistematizado, se falamos en termos de contribución á saúde. Actualmente, debido ás múltiples ocupacións e compromisos, é máis recomendable fomenta-la actividade física saudable, intercalada dentro da vida diaria normal, que aplicar un programa de exercicio para o que moitos veciños "non teñen tempo". As investigacións proseguen para tentar determinar con exactitude os factores da carga máis axeitados, tanto para o exercicio coma para a actividade física.

Polo tanto, nos concellos, ademais do deporte escolar e de competición, tamén se contempla a nova visión do deporte, o exercicio e a actividade física saudable.

O Servicio de Asesoramento Físico e Deportivo ós veciños do Concello de Oleiros é unha proposta orientada dende esta nova visión, para o que se propoñen os seguintes obxectivos xerais:

Primeiro: Educar e concienciar sobre as relacións entre a actividade física, o exercicio e a saúde.

Segundo: Mellora-los hábitos de actividade física dos veciños.

Terceiro: Obter e manter unha condición física saudable das persoas ás que se lle orienta e controla o exercicio físico que practican.

Cuarto: Dotar de autonomía ós usuarios do programa para que planifiquen e realicen o seu propio exercicio.

Quinto: Promove-la utilización de equipamentos e instalacións deportivas municipais.

Sexto: Colaborar con entidades, clubes, asociacións, centros escolares... na promoción do exercicio e a actividade física saudable.

Este Servicio Municipal de Asesoramento Físico e Deportivo iniciouse cunha oficina de información na que os veciños de Oleiros poden resolver calquera dúbida relativa ó exercicio e á actividade física saudable. O proxecto inicial centrouse no "Oleiros en Forma" unha maneira de guiar ós veciños para que inicien un programa de exercicio físico saudable e modifiquen os seus hábitos de vida. O funcionamento podemos sintetizalo do seguinte xeito:

- A primeira cita poden solicitala telefónicamente ou persoalmente no Centro Municipal da Fábrica.

- Nesta primeira cita farase unha entrevista persoal na que se lle entregan os documentos precisos para coñecer-los seus hábitos de vida, especialmente no que se refire á actividade física.

- Nunha segunda visita farase unha avaliación da condición física saudable mediante probas físicas, antropométricas e, se é preciso, avaliacións específicas (posturais, artromusculares...).

- Analizando estes datos entrégaselle un programa de exercicio físico individualizado, adaptado ás necesidades, características e intereses de cada persoa. Tamén se asina un compromiso con cada usuario para modifica-los seus hábitos de vida, facendo algúna actividade diaria que lle reporte beneficios para a súa saúde.

- Despois de tres meses as persoas teñen unha nova entrevista na que entregan a folla de control de exercicio e se repiten as avaliacións necesarias para avaliá-los resultados obtidos.

- Con esta información as persoas reciben unha adaptación do seu programa ademais dos resultados das súas probas que lle motivarán para continuar facendo exercicio e acadar novos obxectivos. Éste é o funcionamento do programa de prescripción individualizada, pero existen outros programas e actividades complementarias coas que este servicio pretende ampliarse para adaptarse constanteamente ás demandas dos veciños. Actualmente realizanse sesións dirixidas para a corrección da execución e control dos exercicios incluídos nos programas.

Tamén, e coma estratexia de adherencia ó exercicio, realizanse actividades colectivas para fomenta-la motivación e o compromiso social, por exemplo, neste momento estase a colaborar coa Escola Municipal de Remo, facendo sesións nas que se presentan as actividades desta especialidade deportiva adaptadas, para mellora-la saúde dos adultos.



Xa estamos a traballar en novos proxectos e actividades de cara a mellora-lo servizo o próximo ano 2004:

- Charlas educativas nos centros escolares co obxectivo de promociona-la actividade física saudable noutros grupos de idade.




- Reunións coas asociacións de veciños das diferentes parroquias para informar-lles sobre o funcionamento deste servizo.

- Equipamento dun ximnasio municipal adaptado para a práctica de exercicio saudable e facilitarlle-o acceso gratuito ós usuarios do "Oleiros en Forma".





xonás



DEPORTE, DESENVOLVEMENTO e PROMOCIÓN TURÍSTICA no CAUREL

Martín Alemparte

Xerente do Grupo de Acción Local Asociación Rio Lor



A Asociación Grupo Local de Desenvolvemento Rural Rio Lor constitúise no ano 1.992 para promover o desenvolvemento rural da serra do Caurel e os municipios fronteirizos. Nela están integrados os concellos lucenses de Bóveda, Folgoso do Courel, Incio, Pobra de Brollón, Quiroga, Ribas do Sil e Samos, e os seus 16.028 habitantes (datos do IGE, 2001) distribuídos ó longo das 126 pedanías que forman este territorio, cunha extensión xeográfica de 1.125 km².

Na actualidade, como entidade xestora da Iniciativa Comunitaria de Desenvolvemento Rural, Leader +, continúa traballando a favor do desenvolvemento da comarca.

En liñas xerais, a base económica da comarca apóiase, fundamentalmente, no sector agrario pouco moderno por unha banda, e no comercio e servicios pola outra. As actividades económicas da zona ó estar en xeral encadradas no sector primario, contar cun escaso desenvolvemento dos sectores industrial e servicios, e carecer de boas canles de elaboración e comercialización, xeran pouco valor engadido á comarca.

Por sectores:

A agricultura da zona caracterízase pola existencia de gran cantidade de explotacións de pequeno tamaño e un número elevado de empresarios con escasa formación e mínima participación do asociacionismo. Isto tradúcese na existencia de explotacións con carácter de subsistencia que non se caracterizan precisamente polo seu dinamismo, cunha produción destinada ó autoconsumo e á alimentación animal, a excepción da produción de castañas, mel e o cultivo do viñedo para a produción do viño. O sub-sector forestal destaca máis pola súa importancia cuantitativa -o 75% da superficie está dedicada ó terreo forestal- que polo aproveitamento moderno e racional do mesmo.

O sector industrial non supera, en xeral, o carácter de empresa familiar. Este sector está condicionado polo insuficiente aproveitamento das materias primas existentes na zona, como elementos xeradores do desenvolvemento industrial. A esta restricción hai que engadir outras como as deficiencias de comunicacións e infraestructuras, a debilidade demográfica, o baixo nivel de formación e capacitación, e a escasa tradición empresarial. Non obstante existe unha importante excepción: o sub-sector da explotación de rochas ornamentais de construcción. En efecto, as explotacións de canteiras de lousa que, a pesares da forte mecanización, precisan unha importantísima man de obra.

O sector servicios pola súa estructura e polas súas características posúe un escaso grao de desenvolvemento cuantitativo, pero sobre todo cualitativo, tal como é de esperar nunha área predominantemente rural e en regresión demográfica. Nos últimos anos constatouse a importancia que neste sector poden presentar os establecementos hostaleiros centrados nun crecente turismo.

A análise da situación socio-económica, permite apreciar a existencia dunha serie de estrangulamentos e desequilibrios que supoñen o principal obstáculo para o normal funcionamento, potenciación e desenvolvemento dos factores e recursos endóxenos que existen na mesma.

Na actualidade encontrámosen diante dunha poboación regresiva, nun franco proceso de envellecemento (máis do 35% dos habitantes superan os 65 anos). Producíuse un descenso da poboación continuo durante os últimos corenta anos, segundo a mesma tendencia que a provincia de Lugo, pero dun xeito más alarmante. En termos cuantitativos, diminuiu a poboación nun 48,84% nos últimos corenta anos (na última década a perda de poboación cifrase nun 19%).



O crecemento vexetativo ou saldo neto entre a natalidade e a mortalidade é negativo en tódolos municipios da comarca. O crecemento natural vexetativo negativo, é o resultado das baixas taxas de natalidade e unhas elevadas taxas de mortalidade. Polo xeral seguen unha dinámica de aumento, polo que a regresión vai continuar por razóns relacionadas coa estructura demográfica.

Este descenso acelerado do crecemento natural ou vexetativo reflexa unha situación demográfica que podemos cualificar como moi grave, por canto a poboación xa perdeu a capacidade para auto renovarse.

Xunto á imparable perda e contínuo envellecemento da poboación, este territorio concentra uns importantísimos recursos físicos (naturais e culturais) que precisan dunha posta en valor para un maior aproveitamento racional dos mesmos. Ó mesmo tempo, e como consecuencia da aplicación dos plans de desenvolvemento rural xunto co auxe e fomento do turismo rural, activo e de natureza, constátase o crecemento da implantación de establecementos de turismo rural na comarca. Estes desenvolven unha actividade económica que se contemplaba nos inicios como un complemento ás explotacións agrarias pero co paso do tempo, obsérvase unha maior profesionalización do sector e dedicación exclusiva ó mesmo. E é aquí onde este colectivo demanda ante os organismos correspondentes, o desenvolvemento do turismo rural na comarca e a súa promoción.

A conxunción destes dous últimos factores, a importancia dos recursos físicos da comarca e o desenvolvemento do turismo rural, activo e de natureza, son os que motivan que a Asociación Río Loroña presentes dentro do seu plan de desenvolvemento, e cara eles van encamiñadas a maior parte das actuacións previstas.

Dunha parte, a posta en valor dos recursos físicos, mediante actuacións promovidas polos concellos que integran a Asociación e pola propia Asociación. Entre outros destácanse ata a data (proxectos que foron incluidos dentro da iniciativa Leader +):

- En Bóveda, o acondicionamento das beiras do río Mao ó seu paso polo núcleo urbano, xunto á limpeza e acondicionamento do antigo camiño Real que vai pola beira do citado río. Á súa vez, e no mesmo complexo a restauración e posta en valor dun antigo muíño fariñeiro, creando deste xeito un entorno natural, con usos turísticos como é o sendeirismo polo tramo de camiño Real acondicionado, e a visita do patrimonio etnográfico recuperado.
- En Quiroga, a creación dun miradoiro Xeolóxico no lugar de Campodolla-Leixazós que permite observar e comprender a través dos paneis informativos instalados, os pregamentos xeolóxicos alí existentes e que son dunha especial relevancia, posto que é un dos maiores monumentos xeolóxicos da península segundo a comunidade científica, e ademáis será o punto de atención especial do Congreso Xeolóxico Internacional a celebrar no ano 2004.
- A rehabilitación integral de aldeas de interese turístico-cultural: Seceda e Cortes, pertencentes ó concello de Folgoso do Caurel; A Cubela, do concello de Ribas do Sil e A Seara, pertencente a Quiroga. A través deste proxecto promovido pola Asociación, serán más de 85 as edificacións situadas nestes núcleos obxecto de rehabilitación, utilizando para isto materiais típicos da zona e mantendo as estruturas constructivas tradicionais, servindo deste modo como focos de difusión do patrimonio arquitectónico rural galego e puntos de interese turístico obrigado da zona.
- Ó mesmo tempo e como medidas de difusión do patrimonio existente (arquitectónico, paisaxístico, etnográfico, cultural, natural...),



trabállase na elaboración dunha guía turística completa da zona e, paralelamente, procederase á sinalización turística dos sete concellos.

Pero, como xa citamos, o auxe do turismo rural, activo e de natura-za, engloba tres piares:

1. TURISMO RURAL, este territorio é inminentemente rural 1.034 km² de zona considerada de alta montaña e 91 km² de zona des-favorecida.

2. DE NATUREZA, da análise da matriz DAFO que se pode aplicar neste territorio, sen dúbida alguma a importancia dos recursos físicos é unha das fortalezas do mesmo. A asociación Río Lor, sitúase no extremo Sureste da provincia de Lugo, limitando coas provincias de Ourense ó Sur e León ó Leste. En contraste cos vales polos que transcorren os ríos da comarca, Sil, Lor, Louzara, Selmo, Cabe, Soldón, Oribio e Quiroga, atópanse as montañas que sobrepasan os 1.200 metros de altitude. O feito de que a comarca teña frondosos e protexidos vales, con diferencias de máis de mil metros de altitude ata as cumes abertas e moi batidas polas inclemencias do tempo; a confluencia dos climas mediterráneo e euro siberiano atlántico; e as vetas de rochas calizas, favorece a aparición e exis-tencia dunha flora rica e variada en toda a serra. Deste xeito no Caurel, está presente máis do 40% de tódalas especies vexetais galegas. Esta diversidade de hábitats e especies, fixo que, na Proposta de Lugares de Interese Comunitario da Rede Natura 2000 feita por Galicia, se incluiran dentro do espacio Ancares-Caurel, máis do 40,6% do ámbito de actuación da Asociación Río Lor.

Os bosques más característicos do Caurel xeralmente aparecen nas ladeiras empinadas de umbría. Nelas mestúranse especies moi

diversas como bidueira, teixo, capudre, carballo, acivro, avelaira. As devesas que perduran no Caurel son as de Rogueira -a mellor conservada-, a de Escrita en Paderne, a do Cervo en Soldón e as de Romero, Riocereixa e Fonteformosa.

A devesa de Rogueira está considerada unha das reservas botánicas con maior biodiversidade de Galicia. En pouco máis de dúas hectáreas foron catalogadas máis de 800 especies. Este interese fixo que nas súas proximidades exista un Centro de Interpretación da Natureza, dependente da Consellería de Medio Ambiente que foi o máis visitado de Galicia no 2002 con casi 6.000 visitantes, e que se atope en proxecto a construción dunha Estación Biolóxica auspiciada pola Universidade de Santiago de Compostela.

Os souts de enormes castiñeiras envolven casi tódalas aldeas do Caurel e forman unha das paisaxes más suxestivas e características de Galicia. A orixe destas formacións probablemente atopase na intensa romanización da zona. Os máis destacados son os de Vilar do Caurel, Parada, Moreda, Mercurín, Ferreirós e Seceda.

3. ACTIVO, e para que así sexa é preciso que se leven a cabo accións de turismo activo. Esta zona, polas súas particulares carac-terísticas, posibilita a práctica de actividades ó aire libre en contacto coa natureza (sendeirismo, rafting, piragüismo, escalada, espeleolo-xía, barranquismo, descenso de canóns, parapente, etc). Dispone da principal materia prima, os recursos naturais, pero fallan as infra-estructuras mínimas que posibiliten a práctica deste turismo activo, e a implantación de empresas de tempo libre que ofrezan ditos ser-vicios ós turistas da zona e, ó mesmo tempo, sirva de complemento da oferta turística dos establecementos de turismo rural exis-tentes, e dos que continúen creándose na comarca posto que aínda existe mercado para iso.



Neste punto é sobre o que a Asociación Río Lor en colaboración con dúas entidades non lucrativas como son o Grupo Espeleolóxico Arcoia e a Asociación Socio Cultural Fonte do Milagro, levará a cabo diversos proxectos que incidirán sobre a práctica de turismo activo.

Por unha banda, o Grupo Espeleolóxico Arcoia con sede en Quiroga, a partir dunha subvención a conceder ó amparo da iniciativa Leader +, obterá os medios materiais necesarios cos que equipar diversas zonas de escalada deportiva, a través da creacción de vías de escalada. A Asociación Río Lor subvencionará a compra de material deportivo do Grupo Espeleolóxico, e este como contrapartida, dotará zonas para a práctica de escalada na comarca do Caurel. Deste xeito, créase unha infraestructura ata a data inexistente, e que unha vez creada poderán ofertar os establecementos de turismo da zona para que os visitantes podan realiza-la escalada deportiva no Caurel. Non só disfrutar da natureza, gastronomía ou patrimonio, senón tamén a práctica de turismo activo en contacto coa natureza. Do mesmo xeito, os integrantes do Grupo Espeleolóxico e por extensión a poboación da zona, poderán levar a cabo sen ter que desprazarse fóra do seu territorio, a práctica do deporte de escalada deportiva.

Noutro ámbito de actuación está a Asociación Socio Cultural Fonte do Milagro, con sede en Froxán (Folgoso do Caurel) que é unha das zonas más dinámicas e activas da comarca. Entre a multitud de actividades que realizan atópase a recuperación de oficios tradicionais (como a Festa da Pisa da Castaña, Festa da Malla, ou a Mostra de Serrados Tradicionais), publicación da Revista Cultural A Candeira, actuacións etnográficas (recuperación Pozo do Tesouro), organización de Certame de Pintura ó Aire Libre etc. Así, a partires da subvención a conceder ó amparo da iniciativa Leader +, dotarase de medios materiais necesarios cos que poder realiza-lo roce, sinalización e mantemento para a práctica de rotas de senderismo no

Caurel. Desta forma, a Asociación Fonte do Milagro, terá os medios materiais cos que acometer dito traballo. Traballo de limpeza, roce e sinalización de rotas que será acometido polos membros desta Asociación.

A partir destas dúas colaboracións, perséguense varios obxectivos do programa de desenvolvemento desta Asociación:

- A implicación da poboación local na aplicación práctica do programa. Ainda que a maior parte dos integrantes destas dúas entidades pertenecen ó grupo de idades comprendidas entre os 18-35 anos -o menor do territorio: 20% da poboación-, o labor desinteresado que están levando a cabo ó intentar contribuir á mellora da calidade de vida da súa zona e á valorización dos recursos naturais da súa terra, débese ter e tense en conta; con esta colaboración, a través da Asociación Río Lor, contribúese a consolidar e apoiar a estes colectivos interesados en preservar os valores tradicionais do mundo rural.
- A colaboración con entidades da zona na realización dos seus proxectos.
- A creación de "infraestructuras" para a práctica de turismo activo, en contacto coa natureza.
- Facilitar a implantación de empresas de tempo libre, ó dispoñer destas "infraestructuras".
- Complementa-la oferta dos establecementos de turismo da zona, contribuíndo a alonga-los períodos medios de estancia coa práctica deste tipo de deportes.
- Valorización do patrimonio natural, posto que coa limpeza das rotas de sendeirismo poderase disfrutar no seu máximo esplendor de dito patrimonio, ó facilita-lo acceso e disfrute do mesmo.
- Efecto estimulante para outras asociacións ou entidades, existentes ou de nova creación para colaborar na mellora da calidade de vida do entorno rural. Advírtase de que en ámbolos dous casos existe unha loable e importante contrapartida por parte do beneficiario da subvención.

Obsérvase o auxe do turismo rural -inda hai un exceso de demanda de turistas- como un dos motores de contribución á fixación da poboación no medio rural. Non obstante queda moito por realizar neste sector na comarca, como é a implantación de empresas de tempo libre. Pero mentras isto non sucede, as iniciativas brevemente descritas, contribúen a encher o baleiro de actividades de turismo activo, en contacto coa natureza.

Vemos pois, como a posibilidade de realizar deportes íntimamente relacionados coa natureza (rafting, piragüismo, sendeirismo, espeleoloxía, descenso de canóns, escalada deportiva,...) contribúe ó desenvolvemento e potenciación do turismo nesta comarca. O tempo, estimúllase a participación dos habitantes da zona ó observar como as institucións colaboran na medida do posible na posta en marcha dos seus proxectos e na satisfacción das súas inquedanzas.





A DORNA: *algo máis que unha embarcación*

Eduardo Iglesias

Presidente da Asociación Cultural "R. e I. Confraría da Dorna"

A Dorna é unha embarcación típica e propia da Ría de Arousa, lugar no que non será difícil atopalas varadas nun porto ou praia, e onde os más vellos do lugar as miman dándolle brea e pintura.

Pero ¿onde están as orixes desta embarcación? Existen distintas acepcións que tratan de esclarecer onde naceu. Nembargantes e despois de coincidir que a súa estructura está baseada no tipo de construcción normanda, herdada das invasións vikingas que sufriu a nosa comunidade no pasado, as primerías referencias escritas dunha dorna están nas Cantigas de Escarnho e Maldizer de Alfonso X o Sabio:

*Trajerei un dormón
E iréi pela marinha,
Vendendo azeit'e farinha*

Estamos falando polo tanto dunha embarcación que leva sucando a Ría de Arousa durante máis de setecentos anos, sen apenas variacións estruturais importantes.

Parece ser, e aquí tamén coinciden os estudiosos das dornas que o formato actual da embarcación deuse por primeira vez na poboación da Illa de Ons, e logo dende alí estendeuse ó Grove, á Illa de Arousa, á Ribeira, e ó resto de poboacións bicadas polas augas do mar de Arousa.

Co paso do tempo a dorna, coma calquera outro elemento de uso cotián, foi adquirindo características propias de cada zona para adaptalas ás necesidades do entorno, e tal vez aí teñámo-la clave da súa supervivencia ata os nosos días. Nembargantes e cos novos tempos esta lonxevidade pode chegar ó seu fin.

No ano 1948 e froito dunha broma, nace en Ribeira a "Real e Ilustre Confraría da Dorna" que nun principio tiña a ben organiza-la Festa da Dorna, que dende hai 56 anos vénse celebrando puntualmente cada 24 de xullo nas prazas, rúas, parques e praias de Ribeira. As características particulares desta festa fan dela un punto de referencia obrigado dentro do percorrido polas festas populares de Galicia, xa que non se pode calificar coma gastronómica, religiosa, ou pagana; quizais o calificativo que a todos nos gusta poñerlle é o de festa mariñeira, porque en cada un dos actos faise eloxio da cultura popular mariñeira, combinándoo e misturándoo coa vontade de dos participantes. Dentro das características particulares que rodean á Festa da Dorna hai que sinalar que -de momento, e que se saiba- é a única festa que fai enxalzamento dun medio de traballo. Xa que non debemos esquecer que a dorna é unha ferramenta que posibilita o acceso ó traballo, e quizais por estar tan fundido co pobo, todos a sentimos coma nosa. É unha festa que dispón dunha linguaaxe propia, con termos e expresións que só se empregan durante os días e nas actividades a celebrar, e que se recollen nun Caderno de Bitácora (programa de actividades) que é

AGENDA 21 DE LA CULTURA*

AGENDA 21

Un compromiso de las ciudades y los gobiernos locales
para el desarrollo cultural

Nosotros, ciudades y gobiernos locales del mundo, comprometidos con los derechos humanos, la diversidad cultural, la sostenibilidad, la democracia participativa y la generación de condiciones para la paz, reunidos en Barcelona los días 7 y 8 de mayo de 2004, en el IV Foro de Autoridades Locales para la Inclusión Social de Porto Alegre, en el marco del Foro Universal de las Culturas – Barcelona 2004, aprobamos esta Agenda 21 de la cultura como documento orientador de las políticas públicas de cultura y como contribución al desarrollo de la humanidad.

I. PRINCIPIOS

1. La diversidad cultural es el principal patrimonio de la humanidad. Es el producto de miles de años de historia, fruto de la contribución colectiva de todos los pueblos, a través de sus lenguas, imaginarios, tecnologías, prácticas y creaciones. La cultura adopta formas distintas, que siempre responden a modelos dinámicos de relación entre sociedades y territorios. La diversidad cultural contribuye a una “existencia intelectual, afectiva, moral y espiritual más satisfactoria para todas las personas” (Declaración universal de la UNESCO sobre la diversidad cultural, artículo 3), y constituye uno de los elementos esenciales de transformación de la realidad urbana y social.
2. Existen claras analogías políticas entre las cuestiones culturales y ecológicas puesto que tanto la cultura como el medio ambiente son bienes comunes de la humanidad. La preocupación ecológica nace de la constatación de un modelo de desarrollo económico excesivamente depredador de los recursos naturales y de los bienes comunes de la humanidad. Río de Janeiro, 1992, Aalborg 1994 y Johannesburgo, 2002 han constituido los principales hitos de un proceso que intenta dar respuesta a uno de los retos más importantes de la humanidad, la sostenibilidad ecológica. La situación actual presenta evidencias suficientes que la diversidad cultural en el mundo se halla en peligro debido a una mundialización estandarizadora y excluyente. La UNESCO afirma: “Fuente de intercambios, fuente de innovación y de creatividad, la diversidad cultural es tan necesaria para el género humano como la biodiversidad para los seres vivos” (Declaración universal de la UNESCO sobre la diversidad cultural, artículo 1).
3. Los gobiernos locales reconocen que los derechos culturales forman parte indisociable de los derechos humanos y toman como referencia básica la Declaración Universal de los Derechos Humanos (1948), el Pacto Internacional Relativo a los Derechos Económicos, Sociales y Culturales (1966) y la Declaración Universal de la UNESCO sobre Diversidad Cultural (2001). En tal sentido, se ratifica que la libertad cultural de los individuos y las comunidades resulta condición esencial de la democracia. Ninguna persona puede invocar la diversidad cultural

* Compromiso xurdido na I^a Reunión Pública Mundial da Cultura en Porto Alegre (2002) e que culminou coa súa aprobación no IV Foro de Autoridades Locais de Porto Alegre en Barcelona, no marco do Fórum Universal das Culturas de Barcelona 2004. Posteriormente, deberá ser presentada para a súa ratificación perante a ONU/UNESCO no Foro Urbano Mundial de Nacións Unidas a celebrar en Barcelona no mes de setembro de 2004. Aportamos o texto en castelá, para respectar o seu contido literal, tal e como foi presentado perante os asistentes ao devandito Foro.

para atentar contra los derechos humanos garantizados por el derecho internacional ni para limitar su alcance.

4. Los gobiernos locales se constituyen como agentes mundiales de primer orden, en tanto defensores y promotores del avance de los derechos humanos. Además son portavoces de la ciudadanía mundial y se manifiestan a favor de sistemas e instituciones internacionales democráticos. Los gobiernos locales trabajan conjuntamente en red, intercambiando prácticas, experiencias y coordinando sus acciones.
5. El desarrollo cultural se apoya en la multiplicidad de los agentes sociales. Los principios de un buen gobierno incluyen la transparencia informativa y la participación ciudadana en la concepción de las políticas culturales, en los procesos de toma de decisiones y en la evaluación de programas y proyectos.
6. La indispensable necesidad de crear las condiciones para la paz debe caminar junto a las estrategias de desarrollo cultural. La guerra, el terrorismo, la opresión y la discriminación son expresiones de la intolerancia que deben ser condenadas y erradicadas.
7. Las ciudades y los espacios locales son un marco privilegiado de la elaboración cultural en constante evolución y constituyen los ámbitos de la diversidad creativa, donde la perspectiva del encuentro de todo aquello que es diferente y distinto (procedencias, visiones, edades, géneros, etnias y clases sociales) hace posible el desarrollo humano integral. El diálogo entre identidad y diversidad, individuo y colectividad, se revela como la herramienta necesaria para garantizar tanto una ciudadanía cultural planetaria como la supervivencia de la diversidad lingüística y el desarrollo de las culturas.
8. La convivencia en las ciudadanías implica un acuerdo de responsabilidad conjunta entre ciudadanía, sociedad civil y gobiernos locales. El ordenamiento jurídico resulta fundamental pero no puede ser la única regulación de la convivencia en las ciudades. Como afirma la Declaración Universal de los Derechos Humanos (artículo 29): "Toda persona tiene deberes respecto a la comunidad, puesto que sólo en ella puede desarrollar libre y plenamente su personalidad".
9. El patrimonio cultural, tangible e intangible, es el testimonio de la creatividad humana y el substrato de la identidad de los pueblos. La vida cultural contiene simultáneamente la riqueza de poder apreciar y atesorar tradiciones de los pueblos, con la oportunidad de permitir la creación y la innovación de sus propias formas. Esta característica rechaza cualquier modalidad de imposición de patrones culturales rígidos.
10. La afirmación de las culturas, así como el conjunto de las políticas que se han puesto en práctica para su reconocimiento y viabilidad, constituye un factor esencial en el desarrollo sostenible de ciudades y territorios en el aspecto humano, económico, político y social. El carácter central de las políticas públicas de cultura es una exigencia de las sociedades en el mundo contemporáneo. La calidad del desarrollo local requiere la imbricación entre las políticas culturales y las demás políticas públicas -sociales, económicas, educativas ambientales y urbanísticas.
11. Las políticas sociales deben encontrar un punto de equilibrio entre interés público y privado, vocación pública e institucionalización de la cultura. Una excesiva institucionalización, o la excesiva prevalencia del mercado como único asignador de recursos culturales, comporta riesgos y obstaculiza el desarrollo dinámico de los sistemas culturales. La iniciativa autonómica de los ciudadanos, individualmente o reunidos en entidades y movimientos sociales, es la base de la libertad cultural.

12. La adecuada valoración económica de la creación y difusión de los bienes culturales –de carácter aficionado o profesional, artesanal o industrial, individual y colectivo- se convierte, en el mundo contemporáneo, en un factor decisivo de emancipación, de garantía de la diversidad y, por tanto, en una conquista del derecho democrático de los pueblos a afirmar sus identidades en las relaciones entre las culturas. Los bienes y servicios culturales, tal como afirma la Declaración universal de la UNESCO sobre la diversidad cultural (artículo 8), “por ser portadores de identidad, de valores y de sentido, no deben ser consideradas mercancías o bienes de consumo como los demás”. Es necesario destacar la importancia de la cultura como factor de generación de riqueza y desarrollo económico.
13. El acceso al universo cultural y simbólico en todos los momentos de la vida, desde la infancia hasta la vejez, constituye un elemento fundamental de formación de la sensibilidad, la expresividad, la convivencia y la construcción de ciudadanía. La identidad cultural de todo individuo es dinámica.
14. La apropiación de la información y su trasformación en conocimiento por parte de los ciudadanos es un acto cultural. Por lo tanto, el acceso sin distinciones a los medios de expresión, tecnológicos y de comunicación y la constitución de redes horizontales fortalece y alimenta la dinámica de las culturas locales y enriquece el acervo colectivo de una sociedad que se basa en el conocimiento.
15. El trabajo es uno de los principales ámbitos de la creatividad humana. Su dimensión cultural debe ser reconocida y desarrollada. La organización del trabajo y la implicación de las empresas en la ciudad o el territorio deben respetar esta dimensión como uno de los elementos fundamentales de la dignidad humana y del desarrollo sostenible.
16. Los espacios públicos son bienes colectivos que pertenecen a todos los ciudadanos. Ningún individuo o grupo puede verse privado de su libre utilización, dentro del respeto a las normas adoptadas en cada ciudad.

II. COMPROMISOS

17. Establecer políticas que fomenten la diversidad cultural a fin de garantizar la amplitud de la oferta, y fomentar la presencia de todas las culturas, y especialmente de las minoritarias o desprotegidas en los medios de comunicación y difusión, fomentando las coproducciones y los intercambios, y evitando posiciones hegemónicas.
18. Apoyar y promover, mediante diferentes medios e instrumentos, el mantenimiento y ampliación de los bienes y servicios culturales, buscando la universalización del acceso a éstos, la ampliación de la capacidad creativa de todos los ciudadanos, la riqueza que representa la diversidad lingüística, la exigencia artística, la búsqueda de nuevas formas de expresividad y la experimentación con los nuevos lenguajes, la reformulación y la interacción de las tradiciones, los mecanismos de gestión cultural que detecten los nuevos movimientos culturales, el nuevo talento artístico y lo potencien para que pueda llegar a su plenitud. Los gobiernos locales manifiestan su compromiso con la generación y ampliación de públicos y la participación cultural como elementos de una ciudadanía plena.
19. Implementar los instrumentos apropiados, para garantizar la participación democrática de los ciudadanos en la formulación, el ejercicio y la evaluación de las políticas públicas de cultura.

20. Garantizar la financiación pública de la cultura mediante los instrumentos necesarios. Entre ellos cabe destacar la financiación directa de programas y servicios públicos, el apoyo a actividades de iniciativa privada a través de subvenciones, así como aquellos modelos más nuevos tales como microcréditos, fondos de riesgo, etc. Igualmente, cabe contemplar el establecimiento de sistemas legales que faciliten incentivos fiscales a las empresas que inviertan en la cultura, siempre teniendo en cuenta el respeto al interés público.
21. Constituir espacios de diálogo entre las diferentes opciones espirituales y religiosas que conviven en el territorio local y de éstas con el poder público, con el fin de asegurar el derecho de libre expresión y una convivencia armónica.
22. Promover la expresividad como una dimensión básica de la dignidad humana y de la inclusión social, sin prejuicio de razones de género, edad, etnia, discapacidad, pobreza o cualquier otra discriminación que imposibilite el pleno ejercicio de las libertades. La lucha contra la exclusión es la lucha por la dignidad de todas las personas.
23. Promover la continuidad y el desarrollo de las culturas locales originarias, portadoras de una relación histórica e interactiva con el territorio.
24. Garantizar la expresión y la participación de las personas con culturas procedentes de la inmigración o arraigadas originariamente en otros territorios. Al mismo tiempo, los gobiernos locales se comprometen a poner los medios para que las personas inmigrantes accedan a la cultura de la comunidad de acogida y participen en ella. Este compromiso recíproco es el fundamento de los procesos de convivencia e interculturalidad que, de hecho, sin este nombre, ha contribuido a configurar la identidad de cada ciudad.
25. Promover la implementación de formas de “evaluación del impacto cultural” para considerar, con carácter preceptivo, las iniciativas públicas o privadas que impliquen cambios significativos en la vida cultural de las ciudades.
26. Considerar los parámetros culturales en la gestión urbanística y en toda planificación territorial y urbana, estableciendo leyes, normas y los reglamentos necesarios que aseguren la protección del patrimonio cultural y local y la herencia de las generaciones antecesoras.
27. Promover la existencia de los espacios públicos de la ciudad y fomentar su uso como lugares culturales de relación y convivencia. Promover la preocupación por la estética de los espacios públicos y en los equipamientos colectivos.
28. Implementar acciones que tengan como objetivo la descentralización de las políticas y de los recursos destinados al área cultural, legitimando la originalidad creativa de las llamadas periferias, favoreciendo a los sectores sociales vulnerables, defendiendo el principio del derecho a la cultura y al conocimiento de todos los ciudadanos sin discriminaciones de ningún tipo. Esta determinación no habrá de soslayar las responsabilidades centrales y, particularmente, las que refieren a la necesaria financiación que requiere todo proyecto de descentralización.
29. Promover, particularmente, la coordinación entre las políticas culturales de los gobiernos locales que comparten un mismo territorio, en un diálogo que valorice la identidad de cada uno, su contribución al conjunto y la eficiencia de los servicios puestos a disposición de la ciudadanía.
30. Potenciar el papel estratégico de las industrias culturales y los medios de comunicación locales, por su contribución a la identidad local, la continuidad creativa y la creación de empleo.

31. Promover la socialización y el acceso a la dimensión digital de los proyectos y del acervo cultural local o universal. Las tecnologías de la información y la comunicación se deben utilizar como herramientas capaces de poner el conocimiento cultural al alcance de todos los ciudadanos.
32. Implementar políticas que tengan como objetivo la apertura de medios de comunicación públicos en el ámbito local, así como su desarrollo de acuerdo con los intereses de la comunidad siguiendo los principios de pluralidad, transparencia y responsabilidad.
33. Generar los mecanismos, instrumentos y recursos para garantizar la libertad de expresión.
34. Respetar y garantizar los derechos morales de los autores y de los artistas y su justa remuneración.
35. Invitar a creadores y artistas a comprometerse con las ciudades y los territorios; identificando problemas y conflictos de nuestra sociedad, mejorando la convivencia y la calidad de vida, ampliando la capacidad creativa y crítica de todos los ciudadanos y, muy especialmente, cooperando para contribuir a la resolución de los retos de las ciudades.
36. Establecer políticas e inversiones que fomenten la lectura y la difusión del libro, así como el pleno acceso de toda la ciudadanía a la producción literaria global y local.
37. Favorecer el carácter público y colectivo de la cultura, fomentando el contacto de los públicos en la ciudad en todas aquellas manifestaciones que facilitan la convivencia: espectáculos en vivo, cine, fiestas, etc.
38. Generar instancias de coordinación entre las políticas culturales y educativas, impulsando el fomento de la creatividad y la sensibilidad, y la relación entre las expresiones culturales del territorio y el sistema educativo.
39. Garantizar el disfrute de los bienes y servicios culturales a las personas con discapacidad, facilitando el acceso de estas personas a los equipamientos y actividades culturales.
40. Promover las relaciones entre equipamientos culturales y entidades que trabajan con el conocimiento, con las universidades, los centros de investigación y las empresas investigadoras.
41. Fomentar los programas dirigidos a divulgar la cultura científica y la tecnología entre todos los ciudadanos; especialmente, si se considera que las posibles aplicaciones de los nuevos conocimientos científicos generan cuestiones éticas, sociales, económicas y políticas que son de interés público.
42. Establecer instrumentos legales e implementar acciones de protección del patrimonio cultural por medio de inventarios, registros, catálogos y todo tipo de actividades de promoción y difusión tales como exposiciones, museos, itinerarios, etc.
43. Proteger, revalorizar y difundir el patrimonio documental generado en el ámbito de la esfera pública local/regional, por iniciativa propia o asociándose con entidades públicas y privadas, incentivando la creación de sistemas municipales y regionales con esta finalidad.
44. Trabajar para abrir al libre descubrimiento de los patrimonios culturales a los habitantes de todas las regiones del planeta. Así mismo promover, en relación con los profesionales del sector, un turismo respetuoso con las culturas y las costumbres de las localidades y territorios visitados.

45. Desarrollar e implementar políticas que profundicen en los procesos de multilateralidad, basados en el principio de la reciprocidad. La cooperación cultural internacional es una herramienta indispensable en la constitución de una comunidad humana solidaria, que promueve la libre circulación de artistas y operadores culturales especialmente a través de la frontera norte-sur, como una contribución esencial para el diálogo entre los pueblos, para la superación de los desequilibrios provocados por el colonialismo y para la integración interregional.

III. RECOMENDACIONES

A LOS GOBIERNOS LOCALES

46. Invitar a todos los gobiernos locales a someter este documento a la aprobación de los órganos de gobierno municipal y a realizar un debate más amplio con la sociedad local.
47. Asegurar la centralidad de la cultura en el conjunto de las políticas locales, impulsando la redacción de agendas 21 de la cultura en cada ciudad o territorio, en coordinación estrecha con los procesos de participación ciudadana y planificación estratégica.
48. Realizar propuestas de concertación sobre los mecanismos de gestión de la cultura con los otros niveles institucionales respetando el principio de subsidiariedad.
49. Realizar, antes del año 2006, una propuesta de sistema de indicadores culturales que dé cuenta del despliegue de esta Agenda 21 de la Cultura, a partir de métodos generales de manera que se pueda facilitar el seguimiento y la comparabilidad.

A LOS GOBIERNOS DE ESTADOS Y NACIONES

50. Establecer los instrumentos de intervención pública en el campo cultural teniendo en cuenta el aumento de las necesidades ciudadanas relacionadas con este campo, la insuficiencia de programas y recursos actualmente existentes y la importancia de la desconcentración territorial en las asignaciones presupuestarias. Asimismo, es preciso trabajar para asignar un mínimo de 1% del presupuesto nacional para la cultura.
51. Establecer los mecanismos de consulta y concertación con los gobiernos locales, directamente, o mediante sus redes y federaciones, en el establecimiento de nuevas legislaciones, reglamentaciones y sistemas de financiación en el campo cultural.
52. Evitar la celebración de acuerdos comerciales que condicione el libre desenvolvimiento de la cultura y el intercambio de bienes y servicios culturales en igualdad de condiciones.
53. Aprobar disposiciones legales para evitar la concentración de las industrias de la cultura y de la comunicación, y promover la colaboración, especialmente en el ámbito de la producción, con las instancias locales y regionales.
54. Garantizar la adecuada mención del origen de los bienes culturales expuestos en nuestros territorios, y adoptar medidas para impedir el tráfico ilícito de bienes pertenecientes al patrimonio histórico de otros pueblos.
55. Aplicar a escala estatal o nacional los acuerdos internacionales sobre diversidad cultural, y muy

especialmente la "Declaración universal de la UNESCO sobre la diversidad cultural", aprobada en la 31^a Conferencia General, en noviembre de 2001, y el "Plan de Acción acordado en la Conferencia Intergubernamental de Estocolmo (1998) sobre Políticas culturales para el desarrollo.

A LAS ORGANIZACIONES INTERNACIONALES

ORGANIZACIONES DE CIUDADES

56. A Ciudades y Gobiernos Locales Unidos, adoptar esta Agenda 21 de la cultura como documento de referencia de sus programas culturales y asumir un papel de coordinación del proceso posterior a su aprobación.
57. A las redes continentales de ciudades y gobiernos locales (especialmente aquellas que impulsaron la concreción de esta Agenda 21 tales como: Interlocal, Eurocities, Sigma, Mercociudades, entre otras), considerar este documento dentro de sus programas de acción política y técnica.

AGENCIAS Y PROGRAMAS DE NACIONES UNIDAS

58. A UNESCO, reconocer esta Agenda 21 de la cultura como documento de referencia o Convención sobre la Diversidad Cultural prevista para 2005.
59. A UNESCO, reconocer las ciudades como los territorios donde se traducen los principios de la diversidad cultural, especialmente aquellos aspectos relacionados con la convivencia, la democracia y la participación, y establecer los mecanismos de participación de los gobiernos locales en sus programas.
60. Al Programa de Naciones Unidas para el Desarrollo (PNUD), profundizar en los análisis sobre cultura y desarrollo e incorporar indicadores culturales en los cálculos del índice de desarrollo humano (IDH).
61. Al Departamento de Asuntos Económicos y Sociales – División de Desarrollo Sostenible, como responsable del seguimiento de la Agenda 21, desarrollar una dimensión cultural de la sostenibilidad siguiendo los principios y los comportamientos de esta Agenda 21 de la Cultura.
62. A Naciones Unidas – HABITAT, considerar este documento como fundamentación de la importancia de la dimensión cultural de las políticas urbanas.
63. Al Comité de Naciones Unidas para los Derechos Económicos, Sociales y Culturales, incluir la dimensión urbana en sus análisis de las relaciones entre los derechos culturales y el resto de derechos humanos.

ORGANIZACIONES INTERGUBERNAMENTALES Y SUPRANACIONALES

64. A la Organización Mundial del Comercio, excluir los bienes y servicios culturales de sus rondas de negociación. Las bases de los intercambios de bienes y servicios culturales deben ser establecidos en un nuevo instrumento jurídico internacional como la Convención sobre la Diversidad Cultural prevista para el 2005.

65. A las organizaciones continentales (Unión Europea, Mercosur, Unión Africana, Asociación de Naciones del Sudeste Asiático), incorporar la cultura como pilar básico de su construcción. Respetando las competencias nacionales y la subsidiariedad, es necesaria una política cultural continental basada en los principios de la legitimidad de la intervención pública en la cultura, la diversidad, la participación, la democracia y el trabajo en red.
66. A los organismos multilaterales establecidos a partir de afinidades culturales (por ejemplo, Consejo de Europa, Liga de Estados Árabes, Organización de Estados Iberoamericanos, Organización Internacional de la Francofonía, Commonwealth, Comunidad de Países de Lengua Portuguesa, Unión Latina) promover diálogos y proyectos conjuntos que permitan avanzar en una mayor comprensión entre las civilizaciones y en la generación de mutuo conocimiento y confianza, base de la paz.
67. A la Red Internacional de Políticas Culturales (estados y ministros de cultura) y a la Red Internacional para la Diversidad Cultural (asociaciones de artistas), considerar a las ciudades como territorios fundamentales de la diversidad cultural, establecer los mecanismos de participación de los gobiernos locales en sus trabajos e incluir los principios recogidos en esta Agenda 21 de la cultura en sus planes de actuación.

Barcelona, 8 de mayo de 2004



todo un exercicio de imaxinación e bo humor. Tamén, coma nas grandes celebracións, dispón dun himno con letra e música que entonan os dorneiros e soa polas rúas tódolos anos o 24 de xullo; todo isto, aderezado con variadas, imaxinativas e tracidionais actividades, converten os días previos ó Día da Dorna nunha das festas más populares de Galicia.

A dorna viviu o seu esplendor nos anos 50 e 60 do século pasado, onde aumentou a súa utilidade coa chegada dos primeiros motores foraborda -perfectamente acoplados cunha pequena adaptación da popa- dándolle moita más mobilidade e seguridade que a tradicional vela latina. Os anos 80 e sobre todo os 90, coa chegada das planeadoras de poliéster e a nova regulación da seguridade marítima, supuxeron un duro farallón administrativo no que moitas dornas embarrancaron.

A competencia das planeadoras fronte á dorna é similar á de David e Goliat, mentres unhas son lixeiras, permiten moita capacidade de carga, acceden con facilidade a zonas rochosas e o manteremento é mínimo, as segundas ademais de partir con desventaxa no comentado, atopáronse co trámite burocrático das inspeccións de seguridade, que se ben redundaban nun maior control da seguridade dos tripulantes, veu afondar un pouco na crise que pode chegar a afundir esta embarcación.

Os medios de deseño náutico dos nosos antepasados baseábanse na experiencia dos errores, e non en infinidad de cálculos matemáticos de curvas de resistencia, tensión dos paus, anclaxes do velame, etc. Ante este panorama é evidente que calquera embarcación tradicional que conserva a construción de hai setecentos anos é incapaz de adaptarse á normativa, sen sufrir importantes modificacións que porían en perigo o encanto das liñas básicas da construción. A pesar disto, a dorna soubo superar con éxito este risco dun xeito tan doado como é o de incorporarlle unha serie de flotadores baixo as balderas da cuberta, na proa e na popa; así gánzase en seguridade e adáptase a embarcación ós requisitos do lexislador.

Pero o verdadeiro Talón de Aquiles da dorna estaba no propio descoñecemento da embarcación. Se é ben certo que está moi próxima ás xentes da ría; todo o mundo sabe o que é unha dorna, moi poucos -só os mais vellos do lugar- eran capaces de navegar á vela igual que se viña facendo durante toda a historia da dorna ata os anos 50. Neste punto é onde a Real e Ilustre Confraría da Dorna e outras asociacións da Ría de Arousa xogan de novo un papel importante.

No ano 1991 esta Confraría, constitúese coma asociación cultural para ter unha maior base social e apoio institucional (ata entón e pese a actuar coma organización, non estaba constituída legalmente), fixándose coma unha das fins -ademais de organiza-la consabi-



da Festa da Dorna-, a "recuperación e promoción da embarcación típica da Ría da Arousa chamada Dorna". Ó ano seguinte –1992– lévase a cabo a botadura da "Virxe do Carme" a primeira dorna do tipo Xeiteira; que tocaba auga logo de estar desaparecida unhas décadas.

Con esta primeira embarcación decídense poñer en marcha a Escola de Vela, que funcionaría coma unha sección da asociación encargada de promover a navegación en dorna a vela. Tal foi o éxito da acollida entre os socios e aficionados que as seguintes embarcacións: "Arroutada" (unha dorna trasmalleira de nove cuartas), "Jalerna" (outra dorna xeiteira), e a "Nai" (dorna do tipo nai, a medio camiño entre unha dorna e os actuais 'cruceiros' de competición), chegaron en anos sucesivos.

Cada ano a Real e Ilustre Confraría da Dorna continúa achegando a navegación a vela a novos alumnos, entre os que abundan os xoves, o que garante que a arte de cazar os ventos da ría permanecerá vivo por moitos anos.

Algunas particularidades saídos desta Escola de Vela aventurearonse a mercar a súa dorna e a participar nas regatas que durante a tempada de verán se veñen celebrando en toda a ría, auspiciadas por asociacións culturais e deportivas. Estas regatas, que hai anos eran algo testemuñal, nesta última década experimentaron unha eclosión espectacular precisamente polo coñecemento da arte da navegación, pola proliferación de asociacións adicadas ó ensino e disfrute das dornas, e nas que algúns clubes náuticos se subiron ó carro, montando seccións de dornas.

Froito do camiño emprendido cara a recuperación e achegamento das dornas e en xeral as embarcacións tradicionais á xente, no ano 1993 celebrase o I Encontro de Embarcacións Tradicionais, en Ribeira, coa participación de numeroso público e integrantes doutras asociacións e clubes do Cantábrico e Portugal, coa fin común de

manter viva a tradición mariñeira. Toma corpo tamén nese ano a constitución da Federación Galega pola Cultura Mariñeira, integrada en principio por asociacións que desexaban conservar o patrimonio marítimo do que Galicia pode presumir. Na actualidade os Encontros de Embarcacións Tradicionais, seguen a se celebrar con carácter trienal e itinerante, sendo un rotundo éxito en cada edición e superando sempre en participación e visitantes á edición anterior. Isto danos fé da necesidade de coñecementos que o pobo ten neste campo e que dende as asociacións e de xeito altruista tentamos facilitar, manter e conservar.

Nembargantes, o futuro antóllase incerto para as dornas xa que na actualidade -e salvo erro- só queda un constructor de dornas na parroquia de Aguiño, fillo e neto doutros constructores de dornas. Garda toda a sabiduría necesaria para convertir un fato de madeiras nunha obra de arte. ¿Que ocorrá cando Domingo Ayaso deixe de construir e reparar dornas? Só o tempo sabe se será sustituido ou con él rematará un oficio e parte do patrimonio cultural marítimo de Galicia.

Parece mentira que durante séculos a dorna se empregase coma unha ferramenta de traballo (moi querida, xa que se nos fixamos tódalas dornas teñen nomes femininos) e co paso do tempo rematou sendo un medio de lecer e esparcimento, que se aproveita para o deporte a través das competicións de regata e incluso de pesca, no que tras parecer que se abocaba a un túnel sen saída, atopóuse unha nova fin e –porque non- un novo comezo. Quizás a navegación en dorna, a vela, nunca chegue a ser deporte olímpico. Pero a sensación do ruxir do pau cando purra o vento na vela, o golpeteo do mar nas amuras, e as subidas e baixadas da relinga... Ese pracer só o disfrutaremos os que nos acheguemos a unha dorna e nos deixemos abalar polas tranquilas augas da Ría de Arousa.





Roberto Agüete

A CONTROVERSIA entre a OFERTA PÚBLICA e a PRIVADA nas ACTIVIDADES FÍSICAS e DEPORTIVAS

Susana V. Fraguela

Xornalista

A importancia, cada vez maior, da práctica de algún tipo de actividade física entre a poboación e a proliferación de ofertas, tanto públicas como privadas, para cubrir unha demanda crecente está a xerar unha forte polémica entre os empresarios dos ximnasios e as áreas de deportes de concellos, deputacións e outras administracións. Os tribunais teñen a palabra, ¿onde están os límites?

A finais do século XX o culto ó corpo convertiuse nunha máxima nas sociedades desenvolvidas. A busca da eterna xuventude deu comezo. Xornadas maratonianas nos ximnasios, horas e horas de sacrificiado esforzo, dietas draconianas para poñer a punto a máquina. Todo esforzo era válido para ter un aspecto magnífico. Pouco a pouco, sen embargo, as prioridades foron cambiando. Médicos, terapeutas, e educadores físicos lograron que se comprendese a importancia do coidado do corpo na prevención de enfermidades, o retraso do envellecemento e, en xeral, na procura dunha mellor calidade de vida. Xa instalados no século XXI, poucos descoñecen, nas sociedades desenvolvidas, a importancia de facer exercicio.

Coa concienciación colectiva das bondades do exercicio, comeza unha demanda crecente das actividades físicas e deportivas. Os expertos recomiendan que cada un busque o que máis lle guste de acordo coas súas características físicas, a súa idade, e incluso a súa ocupación. Como consecuencia, a oferta de actividades diversifícase ata límites insospeitados: das primitivas clases de ximnasia de mantemento, o aeróbic e as actividades de musculación en sala, pásase a unha ampla gama de body algo: body pump, body com-

bat, body balance...; ou de diversos fit: fit bike, fitness, total fitness...; así coma doutros incomprensibles nomes ingleses: funky, spinning, aerodance... Sen esquecer, por suposto, as disciplinas de reminiscencias orientais: tai-chi, ioga...

Todos esas denominacións agochan -máis que anuncian- actividades con distintos graos de complicación e de intensidade, que potencian diferentes partes do corpo. Clases que desenvolven o equilibrio, a forza, a elasticidade, a flexibilidade, a potencia; que reforzan os músculos das pernas, dos brazos, do lombo, do abdome; que ensinan a relaxarse e a desconectar despois dun longo día de traballo; que proporcionan benestar e autoestima ós que aconden a elas, independentemente da súa idade.

O público e o privado

Esta ampla oferta é fácil de atopar nas cidades e núcleos de poboación grandes. Canto máis pequena é a vila, menor é a relación das actividades ofertadas. Nas poboacións sen oferta privada, soen ser os concellos os que cobren as demandas de actividades físicas e deportivas. Nos grandes, os municipios ocupábanse do deporte de base, e das clases para grupos especiais: nenos pequenos, terceira idade, amas de casa, etc.

A controversia comeza cando os departamentos de deportes dos concellos, sexa directamente ou a través de concesións a empresas

privadas, ofertan todo tipo de actividades a tódolos sectores da poboación, a prezos reducidos, en instalacións de titularidade pública. En Galicia, cidades como A Coruña, Ourense ou Santiago teñen interpostas demandas contra concellos e deputacións por competencia desleal.

Os empresarios séntrense agredidos polas institucións que consideran deberían defendelos. Coa apertura dos novos ximnasios públicos, os privados constatan a perda de clientes, empregados e, por suposto, ganancias. Non hai diferencia entre as ofertas. En canto á diversidade de actividades físicas e ós servicios que poñen a disposición dos seus usuarios (solarium, sauna, consulta médica, fisioterapia...) os municipios igualan e en ocasións superan, ós privados.

Para responder ó que consideran unha agresión contra as súas empresas, un atentado contra a natureza dos seus negocios e un acto de competencia desleal, os ximnasios privados acoden ás asociacións que os representan e, a través delas, interpoñen diferentes demandas contra as institucións que, segundo eles, os perxudican.

Os precedentes en España

A Federación Española de Municipios e Provincias, dentro dos seus obxectivos para o ano 2003 en materia de deportes, contempla "promove-lo desenvolvemento e a homologación do deporte a nivel local, así coma o diálogo co sector privado", o que dá xa unha idea da dimensión que está a acadar esta controversia en España. De feito, a FEMP publicou no 2000 a Guía do Concelleiro de Deportes, que recomenda expresamente "a cooperación co sector privado para non duplicar ofertas, e o aproveitamento dos seus recursos para evita-lo crecemento desmesurado do servizo municipal e a competencia desleal (función coordinadora e administradora)".

Os últimos meses do ano 2001 foron testemuñas dos primeiros fallos que abren ós ximnasios públicos unha vía para ver cumplidas as súas reivindicacións. En novembro dese ano, o Tribunal de Defensa da Competencia estimou o recurso interposto pola Asociación Provincial de Centros Deportivos Privados de Castellón contra o acordo do Servicio de Defensa da Competencia. Este Servicio arquivara a denuncia presentada pola citada Asociación contra o concello de Almazora (Castellón) por conducta, prohibida polo artigo 17 da Lei 3/1991, de competencia desleal. Segundo os denunciantes, o concello ofrecía "cursos de aeróbic supuestamente a perda con fins predatórios e afectación do interese público". O Tribunal insta a "interesar ó Servicio de Defensa da Competencia da incoación de expediente" para investigar se as acusacións que fai a organización de ximnasios teñen ou non razón de ser.

Un mes máis tarde, en decembro de 2001, a acusada foi unha asociación sen ánimo de lucro. O Xulgado de Primeira Instancia nº 10 de Bilbao estimou a demanda formulada polo propietario dun ximnasio, membro da Asociación Vizcaína de Empresarios Deportivos, contra a Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA) dun instituto que impartía como actividades extraescolares clases de artes marciais e de ximnasia de mantemento. A sentencia declara que é "desleal a prestación de servicios do ximnasio naqueles locales do Instituto ós que non sexan alumnos ou membros da ANPA". Así

mesmo, insta ó cese da actividade e condena á ANPA a pagar ó demandante unha multa.

O caso galego

En Galicia, a Federación Galega de Empresarios de Ximnasios e Entidades de Exercicio Físico iniciou, nese mesmo ano 2001, distintos procedimentos xudiciais para combatir la irrupción xeralizada dos entes públicos no sector das actividades de exercicio físico. Neste momento ten en curso tres xuiicios pola vía contenciosa contra a Deputación Provincial de Ourense, e os Concellos de Santiago de Compostela e A Coruña; e un pola vía civil contra o Concello de Santiago e a empresa mixta XADE, que xestioná as instalacións deportivas públicas en Compostela.

En maio do 2003, o Xulgado de Primeira Instancia nº 3 de Ourense estima a demanda por competencia desleal interposta pola Federación contra a deputación ourensana "polas actividades físicas que desenvolve na instalación pública Paco Paz". O xuiz considera que a institución provincial ofrece as mesmas actividades que os ximnasios "a un prezo irrisorio", que non poderían mante-las empresas privadas "so pena de incurrir en perdidas que os levarían á ruina".

A sentencia contempla que os importes que perciben os ximnasios polas clases de aeróbic e fitness son a base dos seus ingresos e que, ademais, os centros privados adicaron moito tempo, traballo e inversión a fomentar la práctica destas actividades, antes descoñecidas para o sector público. O xuiz toma tamén en consideración na súa decisión os beneficios fiscais dos que disfruta a Deputación pola aplicación de prezos públicos e a xestión directa.

Nestes mesmos argumentos fundaméntanse o resto das demandas que a Federación Galega de Empresarios de Ximnasios e Entidades de Exercicio Físico ten interpostas contra as outras institucións públicas polas que se consideran perxudicados os seus asociados.

Pero a xustiza é lenta. Aínda que comeza a haber sentencias propias á empresa privada, a súa execución vese retrasada pola presentación de recursos en contra. Mientras, os ximnasios seguen a sentirse perxudicados por unha situación que consideran, cando menos "inxusta e abusiva".

Os concellos prefieren gardar silencio e deixar o tema nas mans dos avogados. Proporcionar eses servicios ós cidadáns suma moitos enteiros ó goberno que os facilita e, por suposto, iso reflíctese nos votos. Pola súa banda, a opinión pública non intervén na controversia. Os usuarios dos ximnasios públicos están encantados de ter tantas actividades á súa disposición por un prezo más que asequible. Por suposto, non se queixan. A maioría descoñece o problema. Os demás pensan que a situación non é xusta para os ximnasios pero, mentres dure, pensan seguir beneficiándose dela.



O TRATAMENTO da ACTIVIDADE MOTRIZ na INTERVENCIÓN MULTIDISCIPLINAR durante o TEMPO de OCIO INFANTIL

LUDITARDE

Fco. Javier Rodríguez

Animador Sociocultural do Forum Metropolitano (Concello da Coruña).

Laura Cedrón

Técnico de Programas da Federación Provincial de APAs de Centros Públicos (A Coruña).

A permanente adaptación ós distintos procesos educativos, o constante axuste ás características dos participantes, a determinación de respostas ás necesidades educativas do contorno social máis próximo, posibilitaron unha inceseante evolución no enfoque de cada unha das áreas pertinentes de desenvolvemento, nas intervencións, durante o tempo de ocio infantil.

O modelado das intervencións desenvolvidas no noso contorno próximo ten a súa orixe na colaboración entre o Concello de A Coruña e a Federación Provincial de ANPAs dos Centros Públicos. Producto desta colaboración foron desenvolvéndose diferentes programas nos que a educación a través do movemento vén sendo unha constante. A evolución á que previamente se facía referencia describe un tránsito de concepcións monográficas de plantexamento, na que a especificidade propia da materia abordada outorga identidade á actividade, cara un modelo multidisciplinar no que as distintas áreas teñen sentido como parte dunha intervención globalizada, apoiada na transversalidade non formal.

A actividade motriz, neste campo, sérvenos como área paradigmática e exemplificadora do proceso comentado. Dada a súa relevancia social e o seu poder de atracción, a área do movemento, máis concretamente o ámbito do deportivo, resultou protagonista dos primeiros esforzos convxuntos das dúas entidades devanditas, con propostas de tipo monográfico. Na actualidade ainda se manteñen plantexamentos deste estilo nun programa que leva por nome "Deporte no Centro", no que cada práctica específica monopoliza o desenvolvemento da actividade. O seguinte paso, tras sucesivas reconduccións do primeiro, determina un programa multidisciplinar, que entre outras áreas aborda o desenvolvemento da actividade de motriz; leva por nome Luditarde.

Este programa defínese coma un modelo dinámico de animación sociocultural no que se ofrece un conxunto amplio de actividades que se valen dos contidos transversais como elementos aglutinantes. Deste xeito preténdense integrar as actividades realizadas fóra do horario lectivo na propia vida do centro, que formen parte del por algo máis que para que este lles serva de medio físico. Preténdense compartir filosofías e complementar procesos formativos.

A intención é posibilitar un notable Enriquecemento na bagaxe de experiencias. Non se pretende xerar especialistas, senón espertar afecções e intereses nun contorno lúdico, no que o xogo e a diversión sexan os sinais de identidade. Ditas experiencias entrarán no campo da actividade motriz, a expresión musical, a expresión oral e escrita, as artes escénicas, a expresión plástica, as novas tecnoloxías e os xogos de lóxica, como principais áreas de contidos.

A nivel metodolóxico enténdese que as temáticas que servan de apoio para o desenvolvemento dos distintos contidos nas diversas áreas, deben ser amplas e permitir un achegamento desde calquera campo. Estámonos a referir ós grandes temas transversais: a Saúde, o Medio Ambiente, a Educación Vial, a Paz, a Seguridade... abordados desde unha perspectiva do próximo.

A Actividade Motriz en LUDITARDE

Esta área de contidos tivo un papel prioritario no programa desde o seu nacemento, ó entender que se trata dun campo fundamental para o desenvolvemento integral das persoas. Algunhas datos como mostra: dentro da heteroxeneidade do persoal encargado do desenvolvemento das actividades, entre Licenciados e Mestres da área de Educación Física, suman praticamente a metade dos recursos humanos; a nivel temporal trátase da área que maior dedicación recibe, chegando a acadar a sexta parte das dez horas semanais; os cargos de maior responsabilidade están ocupados por persoal cun perfil asociado á devandita área... Ademais presenta unha sobre liña de desenvolvemento; por unha parte o referido ós contidos propios da formación dos individuos, mentres que por outra a súa achega a cada un dos diferentes temas transversais que sexan protagonistas no global do programa.

A concepción de Luditarde marca a necesidade da existencia dunha continuidade de propostas para unha poboación que abrangue desde a educación infantil ata o paso previo á secundaria obligatoria. Esto posibilitou a organización de intencions atendendo a criterios globalizadores por riba da busca dunha tecnicificación específica.

Coa diversión e o xogo no horizonte de tódalas propostas neste contorno lúdico, de modo xeral enténdese que desde infantil ata o

primeiro ciclo de primaria percorrerase o tránsito entre o coñecemento e a relación co propio corpo, cos obxectos e co contorno próximo ata o asentamento das habilidades motrices básicas. En termos clásicos estaríamos falando de educación física de base: esquema corporal, equilibrio, ritmo, lateralidade, coordinación, estructuración espacio-temporal... De por si esta formación é polivalente e globalizadora, parecendo ser este un dos marcos idóneos para o seu desenvolvemento.

A Iniciación Deportiva en LUDITARDE

A experiencia destes catro anos suxire determinos nunha serie de reflexións para contextualizar o plantexamento final.

- Aumentar o nivel de competencia percibida en relación á tarefa a desenvolver é unha das metas principais das intervencións no tempo de ocio. A capacitación motriz e a adquisición de destrezas propias das prácticas deportivas, enfocadas con maior ou menor especificidade únicamente poderán ser acadadas cunha dedicación temporal elevada e estructurada. Baixo esta premisa téndese a instaurar un plantexamento que reflecta a proximación a un número concreto de prácticas deportivas organizadas ciclicamente.
- O incremento do repertorio motor dos participantes, a variedade en canto á natureza propia da estrutura formal das prácticas deportivas e a superación dos estereotipos sociolóxicos instaurados en relación a determinados deportes, foron premisas básicas para a elección. Dado o carácter grupal xenérico da actividade desenvolvida no programa, as propostas deportivas estructuradas na oposición entre dous grupos de compañeiros parecen ser a elección idónea de forma prioritaria. Pero atendendo ó desenvolvemento pleno das persoas, paralelamente é positivo enfrentar o achegamento a prácticas motrices, con acento na individualidade e a superación persoal. Se ben débense enmarcar dentro dun marco colectivo no que se identifiquen e recoñezan. A variedade non é aleatoria, ademais de dotar dun maior repertorio motor intúese a necesidade de superar algúns prexuízo social instaurado arredor de cada práctica deportiva.

- A iniciación deportiva específica, os deportes reducidos ou adaptados terán presencia prioritaria naquela etapa na que o nivel madurativo e de desenvolvemento parecen acadar parámetros idóneos. Concretamente centrarase a partir do inicio do terceiro ciclo da educación primaria. Con anterioridade, os participantes aproximaranse ás prácticas deportivas específicas a través de actividades motrices, cun formato lúdico organizado por liñas de estructuración que permitan a transferencia entre diversas prácticas deportivas, que, por suposto, faciliten o posterior desenvolvemento formativo mediante prácticas deportivas concretas.

- A componente agonista é inherente á práctica deportiva e mesmo á maioría das formas xogadas. Este factor debe ser enfrentado con naturalidade e tendendo ó seu modelado educativo. A loita, o confrontamento, a oposición e a súa máxima expresión na competición son elementos precisos para unha correcta formación no contorno deportivo. Pero correctamente enfocado trátase dun medio para a consecución de fins maiores; o erro é concibilos como unha fin en si mesma. O papel que xogan os modelos transmitidos polo educador semella fundamental; a competición debe ser enfrentada pero ó tempo superada pola idea esencial da satisfacción na posi-

bilidade de poñer a proba o nivel de competencia adquirido nunha situación lúdica, nun contorno colectivo e basicamente constructivo.

Proposta de Iniciación Deportiva en LUDITARDE

De forma sintética, a proposta de estructuración da área de actividade motriz para os últimos ciclos de primaria, no que a actividades deportivas específicas se refire, estará baseada en ciclos de dous anos académicos, coa presencia de tres prácticas deportivas prioritarias. O terceiro ciclo desenvolverá ditas prácticas deportivas, mentres que o segundo centrarase en enfrentar distintas formas, xogadas más simples que conteñan elementos con alta transferencia para aquelas.

Inicialmente o mini-balonmano, o mini-tenis e o pre-softball, así como as súas adaptacións previas protagonizarán esta área durante un primeiro ano, para dar paso ó mini-baloncesto, ó atletismo (tetratlón por equipos) e ó hockey-sala (floorball) e as súas adaptacións de cara ó segundo curso. A delimitación destas prácticas deportivas condiciona o desenvolvemento dos intercambios deportivos entre os diferentes centros, segundo a práctica deportiva correspondente. Nestes intercambios teñen lugar encontros nos que se cualifica o resultado do equipo por parámetros que superan o mero resultado en competición. A actitude cara ós compañeiros e adversarios, o respecto ás normas, a colaboración na organización... formarán parte do resultado global do equipo en cada intercambio.

De tódolos xeitos, a elección destas prácticas deportivas non exclúe o uso de outras, especialmente aconsellables parecen as actividades de loita, as adaptacións do rugby e as propostas nas que o patín sexa protagonista, ademais de calquera outra que pola propia idiosincrasia do centro poida resultar de interese.

A modo de conclusión

A visión globalizadora de achegamento á área deportiva debe contar coa compliceade do contorno próximo: centro e familia, sobre todo daquel primeiro, para unha más correcta implantación nos procesos formativos de ocio, nos centros, fóra do horario lectivo.

É preciso facer convivir o punto de vista teórico da variedade de prácticas cos intereses dos participantes e o seu contorno nunha primeira fase, para a súa posterior adecuación e asentamento ós parámetros orixinais.

Os educadores encargados de transmitir a idea do proxecto ós xoves participantes convéntense en peza clave, precisando de ferramentas para a adecuación da súa formación ás esixencias do programa.

A ausencia de competición no seu formato habitual e a obligatoriedade dunha práctica alternada e variada de prácticas deportivas supoñen un elemento que aumenta o risco da perda de adherencia á Luditarde, sobre todo por parte dos xoves do último ciclo de primaria.



roberto aguete
FOTÓGRAFO



Roberto Rodríguez Aguete.

Especialista en Fotografía Deportiva.

Cinco anos de profesional en prensa (un ano no Ideal Galego e catro na Opinión).
Fotógrafo do Real Club Deportivo da Coruña.



Colaborador da Axencia EFE.
Colaborador do diario deportivo Marca.



Teléfono: 609 814 143
Correo electrónico: aguete74@hotmail.com

O DEPORTE como OCUPACIÓN do LECER dos CIDADÁNS

Raúl Fraguella

Facultade de Ciencias da Educación (Universidade da Coruña).

A pesar da confusión conceptual que acompaña habitualmente ó termo deporte, se tomamos como referencia o marco normativo europeo e español, identifícanse tres grandes vías que polarizan o desenvolvemento das políticas deportivas da administración pública: a ocupación do lecer, a promoción da saúde e o desenvolvemento do rendemento deportivo. A convivencia actual non expresa a proporción (máis ben desproporción) existente entre estas tres manifestacións do deporte, pois o rendemento é xa un veterano con varias décadas ás costas e cunha atención orzamentaria e mediática consolidada. Os enfoques do lecer e da saúde son más recentes e derivan da consideración por parte dos ciudadáns e as administracións do deporte como servicio público.

Unha das relacións más reforzadas no eido local, nos últimos tempos, é a do deporte co lecer dos ciudadáns. O desenvolvemento de iniciativas neste sentido superou amplamente os plantexamentos teóricos, o que provoca certa sensación de dispersión e improvisación. A proliferación de tal número e diversidade de actividades aparentemente inconexas fainos crer que tropezamos coa pedra do activismo, das propostas populistas sen finalide nin orientación concreta. Aínda que non se pode desbotar esta opción, comeza a ser posible atoparlle alternativas. Unha delas atopámola no esforzo dos concellos por abarca-la diversidade de intereses dos seus ciudadáns na ocupación do seu lecer. Trátase dunha tarefa complexa, xa que aumentou o número de colectivos que demandan unha ocupación activa e dinámica do seu lecer e as formas de facelo son ben heteroxéneas. Os concellos atoparon no deporte un recurso potencial para solucionar esta situación, ó identificar unha forte correspondencia deporte-lecer. Frente a outras áreas municipais implicadas neste proceso, o deporte acadou un desenvolvemento insospitado en pouco tempo.

Este proceso serve a unha doble finalidade:

- Reforzamento ou desenvolvemento da función de servicio público. A través do deporte, os concellos buscan dar resposta ás nece-

sidades e expectativas dos ciudadáns, de forma que a calidade percibida polos seus servicios sexa alta e se traduza nun alto grao de satisfacción. Por outra banda, contribúese a unha fidelización dos usuarios que garante a viabilidade da oferta actual e as posibilidades de ampliación da mesma no futuro. A multiplicidade da actividade físico-deportiva permite achegarse a grupos de idade tradicionalmente pouco implicados na oferta municipal (adolescentes, anciáns,...) sen un grande aumento do custo dos servicios.

- Desenvolvemento da proxección exterior e acceso a novas vías de financiación. O deporte constitúe un recurso cada vez más empregado na promoción turística dos concellos, deseñándose actividades destinadas a completa-los atractivos máis tradicionais (paisaxísticos, monumentais, gastronómicos,...) cunha oferta de turismo activo que satisfaga ós máis dinámicos. A presencia do deporte viuse incrementada na promoción doutras manifestacións culturais e de lecer, como a festa. Quedan poucas celebracións que non incorporen ó seu programa a práctica ou o espectáculo deportivo e son abundantes as festas onde este é o elemento central da celebración (festa da bicicleta, día do deporte, xornada das actividades náuticas,...). A dimensión económica destas iniciativas converteuse nun elemento importante. A promoción da imaxe do concello e a dinámica de consumo asociadas a estas prácticas non son, nin moito menos, casuais.

Manifestacións deportivas e dimensións do lecer

Diversos autores describiron as dimensións do lecer (Cuenca Cabeza, 1995, 2000; San Salvador, 2000,...) e outros encargáronse da súa relación co deporte (Gambau e Rodríguez, 2000). Partimos das aportacións do primeiro, por empregar unha estructura sinxela e basearse nun enfoque humanista, concordante coa dimensión social dos servicios municipais.



As dimensións sinaladas por Cuenca son: lúdica, creativa, festiva, ecolóxica e solidaria. Pretendemos vencellar cada unha delas con iniciativas que tentan satisfacer as necesidades dos usuarios dende a acción deportiva municipal.

Dimensión Lúdica

Tal vez sexa a dimensión máis claramente relacionada co deporte, porque o xogo constitúe unha das súas raíces fundamentais. Ademáis, explica dúas das razóns pola que a xente soe achegarse ó deporte: descansar e divertirse. Descanso como evasión voluntaria da realidade cotiá e como compensación dos ritmos de vida laborais; diversión como reverso da seriedade do traballo e reivindicación da alegria e o gozo como experiencias vitais.

Esta dimensión plasmouse na acción deportiva municipal, na chamada "corrente recreativa", constituída por propostas que buscan, por riba de todo, vivencias agradables e praceiteiras. Foxen dos estereotipos deportivos más serios e das fórmulas tradicionais de adestramento-competición. Así, desenvólvense actividades de xogos e deportes recreativos, onde a referencia principal é o disfrute dos usuarios, polo que calquera elemento das actividades (regras, instalacións, material, incluso horarios) é susceptible de variarse para adaptalo ás características dos participantes.

Dimensión Creativa

Refírese a un lecer no que os cidadáns procuran o seu crecemento persoal a través da aprendizaxe e da formación. Conxuga a liberdade de acción, o autotelismo (finalidade en si mesmo) e a vivencia agradable, propias do lecer, coa adquisición de coñecementos, habilidades e valores propios dos procesos educativos.

O desenvolvemento desta dimensión do lecer dende as áreas de deportes dos concellos plasmouse principalmente en tres bloques de actividades: as prácticas de interiorización, as actividades expresivas e as escolas deportivas. As primeiras englobanse dentro das propostas que procuran un mellor coñecemento dun mesmo. Empregan o movemento como unha forma de ollar cara dentro, de percibir e controlar mellor o corpo, de atopar harmonía entre o benestar físico e o mental (actividades de relaxación, ioga, tai-chi...).

As segundas procuran vías para expresa-los sentimientos, favorecendo a comunicación cos demás e emprega-los recursos corporais para transmitir mensaxes de diversos tipos (talleres de expresión corporal, actividades rítmicas,...). As escolas deportivas responden á necesidade de aprendizaxe de habilidades motrices polos cidadáns que, segundo as súas preferencias escollen a especialidade deportiva na que queren inciarse ou perfeccionarse (baloncesto, balonmán, fútbol, voleibol, bádminton, natación...). As motivacións dos usuarios para achegárense ás escolas deportivas son moi heteroxéneas, se ben o elemento referencial dos organizadores é a ensinanza de habilidades e valores deportivos.

Dimensión Festiva

As actividades festivas constitúen vivencias extraordinarias (fóra da vida cotiá), cun profundo sentido social e ligadas á identidade dos colectivos ou territorios. As características de certas manifestacións deportivas encaixan perfectamente nesta dimensión do lecer pola súa vinculación coa tradición, o seu poder de convocatoria e a profunda ritualización das súas prácticas.

No eido deportivo municipal os xogos e deportes tradicionais constitúen un exemplo de actividades que conxugan a tradición (reforzamento da identidade), o carácter social (encontro, fortalecemento dos lazos comunitarios) e a vivencia extraordinaria (eventos non cotiáns). As xornadas ou festas deportivas, coma o día do deporte



Roberto Agüete

na rúa, do patín, as carreiras populares,... incorporáronse á dinámica festiva dos concellos da provincia, unhas veces como elemento central e outras como elemento de animación-convocatoria para celebracións doutro tipo. Pero sen dúbida, son os espectáculos deportivos as actividades que máis claramente se identifican coa festa-deporte: prodúcese unha importante congregación de xente, en torno a un deportista ou equipo, baixo certos símbolos de identificación (cores, camisetas, escudos) e repetindo rituais cargados de significación para eles.

Dimensión Ecolóxica

Esta dimensión defíñese pola vivencia do lecer que atopa na interacción co medio o principal elemento de satisfacción. A natureza elévase dende a categoría de contexto ou contorno a elemento central do lecer. As actividades realizadas non teñen tanta importancia por si mesmas, senón pola posibilidade de contacto coa natureza que ofrecen. A función de compensación do ritmo de vida urbano explica tamén esta dimensión: fronte ás limitacións espaciais e temporais das grandes cidades, o entorno natural ofrece espacios amplos e sosegados, ritmos vitais más pousados e racionais.

Os concellos atopan nesta dimensión unha importante fonte de promoción do seu patrimonio natural, o que se reflicte na área de deportes en actividades ó aire libre. O seu principal atractivo reside no contacto coa natureza, a contemplación da paisaxe e a realización de exercicio físico de intensidade media-baixa (programas de sendeirismo, cicloturismo, habilitación de roteiros naturais, percorridos a cabalo,...). Os deportes de risco e aventura, sen embargo, buscan vivencias adrenalínicas e/ou de grande intensidade, baseadas en propostas de risco controlado que aproveitan a incertidume da natureza para fortalecer a sensación de aventura e de ruptura coa monotonía cotiá (escalada, rafting, hidrospeed, barranquismo, surf,...).

Dimensión Solidaria

A vivencia altruista e social do lecer conleva tomar conciencia das dificultades que certas persoas ou grupos teñen para acceder a unhas vivencias mínimas de lecer. Tamén á participación en accións destinadas a paliar esas e outras carencias. A satisfacción persoal do lecer solidario non deriva tanto da actividade realizada en si mesma como da sensación de axuda ós demáis, de contribución ó desenvolvemento comunitario. Esta dimensión plásmase principalmente en tres accións deportivas municipais:

O apoio da práctica dos deportes colectivos. A vivencia do lecer permite educarse e educar ós demáis en valores sociais e facer fincapé nestes aspectos: solidariedade, sacrificio dos intereres propios en beneficio do colectivo, loita por obxectivos comúns, respeito polo rival, aceptación da victoria e da derrota, etc.

Por outra banda, o voluntariado deportivo é un claro exemplo de lecer solidario dos cidadáns. Os responsables municipais poderían explicar a importancia deste voluntariado á hora de determinar a viabilidade de certos programas ou actos puntuais. Non se pode esquecer que durante os primeiros anos da nosa democracia, cando a área de deportes non estaba profesionalizada nos concellos, moitas das iniciativas realizadas dependeron case exclusivamente do voluntariado deportivo.

Por último, a promoción do deporte para todos polos concellos que non se pode considerar unha práctica senón a adscrición a unha determinada forma de entende-lo servizo público. Referímonos ás políticas deportivas municipais que loitan para que ningunha circunstancia (idade, recursos económicos, nivel de habilidade, minusvalía,...) sexan barreiras insalvables para acceder ó deporte. Aportar recursos ós colectivos desfavorecidos para facilitar o acceso ó deporte é un exemplo de lecer solidario, que se convierte en servizo público cando son os municipios os que o promoven.

Moitas das prácticas nomeadas pódense incluir en máis dunha dimensión, xa que dependen das intencións e prioridades de cada cidadán. Tamén hai iniciativas, como as referidas á promoción turística, que están presentes en case tódalas dimensións do lecer (San Salvador, 2000).

A acción deportiva municipal en materia deportiva ten avanzado moito nos últimos anos, realizando esforzos por darles ós cidadáns vivencias de ocio constructivas e enriquecedoras e adaptar os seus servicios á complexidade da demanda. Téntase, en definitiva, a chegar os beneficios do deporte á poboación, superando vellhos complexos, consolidando o camiño andado e adaptándose ós novos tempos, sen perder de vista o espírito do Deporte de Todos e para Todos.



Bibliografía

- Cuenca Cabeza, M. (1995): Temas de pedagogía del ocio. Bilbao: Universidad de Deusto.
Cuenca Cabeza, M. (2000): Ocio humanista. Dimensiones y manifestaciones actuales del ocio. Bilbao: Universidad de Deusto.
Gambau, V. e Rodríguez, J. A. (2000): "El ocio en las leyes autonómicas del deporte en España", en Cuenca, M. (Ed.): Actas del 6º Congreso Internacional de ocio. Ocio y desarrollo humano. Bilbao: Universidad de Deusto [www.ocio21.es].
San Salvador del Valle Doistua, R. (2000): Políticas de ocio. Bilbao: Universidad de Deusto.

O PAPEL ESTRUCTURANTE dos EQUIPAMENTOS na CONSTRUCCIÓN do ESPACIO PÚBLICO

Xosé Lois Martínez

*Profesor de Urbanismo na Escola Técnica Superior de Arquitectura
(Universidade da Coruña).*

Dende o instante en que no Renacemento a cidade se concibe como PROXECTO, e polo tanto como obxecto susceptible de ser deseñado, un dos elementos que adquire especial relevancia nos discursos teóricos sobre a súa natureza, é os edificios públicos.

Alberti, no texto inaugural do xénero da Tratadística , "De re aedificatoria" (1452), adica o Libro VII aos Edificios Públicos Sagrados, templos, santuarios e basílicas, e o Libro VIII aos Edificios Públicos Profanos apartado no que inclúe os lugares de espectáculos, teatros, circos e anfiteatros, e tamén as rúas e prazas como "edificios" que conforman a fábrica urbana. Nestes capítulos non só describe os diferentes elementos arquitectónicos, os seus ornamentos e as relacións entre eles senón que tamén presta especial atención á relación dos edificios co seu entorno, á posición na que se sitúan, ás proporcións e ao tamaño respecto á cidade... temas estes que converten ao Tratado no primeiro texto de Urbanismo.

Antonio Arvelino (Filarete), formaliza como arquitecto por primeira vez a Cidade Ideal Renacentista no seu "Tratatto de Arquitettura" (1464) debuxando nos Libros IX e X os palacios, a aduana, a prisión, a praza institucional, e as prazas dos orfebres e as dos banqueiros, as prazas para o mercado... e establece unha estreita correspondencia entre edificio público e espacio público, entre a obra de arquitectura e o espacio urbano.

Os dous textos citados, inauguran unha reflexión teórica sobre a cidade, poñendo en evidencia a importancia da forma dos edificios públicos, o seu emprazamento na cidade, a forma e as proporcións do espacio público así como a necesaria relación entre eles.

Dende o século XV ao XVIII transcorren trescentos anos de prácticas urbanas tanto na construción da cidade europea coma no gran laboratorio que representou a construción da cidade americana, que poñen de manifesto a pervivencia da Teoría Renacentista da Cidade ata ben entrado o século XVIII. Hoxe unha parte significativa do patrimonio arquitectónico e urbanístico europeo está constituido por fragmentos nos que a indiscutible calidade da peza arquitectónica se enxerta nun proxecto, a escala urbana, que ten como punto de partida a vontade de control do espacio público, da súa forma, das súas proporcións, da súa imaxe global.

Coa Revolución Francesa aparece un novo concepto de "cidadán" suxeito de dereitos universais e implícito a el, unha nova idea de cidade na que os equipamentos "cívicos" xogarán un papel fundamental.

No ano 1795, ao tempo que se inicia un proceso de reforma das institucións, se crea en París a "Comission de Battiments Publics" que ten como obxecto a reflexión sobre os tipos dos edificios que deben albergalas, a súa localización e a súa disposición ao servicio do ciudadán na transformación da sociedade .

Os "Batiments Publics" divididos en seis clases inclúen non só os edificios destinados aos órganos de Goberno e ás institucións senón tamén aqueles outros que deben ser considerados como preocupacións prioritarias para garantir o desenvolvemento da sociedade, e como tales a súa xestión é unha competencia do estado-nación: Son os EQUIPAMENTOS da cidade moderna, os edificios destinados ao Ensino (escolas), á Sanidade (hospitais), á

Asistencia Social (asilos, hospicios), ao Aprovisionamento (mercados, matadeiros), á Hixiene Pública (lavadeiros, baños..), á Seguridade (os cuarteis, os cárceres), etc.

Con este espírito os arquitectos da Ilustración observaban os edificios públicos coma ocasións de transformación da sociedade, como lugar das institucións reformadas e representación dos seus novos contidos.

Os edificios públicos serán pezas fundamentais tanto nas prácticas de construcción das grandes cidades-capitais do século XIX (Paris e Viena) coma no Proxecto de Reforma Interior e Ensanche de Barcelona de Ildefonso Cerdá (1859) quen na súa "Teoría General de la Urbanización" (1867) elabora por primeira vez na historia un corpo teórico dunha nova disciplina que a partires dun conxunto de coñecementos, principios inmutables e regras fixas, pretende organizar científicamente a construcción das cidades e constituirse nunha nova ciencia: A Ciencia da Urbanización, en verbas actuais o URBANISMO.

En París os trazados do sistema viario haussmaniano cos grandes bulevares establecen sobre a cidade de orixe medieval unha nova orde urbana na que o Sistema de Equipamentos xoga un papel focalizador que dota á cidade do carácter laico e igualitario que a burguesía liberal preconiza: edificios coma o Hôtel de Ville, as diferentes sedes do Goberno, os ministerios, os teatros, as estacións de ferrocarril, os mercados, as alcaldías de distrito, os colexios, etc., ocupan un papel singular na nova orde urbana da capital francesa que se constitúe en modelo a imitar nas sociedades industriais europeas, no paradigma das cidades-capitais.

No Ring de Viena queda más patente se cabe o papel estructurante dos equipamentos na extensión da cidade coa súa concentración e diversidade (bibliotecas, teatros, igrexas, universidade, cuarteis...) na planificación da capital do Imperio Austro-Húngaro.

Os traballos de Ildefonso Cerdá da "Teoría de la Construcción de las ciudades" (1859) e o Proxecto para o Ensanche de Barcelona (1859) evidencian a xerarquización dos equipamentos a escala urbana (parques, cementerios, cuarteis), de sector (parques, hospitalais, edificios administrativos), distrito (mercado), de barrio (igrexa, escola, gardería...). Buscando a súa distribución homoxénea co obxectivo de facer accesible a todos os cidadáns os beneficios da urbanidade: xunta esta singularidade é de destacar a ordenación especial de prazas no entorno dos equipamentos como característica do centro dos barrios.

Cando a finais do XIX e primeiros anos do século XX se plantexan novos modelos para a cidade contemporánea o papel dos equipamentos públicos e dos espacios públicos a eles anexos se mantén coma peza fundamental dos discursos, sexa no diagrama da Cidade Xardín teorizada por Howard, na Cidade Industrial de Tony Garnier, nos textos de Raymond Unwin ou nos de Camillo Sitte, ata chegarmos ás aportacións da urbanística americana coa Neighborhood-unit de Clarence Perry para o Plano Rexional de Nova Iorque onde o equipamento escolar e o centro cívico-social se convertían en peza central dese elemento intermedio entre a casa e a cidade que era a unidade veciñal.

A recuperación da democracia en España abriu a posibilidade de iniciar unha fase de creación ininterrumpida de edificios públicos, de equipamentos, nunha poboación deficitaria e atrasada con graves carencias no seu desenvolvemento fronte aos retos da sociedade contemporánea. A crise brutal da sociedade agraria tradicional agudizada nas décadas dos anos sesenta e setenta desembocou nun proceso de rápida urbanización da poboación recolocada en áreas urbanas degradadas por unha especulación salvaxe onde a dimensión pública do espacio construído estaba ausente.

As diferentes Administracións do novo Estado Democrático (Central, Autonómica, Provincial, Municipal) teñen protagonizado nos últimos 25 anos o pulo dunha política de equipamentos que proximan ao cidadán (urbano ou rural) os servicios necesarios para o seu progreso tanto físico coma intelectual: equipamentos deportivos, docentes, sanitarios, asistenciais, culturais...

Camiñamos cara unha sociedade urbana, unha sociedade na que os equipamentos e os espacios públicos deberán ter un papel protagonista na configuración da forma urbana. Unha "forma urbana", entendida nun sentido amplio, como forma do espacio urbano, entendido como todo tipo de espacio intermedio entre edificios, tanto se se trata de áreas urbanas como rurais, tanto para aquela que é resultante das edificacións que se constrúen no medio considerado tradicionalmente como urbano, como aquela outra resultante das edificacións construídas para dar servicio aos cidadáns que habitan nos asentamentos rurais. Obsérvase un descoido frecuente nos proxectos dos centenares de edificacións que destinadas a equipamentos se teñen construído nos asentamentos, tanto rurais coma urbanos da Galicia de fins do século XX e inicios do século XXI. Un esquecemento inaceptable, que busca a súa xustifi-

Roberto Aguete



ficación na pretendida iniciativa "individual" inherente á edificación privada, que resulta totalmente rexeitable nas edificacións públicas.

Este papel estructurante dos equipamentos e dos espacios públicos, a súa capacidade de influir positivamente na vertebración da sociedade que está a construírse, tanto dende o punto de vista formal -físico-espacial, como sociolóxico de cohesión social e de fixación de identidade cultural, e que pola súa trascendencia pasamos a analizar.

OS RETOS DOS EDIFICIOS PÚBLICOS

O equipamento público é un ben social. A súa organización, dende a escala da ordenación do territorio á do posto de traballo contribúe a rexer e regular as relacións sociais.

Como o seu nome indica, os "edificios públicos" están ao servicio do público. Os seus efectos van máis aló dos seus usuarios e ocupantes, alcanzando aos viandantes que circulan ou pasean polo seu entorno, e incidindo no funcionamento da aldea, do barrio ou da cidade onde se sitúan... A calidade dos seus espacios inflúe na calidade da vida social e en última instancia sobre os comportamentos colectivos e individuais. A correcta ubicación dunha escola, a axeitada orientación dunha aula, a súa relación coa paisaxe, a súa integración no espacio público exterior danno unha idea da enorme influencia das decisións urbanísticas e arquitectónicas sobre a calidade de vida dos seus usuarios. A gran dificultade reside no feito de sermos conscientes de que a construción debe simultaneamente dar un servizo preciso a unha comunidade no seu conxunto, e ao mesmo tempo dar o mellor servizo a cada usuario individualmente.

O VALOR SIMBÓLICO DOS EDIFICIOS PÚBLICOS

Os Equipamentos públicos teñen un valor SIMBÓLICO: reúnen funcións de poder, institucionais, culturais, de servicios, de pertencia, e son adoptados coma propios polos habitantes no territorio no que se insiren. Na percepción do edificio no sitio no que se empraza todo é signo e todo signo é soporte dun significado.

A localización dos edificios públicos, o seu xeito de emprazarse, a súa relación cos outros edificios que o rodean e co espacio público que eles mesmos xeneran e que o acompañan, son cuestións que determinan que os edificios públicos crean e estructuren a IDENTIDADE do barrio, da cidade... cimentando con eles a súa notoriedade.

O VALOR CULTURAL DOS EDIFICIOS PÚBLICOS

Os edificios públicos teñen un valor cultural que vai mais aló da súa dimensión funcional.

Cando o proxecto do edificio público modela con arte o espacio, os volumes, as proporcións. Cando regula as súas relacións co contexto, abrangue unha dimensión cultural que trascende o meramente

funcional. A dimensión estética, a concepción da beleza, debe estar presente na construcción dos edificios públicos como elemento pedagógico na educación da sociedade: as formas, as cores, os materiais empregados, os xogos de luces e de sombras... O bo proxecto trascende a dimensión funcional: a arquitectura non só debe estar ben construída. Debe tamén emocionar.

O VALOR URBANO DOS EDIFICIOS PÚBLICOS

Hoxe en día a inmensa maioría dos edificios públicos sitúase en contextos urbanizados; sexan estes, cidades, barrios, vilas, ou núcleos rurais, nos que están destinados a ter un papel singular.

Se o edificio público non ten vontade de formar "cidade", de xerar espacio público, resulta introvertido e vólvese relativamente ineficaz no seu rol político e social. Unha arquitectura se se illa do contexto perde moito da súa significación.

Hai dous niveis a ter en conta na relación do Equipamento Público co medio no que se empraza:

O nivel do "sitio" e o nivel dos bordes. O sitio está imposto ao edificio. Convén sacar del o mellor partido, explotar as súas vantaxes e atenuar os seus inconvenientes. Pero unha vez construído o edificio imponse ao sitio pola súa escala, as súas formas e o aspecto exterior.

As relacións dun Equipamento Público co sitio, sexa este natural ou artificial, debe ter a consideración de factor fundamental a ter en conta nunha operación de construcción dun Equipamento Público.

Roberto Agüete



É necesaria a búsquedas do EQUILIBRIO entre o lugar e os novos Equipamentos Públicos: este enfoque non ten por que dificultar a realización plena do acto creativo do obxecto arquitectónico.

A implantación do edificio fóra ou dentro da cidade, fóra ou dentro do núcleo rural da poboación reviste unha enorme importancia. Un mal emprazamento, un acceso difícil ou pouco racional, a proximidade de molestias, de dimensións pouco adaptadas ao seu uso, poden conducir o proxecto ao fracaso.

A elección do emprazamento revela os VALORES SOCIAIS E CULTURAIS que o promotor (Concello, Deputación, Consellería, Ministerio) quere afirmar. A calidade da inserción dunha construcción pública debe analizarse a partir de distintos puntos de vista:

- A aproximación á escala URBANA, á escala de barrio, de illa ou de cidade.
- A aproximación arquitectónica referente ás ordenanzas e aos elementos do vocabulario da arquitectura do entorno e da súa composición.
- A aproximación funcional: condicións de acceso para tódolos medios de transporte, de aproximación de xestión, de funcionamento...
- A aproximación social: a calidade da traducción espacial, estética, e funcional acarrearía a apropiación ou non do edificio polos seus usuarios permanentes ou temporais, revelando así simbolicamente a súa adecuación ás expectativas e previsións.

A continuidade dos espacios exteriores e interiores nos Equipamentos Públicos, a súa combinación, a relación dentro-fóra, traducen as relacións entre o edificio e o asentamento ou núcleo rural, o barrio ou a cidade.

Polo seu destino ou función o espacio público exterior pasa a converterse tamén en EQUIPAMENTO:

- Espacio de posta en escena: explanada, praza, ou simplemente posta en escena.
- Espacio de percorrido: rúa, paseo, beirarrúa, galería, mail...
- Espacio de aproximación e punto de referencia.
- Espaces para xogos, de repouso, de luz, de paisaxe en relación ou como contrapunto dos espacios exteriores.

Estes espacios públicos deben ser tratados simultaneamente e ser obxectos de atención como os interiores...

SOSTIBILIDADE E EQUIPAMENTOS PÚBLICOS

A continuidade dos tecidos, a súa diversidade funcional, e a redución dos desprazamentos complemantanse nun Urbanismo Sostible co principio de proximidade e autoorganización no que os equipamentos públicos e colectivos xogan un papel estructurante e de cohesión social.

A cidade e os asentamentos sostibles teñen nos equipamentos públicos un dos seus elementos centrais. Este papel dos equipamentos como elementos de cohesión social nas diferentes escalas urbanas xa fora enunciado na "Neighborhood unit" de Clarence Perry e desenvolvido por Henry Wright para os traballos do Regional Planning de New York na década dos anos vinte, e incorporado nos anos cincuenta ao debate do VIII CIAM sobre "o corazón da cidade", coma pezas fundamentais para a consecución dunha cidade equilibrada, igualitaria e máis equitativa.

De aí a importancia dun correcto emprazamento co obxecto de servir non só para reducir a necesidade do transporte senón tamén polo seu papel de elementos de integración e cohesión social polo seu papel nucleador de iniciativas culturais destinadas ao conxunto da poboación.

A ubicación dos equipamentos públicos en áreas marginais, nos peores terreos, nas zonas de maiores dificultades topográficas, en lugares distantes en terreos rústicos alonxados dos núcleos, cando non "privatizados" de facto pola súa peculiar disposición no interior das novas urbanizacións, son oportunidades perdidas que non poden aceptarse por parte das administracións públicas implicadas no planeamento.

Non só se trata de cumplir os estándares de dotacións fixados na legislación urbanística. A eficiencia dos equipamentos, a súa rendibilidade social e económica, o papel simbólico na conformación da nova orde urbana e territorial, son retos irrenunciables na construcción de asentamentos sustentables que contrastan con múltiples experiencias habidas nos últimos anos. Confundindo o importante co uxente, esquecen a esixencia da eficacia das instalacións públicas coma unha prioridade fundamental no proceso de construcción da nova orde territorial e urbana para a sociedade do século XXI.



¿De qué FALAMOS cando DICIMOS "DEPORTE PARA TODOS"?

Texto e fotos de **Manuel P. Rúa.**

Hai unha mañá agradecida en Bastiagueiro. Baixa unha paisaxe de outono con nordés e un ceo limpo deitando unha luz sobre a cara do entrevistado na que se percibe o gripe.

A oficina de Eduardo Blanco ten afiches, retratos e tiras de banda deseñada, pola fiesta hai unha paisaxe de piñeiros e nun andel do moble unha fotografía de Alfonso Guerra cun pequeno texto manuscrito.

Falamos no INEF, a súa escola, á beira do Atlántico, fronte á fachada norte da cidade da Coruña.

P. O 'deporte para todos', nos seus textos, fala de 'resolver as diferencias', 'trascender os conflictos políticos, de raza, relixión...', 'combatir o comportamento antisocial', etc. ¿Estamos, entón en algo más ca deporte?

R. Pierre de Coubertin, o recuperador do movemento olímpico, é un auténtico descoñecido porque todo o mundo pensa que el creou o xigantismo aparatoso que hoxe representa o olimpismo. Nin moito menos. As súas ideas orixinais son dun sentido educativo e humanista do deporte e pódese afirmar que a concepción social do deporte, o feito de que todos os cidadáns teñan a posibilidade de facer deporte débese, sen lugar a dúbidas, a el. Hai frases categóricas del, creo que en 1911, 'todos os deportes, para todos'. Dicilo daquela, a comezos do século XX, pois resultaba un pouco fóra de sentido, cando todos os dereitos dos cidadáns estaban aínda por conquistar.

P. As Olimpiadas que deberían ser o escaparate do 'fair play', acabaron converténdose nun ritual nacionalista, para utilizar políticamente. Seguen a ser un escaparate da alta competición.

R. Eu non é que me posicione contra o deporte de alto nivel pero si entendo que é situar ó individuo, ó ser humano, ó límite do imposible e, como consecuencia, non é unha práctica sa, non é a más recomendable para a xeneralidade dos cidadáns. Hai mesmo algúns estudo que di que o practicante de deporte de alto nivel ten case o mesmo risco que o sedentario.

P. O deporte, socialmente, é un sustituto de institucións como a relixión e a política. O deporte como imaxinario constrúe ídolos como Beckam, os xogadores da NBA, etc.

R. En realidade é como un sustituto dos heróis antigos e sobre todo os xoves buscan identificarse con personaxes de certa epopeia. O deporte espectáculo ten máis de actividade económica ca de deporte. O deporte, na orixe, é unha actividade desinteresada, non se pode dicir que hoxe en día, a actividade que se dá nun esta-



dio de fútbol teña connotacións humanistas ou educativas, todo o contrario. ¿Que acontece?, que os medios de comunicación proyectan unha imaxe parcial e sesgada, é a pior imaxe que poden dar do deporte e iso influencia ás xeracións máis xoves. Cun problema engadido se a iso engadimos que se o xove non recibe unha cultura, unha educación física na escola porque hoxe a materia ten unha carga horaria raquíntica, é un elemento decorativo dentro do sistema curricular.

P. Sobre a formación dos formadores: hai unha serie de ciencias da sociedade, da historia, etc., que se obvian, como se ser profesor de deporte é pensar no deporte cen por cento, o resto das materias adornan, forman parte da guinda do pastel...

R. Posiblemente hubo un momento que foi así pero creo que neste momento diferentes ciencias sociais e outras áreas de coñecemento estanse aplicando ó estudio e a análise do feito deportivo, que por certo tamén hai un debate coleando: educación física versus deporte. Hoxe incluso nos países do noso contorno adoitase utilizar deporte como termo globalizador, integrador. Antes era actividad física e deporte, educación física e deporte..., hoxe en día a corrente, que é unha corrente xermánica, tende a aplicar o termo deporte como englobador de calquera tipo de actividad física, tanto estética como de mantemento, como de alto nivel. É un concepto extraído da Carta Europea do Deporte, aprobada polos ministros europeos de deportes en 1992, en Rodas.

P. "Deporte para todos", buscando definicións e conceptualizacións, é un caixón de xastre.

R. En realidade o deporte para todos, nos últimos tempos, é unha mensaxe institucional que nace do Consello de Europa, no ano 1966. Isto hai que incardinalo na historia do deporte moderno. O século XX que é?, son as federacións que nacen, que aglutinan ós clubs baixo unha especialidade ou modalidade deportiva, o deporte vaise regulamentando e vanse creando certos poderes fácticos, é o deporte oficial. As federacións, ademais, teñen o monopolio sobre a modalidade deportiva, pero demostrouse ó longo do tempo que as federacións non son as vias que poidan recoller toda a demanda que poida haber na sociedade. E así, a historia o demostra, naceu un sector público cunha oferta deportiva, capitaneada polos concellos. Os concellos en España, na década dos 80, foron a auténtica locomotora do deporte para todos porque fixeron un importante investimento en instalacións, mesmo dende os propios concellos se fixo unha oferta deportiva dirixida ós ciudadáns dos distintos estamentos: discapacitados, persoas de idade avanzada, presidiarios...

P. ¿Que intención había na mensaxe orixinal?

R. ¿Porque o Consello de Europa lanza esta mensaxe? Porque o deporte oficial, o federado, consolídase como un poder, pero esa vía de acceso ó deporte é unha vía selectiva, vai peneirando ós que non reúnen as condicións, porque o seu obxectivo é o récord, a marca, obter o campión..., é por iso que nace a vía institucional, a vía pública, incluso hoxe a privado-comercial tamén, e a vía asociativa: nacen outras asociacións sen ánimo de lucro que van potenciar o desenvolvemento do deporte para todos. E nace, ademais, co sobrenome do segundo camiño do deporte. O Consello de Europa lanza esta mensaxe do segundo camiño para o deporte porque o primeiro era o que estaba xa consolidado, o oficial, o federado. Esta mensaxe vai influír decisivamente nas lexislacións de todos os países, incluso do noso, sempre con retraso con respecto ós outros, pero ó final chegounos tamén a marea, neste caso a marea deportiva, non a marea negra.



P. Insiste moito na falta de apoio político. ¿Non está un pouco en contradicción cunha sociedade civil que debe autoorganizarse defendendo a súa autonomía e o dereito ó deporte?

R. Son un tremendo entusiasta do movemento asociativo, do que é o terceiro sector. Cando vou dar algúna conferencia sempre lle digo ós concelleiros ou ós técnicos: o primeiro obxectivo dun concello é xerar tecido asociativo. ¿Que acontece? que iso é politicamente incorrecto porque ese tecido asociativo se é maduro e independente, o día de mañá pódete poñer contra as cordas, entón, claro, o político de turno o que busca é o servilismo, o clientelismo: eu douche a subvención e ti apóiasme. Iso non é xerar tecido asociativo.

Por iso digo que falta o apoio político, o compromiso da administración pública de xerar un tecido asociativo maduro e independente. Iso para mim é un obxectivo fundamental.

P. Para unha persoa que descoñeza totalmente que é o 'deporte para todos', en España e en Galicia, ¿que poderíamos contar?

R. Pódome remontar á época na que se organiza en España a primeira campaña reflexo da mensaxe institucional do Consello de Europa, que é a campaña 'contamos contigo', no ano 1967. Pódese dicir que é a primeira campaña oficial de apoio ó deporte para todos, ¿que acontece?, que era un momento no que non había case instalacións deportivas, non había medios, dicíase 'contamos contigo', sensibilizábase ó ciudadán á práctica do deporte pero despois o ciudadán non podía acceder ó deporte. Foi moi importante para o deporte o feito de que o artigo 43.3 da Constitución diga que os poderes públicos están obrigados a fomentar a educación física, a educación sanitaria e o deporte.

Tamén foi importante que as Comunidades autónomas asumiran en exclusiva, dentro do seu territorio, o deporte. Pero sobre todo o poder público que fixo posible que o ciudadán deste país teña acce-

so ó deporte, fundamentalmente, foron os concellos. De todo tipo e colores. Foron as auténticas locomotoras que tiraron do deporte. A década dos 80 multiplica en grandes proporcións o acceso de cidadáns á práctica deportiva porque tamén se transforma substancialmente a rede pública de instalacións. Antes fás a un pobo ou a unha cidade e como moito tiñan o seu campo de fútbol pero hoxe en día case todos contan co seu polideportivo, a súa piscina...

P. Diríamos que 'deporte para todos' é como unha filosofía que tivo unha declaración oficial por parte do Consello de Europa e que a partir daquela hai unha serie de institucións públicas locais que son as que o alentan. ¿Por parte da sociedade civil cales serían as institucións más salientables?

R. Os grandes clubs con instalacións propias, por exemplo, na Coruña, o Club del Mar de san Amaro, é un club popular que agrupa a moitos cidadáns de todas as clases sociais. Estes clubs xogaron un papel moi importante, pero sobre todo xogaron un papel moi importante os clubes con instalacións propias. Houbo outro tecido asociativo que, nalgún momento determinado, xogou un papel decisivo, que foron as asociacións de pais de alumnos, por un lado, en momentos nos que o deporte non estaba incorporado como actividade extraescolar, sobre todo nos centros públicos. Foron as apas de colexiós públicos as que dinamizaron a actividade deportiva extraescolar, ás veces da man dos concellos, e despois nalgúns barrios de cidades e pobos, as asociacións de veciños, cando había unha sensibilidade especial.

P. E se falamos dalgunha actividade modelo ou institución do tipo que ves de comentar...

R. Hai un club en España, o Grupo Cultural Covadonga de Xixón. Este club pódese dicir que reflicte claramente como poden convivir dentro do mesmo seo asociativo o deporte de rendimento, que é o de moi pouquiños socios, e o deporte de tempo libre, o deporte para todos. Ten 30.000 socios. Esta cualificado como de utilidade pública e ten centos de metros cadrados construídos en instalacións deportivas. Isto é o que había que posibilitar, que os clubs estivesen constituídos por algo que non se ve, é dicir: ¿cántas agrupacións deportivas ou clubes hai nos barrios que viven de prestdo?, non teñen instalacións propias, viven pendientes de que se lle ceda unha instalación pública...

P. Se trazásemos unha liña dende o acceso á democracia en España, ¿como debuxarías o panorama do asociacionismo deportivo?

R. Sobre todo dende as primeiras eleccións democráticas nos concellos. No deporte houbo un problema, eu sempre falo do pecado orixinal dos concellos, que con ese ánimo de querer achegar o deporte a todos os cidadáns, municipalizárono en certa medida, incluso en certos sitios ata creando clubs municipais e isto converteuse nunha arma arreboladiza nuns casos contra os clubs que xa existían ou foi unha tapadeira que non deixou xerar novo asociacionismo porque era o concello o que organizaba, o que xestionaba, o que ofertaba, non daba posibilidade para a xeración de novo tecido asociativo, e ese é un problema que aínda existe nalgúns concellos.

P. ¿Se tiveses que facer unha valoración do movemento asociativo deportivo?

R. Creo que en Galicia aínda está en mantillas, por esa falta de compromiso político. Podería poñer un exemplo de Cataluña. De todos é coñecido a tradición asociativa dos cataláns, hai un mode-

lo que a mi me gusta poñer como referencia, que é Hospitalet de Llobregat, onde todas as instalacións deportivas municipais están xestionadas polo tecido asociativo. O Concello confiou, dalgún xeito, e -é outra vía- en vez de darche créditos brandos para construír instalacións propias, douce a posibilidade de xestionar como servizo público as instalacións deportivas municipais, sempre de acordo coas pautas que eu marqué como Concello e como servizo público, que ti tes que xestionar. Esa é outra vía, outra posibilidade. O que acontece é que esta vía está sendo ocupada polas empresas de servicios deportivos.

P. ¿En Galicia non houbo ningunha experiencia similar?

R. Hai unha experiencia na Coruña, no Club do mar de san Amaro, que xestiona unha piscina municipal, a piscina que está alí é do Concello.

P. O deporte ten por residencia o corpo. Estamos nunha cultura que prima o corpo ata o punto que antes morriase de fame pero hoxe un pode chegar a matarse por non comer.

R. Anoréxicos. Pero tamén no sentido contrario, o que quere estar cada vez más musculado, más forte, más amplio, más grande, pero eso son desviacións do que é o deporte en si mesmo, como se dan en calquera outra realidade social, e como tales desviacións hai que facerlle fronte, previlas e, tratálas convenientemente.

P. O deporte de masas utiliza a marca Atlético de Madrid, Real Madrid ou Rayo Vallecano, e nacen empresarios que como Gil ou Berlusconi, aproveitan esa lovemark para os seus intereses.

R. Tal como está o deporte estructurado, particularmente o fútbol, eu véxoo como un instrumento ó servizo da desculturización. O que interesa é que a xente vexa deporte, non que o faga. E se vemos ó noso contorno todo está pensado para que o cidadán se convierta máis en espectador ca en deportista. Os deportistas van ser uns, os elixidos, e o resto somos espectadores, esta é a monaxe neste momento. Estamos neste momento nunha situación crítica no desenvolvemento do deporte para todos. Despois dos anos 80 e 90 que houbo unha febre, un incremento importante de participantes, de instalacións, creo que neste momento se está tocando teito e creo que pola influencia do deporte espectáculo, da man dos medios de comunicación.

Este profesor de referencia no deporte para todos, ó que xa lle vai comezar a próxima clase, busca no seu arquivo e amósame un texto que escribiu nun xornal, sobre a morte violenta dun siareiro do Deportivo en Santiago. "Leo na prensa a innovadora proposta xurdida da reunión das autoridades galegas cos presidentes dos clubs para atallar os brotes de violencia xuvenil (...). Esta consiste en aleccionar, por medio do deporte escolar, virtuosos siareiros que controlen a súa agresividade. 'A vida é un conto' foi a frase que me fixo crer que, non só Alicia, senón todos, entrariamos no país das marabillas..."

Mentres tomamos un café, Eduardo fala da necesidade de modificar a lei en Galicia para que contemple a vertebración do deporte para todos no ordenamento xurídico-deportivo. Cando entran os alumnos, dende o fondo da baía dos Ártabros vense, como xigantes antediluvianos, os grandes guindastres do peirao, marco fabril da torre de Hércules, articulando a postal luminosa coa que nos despedimos.



Os PROGRAMAS de LECER ALTERNATIVO NOCTURNO: ¿prevención ou participación?

Domingo Comas

Sociólogo.
Presidente Grupo Interdisciplinario sobre Drogas.

A orixe dos programas de lecer alternativo

Os programas de lecer alternativo nocturno xorden, hai a penas seis anos, coma unha estratexia de prevención ante os riscos de lecer da fin de semana, como o excesivo consumo de alcohol, drogas ilegais, accidentes de tráfico, vandalismo e violencia nas rúas, etc. Deseñados por institucións con responsabilidades nos ámbitos institucionais sobre drogas e de xuventude nos niveis do Estado e da Administración Autonómica, aínda que en xeral xestionáronse dende os concellos e realizáronse a través de asociacións xuvenís e doutros colectivos locais.

Dende un primeiro momento estes programas adoptaron unha dobre estratexia; dunha parte aqueles que dependían dos ámbitos da xuventude, promovían máis ben a participación dos propios xoves na selección e organización das actividades, valorando nas súas avaliacións como principal indicador a participación e o compromiso que os grupos formais ou informais de xoves adquirían co programa.

En cambio, os programas que dependían dos ámbitos das drogas, amosaban un carácter más pechado, con actividades preestablecidas e con obxectivos más estrictamente relacionados coa redución do risco. Neste caso a avaliación dos programas resultaba un pouco máis difícil, e quizais por isto emprendeuse en contadas ocasións, porque se trataba de medi-la incidencia das actividades alternativas na reducción do consumo de alcohol e drogas ilegais ou nos accidentes de tráfico.

Tipos de actividades principais

Se observamos ambos tipos de programas dende a perspectiva das actividades que realizan, podemos constatar que nos dous casos son moi similares, xa que en primeiro termo aparecen sempre as actividades de tipo deportivo, cunha forte presencia de prácticas en pavillóns cubertos, seguidas por actividades de carácter lúdico; coma cine nocturno, grupos teatrais, concertos e outros espectáculos, incluídos xogos en piscinas cubertas ou abertas, nos lugares

onde o clima o permite nos meses nos que habitualmente se desenvolven os programas.

Tamén hai que ter en conta as actividades de tipo cultural e formativo, tipo talleres de radio, grupos de debate e discusión, concursos fotográficos sobre a noite, talleres de habilidades sociais, de "ligue", de maquillaxe ou de artesanía, visitas culturais de tipo "descubre a túa cidade pola noite", grupos de astronomía e incluso actividades puramente formativas en bibliotecas públicas. Finalmente nalgúns municipios estableceron acordos cos sectores da hostalería e os locais de lecer nocturno para establecer prácticas de reducción do dano, desde a opción de intercalar alimentos sólidos entre o consumo de alcohol, ata a análise confidencial de drogas en certos ambientes.

Hai que dicir, ademais, que en xeral estes programas, aínda naqueles concellos nos que se estabilizaron, teñen unha duración limitada, entre catro e seis meses, coincidindo co período lectivo escolar, xa que raramente comezan antes de outubro e, como moi tarde, rematan en maio.

Así mesmo hai que ter en conta as condicións climatolóxicas e a disponibilidade de recursos no concello, que limitan a posibilidade de algúns actividades á vez que facilitan outras. Así, nun lugar frío e con moita choiva trabállassese basicamente en instalacións cubertas, mentres que nos concellos cun clima más benigno e seco pódese traballar tamén na rúa. Por outra banda, os municipios que dispónen de moitos centros culturais, xuvenís e instalacións deportivas, poden empregalas, mentres que aqueles municipios peor dotados teñen que recorrer a accións nas rúas ou a instalacións privadas.

As demandas dos xoves e os intereses da Administración

Se considerámo-lo tipo de programa e a frecuencia das actividades, prodúcese unha certa sorpresa. Porque cando as decisións se toman no marco institucional, priman as actividades de tipo deportivo e lúdico, mentres que cando as decisións dependen dos pro-

pios xoves, as actividades culturais e formativas posúen unha maior importancia. Certamente isto demostra certa diverxencia entre intereses, xa que o feito de que as institucións se inclinen por actividades públicas, moi rechamantes, masivas e que poidan ser noticia na prensa, mentres que os xoves ou polo menos aquel sector de xoves más conscientes que soen participar no deseño e organización deste tipo de programas, prefire micro-actividades más centradas no seu desenvolvemento persoal, na aprendizaxe e na información cultural.

Esta disparidade non significa que cando os xoves participantes toman as súas propias decisións non elixan tamén actividades lúdicas e deportivas, senón que neste caso a presencia de actividades culturais e deportivas é maior.

De feito, o que se pon en evidencia é que as institucións manexan unha imaxe do xove coma mero consumidor, mentres que os xoves, ou canto menos certos xoves, prefieren sentirse primeiro cidadáns e despois consumidores. Son consciente de que os estereotipos afirman o contrario, pero son iso, estereotipos, cargados de valoracións e que responden a intereses, neste caso ó interese institucional por unha maior visibilidade pública dos programas de lecer alternativo. Para poder amosar así ós electores que as institucións fan fronte ó problema dos riscos dos xoves no tempo de lecer da fin de semana. En cambio, os propios xoves prefieren realizar actividades menos visibles pero más cargadas de significado para a súa vida.

Neste mesmo senso convén recalcar que cando as decisións corresponden ás administracións, establecense modelos de práctica deportiva competitiva, mentres que cando as decisións corresponden ós propios xoves a opción máis frecuente é a algúns tipo de deporte non competitivo e máis integrador. No primeiro caso soe estar mellor organizado, e é moito más masculino, mentres que no segundo parece máis desorganizado, pero más lúdico, e cunha participación máis equilibrada entre xéneros.

A eficacia dos programas

Pero a pesar destes problemas, a maior parte das avaliaciós demostraron a eficacia deste tipo de programas. Probouse, especialmente naqueles programas baseados na participación, tanto o aumento da conciencia cívica como a diminución dos umbrails de risco. Neste sentido existe un acordo unánime en torno á necesidade de poñen en marcha tales programas no ámbito municipal, sendo, por regra xeral, o único problema de carácter orzamentario, xa que as concellerías de xuventude dende as que se soen promocionar-los mesmos, apenas teñen recursos ou atópanse comprometidos noutras iniciativas.

Ó mesmo tempo, estes programas convertéronse, con custes reducidos, en novos xacementos de emprego, que serviron para iniciar o camiño da integración sociolaboral de xoves con especialidades como educación social, monitores de lecer e tempo libre, titulados en educación física, pedagogía e psicoloxía, traballo social, etc. Os cales non só adquirían experiencia laboral senón que ademais alcanzaban unha maior conciencia cívica e unha mellor formación sobre os riscos, que despois transmitían ós seus pares.

Evolución recente

En todo caso, nos últimos anos estes programas iniciaron dúas interesantes derivas excedendo o marco que establecía o logo orixinal calificándoos de "alternativos" e "nocturnos". A primeira deriva ten que ver coa cuestión das idades e paréceme pouco axeitada, xa que, se ben lles resolve certos problemas a outras institucións, como a familia e a escola, aporta un tipo de resposta pouco coherente cos obxectivos primarios que no seu día se plantearon os programas.

No fondo o que se está facendo é aproveita-lo éxito metodolóxico obtido polos programas de lecer alternativo, para proxectalo sobre outros colectivos noutros espacios e tempos, concretamente establecendo a aplicando a nenos e a pre-adolescentes, entre 8 e 14 años, en programas de tarde.

En realidade trátanse de simples programas de lecer, organizados polas administracións e que funcionan cunha lóxica de gardería, en lugares cerrados e como actividades extraescolares, só que publicitados como lecer alternativo e preventivo e seguindo a metodoloxía dos programas de lecer nocturno. Non teño ningunha opinión formada sobre este tipo de programas aínda que parece lóxico que as institucións se preocupen do lecer dos nenos e oferten actividades extraescolares, como ademais prevé a propia LOXSE. Pero trátase de programas e actividades, que pertencen ó ámbito competencial educativo, e que non teñen nada que ver cos programas de lecer nocturno.

En todo caso o seu crecente éxito debemos atribuílo á reivindicación das familias en torno a un sistema público de "garderías seguras", os venres e sábados, entre as seis da tarde e as dez da noite. Unha reivindicación moi lexítima, pero que nada ten que ver co lecer nocturno, e que está provocando moitos malentendidos e incluso un certo rexitamento, por parte de adolescentes e xoves, cara os programas de lecer alternativo, porque non queren sentirse identificados co que poden considerar procedementos de garda e control institucional.

A outra deriva, en cambio, paréceme moi positiva, xa que estes programas están servindo para promover unha reflexión máis global sobre o lecer dos xoves, sobre a carencia de políticas de lecer en todos os niveis da administración e sobre as consecuencias sociais dun lecer de mercado puramente privatizado.

Trátase dunha reflexión necesaria que non se ten producido na España democrática, en parte como rexitamento á excesiva focalización en temas de lecer por parte das políticas de xuventude da última etapa da dictadura. Pero pasaron xa moitos anos, a cuestión do lecer ocupa un lugar central na vida dos xoves e non podemos seguir escamoteando unha necesaria reflexión, que inclúe investigacións, debates e deseño de políticas públicas en torno a un tema que, ata agora, deixouse con escasa regulación e exclusivamente nas mans da iniciativa privada e do mercado.



INTEREA, nova edición

Celestino Poza Domínguez

Presidente da Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico

Coa decidida vontade de dar resposta ás necesidades e expectativas socioculturais dos concellos da provincia, **Interea** –unha expresión á que se asocia unha *imaxe corporativa* na que integran diversas iniciativas promovidas pola Deputación da Coruña– afronta unha nova edición, converxente cun dobre propósito:

- Por unha banda, dar continuidade as actuacións que se veñen desenvolvendo con esta denominación desde o ano 2001, facendo partícipes ós políticos e técnicos municipais de diversas actividades de reflexión, investigación, formación e divulgación do que-facer sociocultural dos concellos da provincia, difundindo as súas realizacións a outros contornos xeográficos e sociais, dentro e fora de Galicia.
- Por outra, e con visión de futuro, activar proxectos e recursos que dinamicen o territorio e as comunidades, optimizando as potencialidades da Administración Local na creación, planificación, deseño, xestión, desenvolvemento e avaliación das políticas culturais municipais, inserindo as súas prácticas nunha perspectiva estratéxica de curto, medio e longo prazo, consonte os principios e recomendacións cos que se compromete a Axenda 21 da Cultura, aprobada no marco do Foro Universal das Culturas, celebrado en Barcelona nos días 7 e 8 de maio de 2004.

Neste empeño, a Deputación Provincial a través da súa ÁREA de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico ven de subscribir coa Universidade de Santiago de Compostela un novo convenio de cooperación, a resultas do cal un equipo de profesores e investigadores das Facultades de Ciencias da Educación das Universidades



da Coruña e Santiago de Compostela, promoverán –ó longo da segunda metade do ano 2004 e os primeiros meses de 2005– distintas tarefas de promoción e dinamización da acción local en materia cultural, enmarcadas dentro da iniciativa provincial **Interea**, de modo expreso as seguintes:

- Deseñar, elaborar e publicar dous números da Revista "*Interea Visual*", que se divulgarán en formato impreso e digital, a través da imprenta e do portal Web da propia Deputación. Trala edición dos números 0, 1 e 2, os seguintes exemplares –nos que se manterán o deseño, estrutura e seccións que configuraron ata agora á Revista – abordarán dous temas monográficos: o primeiro, como número 3, dando cabida a reflexións, proxectos, experiencias, etc. sobre "*Educación en Cultura*"; o segundo, co número 4, centrando a atención no "*Patrimonio e a Xestión Cultural*". En ámbitos dous casos procurando tamén reflectir o labor que nestes ámbitos realizan concellos, institucións, colectivos, persoas, etc. pertencentes á provincia da Coruña.
- Deseñar, elaborar e editar o primeiro número dunha colección de recursos ou materiais formativos destinados a políticos e técnicos municipais na área de Cultura, atendendo á denominación de "*Cadernos Temáticos*". Concibidos como un conxunto seriado de publicacións que abordarán de xeito monográfico contidos transversais ou específicos da acción cultural municipal, terán o seu primeiro referente no "tempo libre", ó que cabe considerar como unha realidade cotiá na que se concretan múltiples necesidades e demandas da ciudadanía, ás que se trata de dar resposta a través das políticas públicas e da iniciativa privada, xerando proxectos, actuacións, equipamentos, recursos, etc. nos que os concellos deben asumir un protagonismo clave, sexa como promotores, xestores, mediadores ou dinamizadores das súas competencias –propias e compartidas– ou daquelas que emprenda a poboación, individual e/ou colectivamente.

- Deseñar, coordinar e desenvolver a segunda edición de "*Interea Foro*", continuando a senda da que tivo lugar en decembro de 2002 no Pazo de Mariñán. Neste caso, previsamente nos días 25 e 26 de novembro de 2004 e tendo como sede a cidade da Coruña, tamén serán convocados ós responsables políticos e ós técnicos municipais de cultura de todos os concellos da provincia, para que participen nunhas xornadas nas que se presentarán, debaterán e orientarán propostas que dean sentido a un *Plan de Formación* de amplo percorrido temático e metodológico, mesturando diferentes modalidades de ensino-aprendizaxe, favorecendo un traballo individualizado ó tempo que colectivo, sexa a través do estudo autónomo, de sesións presenciais ou mediante a conexión en rede.


• Deseñar e habilitar as estratexias e procedementos que posibiliten ó desenvolvemento pedagóxico-didáctico do *Plan de Formación* aludido, poñendo énfase nos significados atribuídos á educación e á formación permanente na sociedade do coñecemento; nos compromisos políticos e profesionais a favor dunha "aprendizaxe constante", concibida como unha esixencia dunha acción pública de calidade; nas responsabilidades contraídas pola iniciativa política e polo desempeño profesional, como resposta a necesidades sociais, institucionais e técnicas dos concellos da provincia.

Con estas perspectivas de acción no corto e medio prazo, a Deputación tenta dar novos pulos á iniciativa **Interea**, "aportando ós concellos da provincia, e á propia Deputación Provincial, ferramentas e soportes que melloren cualitativamente a prestación dos servizos e programas que se derivan da aplicación das políticas sectoriais no ámbito da cultura e da educación, profundando e mellorando a vontade de servizo ós cidadáns da provincia", tal e como consta literalmente no Convenio de Colaboración asinado polo Rector Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, don Senén Barro Ameneiro e don Salvador Fernández Moreira, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, en xuño de 2004.

Sen dúbida, ollando ó futuro, trátase dunha declaración na que se fai explícito o desexo de configurar novos soportes infraestructurais e programáticos para o traballo que deberán compartir os profesores e investigadores que integran o equipo que vincula ás dúas Universidades que asentan os seus campus na provincia, os responsables políticos e os técnicos da Deputación e dos 94 concellos da mesma. Unha vontade na que ademais de manifestarse algunas das aspiracións e intencionalidades da política cultural na provincia, tamén evidencian algúns dos seus más importantes desafíos.



ASOCIACIÓN GALEGA de DEPORTE para TODOS



Roberto Agüete

Algúns datos históricos, que definen o carácter e filosofía da AGDpT

No ano 1991 celebrabamos o I CONGRESO GALEGO DE DEPORTE PARA TODOS no Pazo de Mariñán, no que nos fixabamos o obxectivo de "Levar a actividade física a tódolos recantos da nosa sociedade" e a pesar das dificultades e do escaso respaldo das administracións públicas, coas nosas mensaxes, actividades, congresos, propostas e reivindicacións, temos conseguido extenderla idea de que o deporte non só é para os mellor dotados, non só é para aqueles que compiten para estaren no máis alto do podium. Senón que é un factor de benestar social e persoal de grande utilidade para a saúde; para a educación; para a igualdade, por riba das diferencias de sexo, raza, idade, condición social, concepción ideolóxica ou crenza relixiosa; para a promoción da cultura da paz, da solidariedade e da liberdade.

En Outubro do ano 2000 celebrámo-la Asemblea Constituente da AGDpT e asumímos-lo Deporte para Todos como un compromiso social, porque o Deporte para Todos ten que estar ó servizo da xente, e organiza-las súas actividades ligadas ós problemas da xente. Nesta Asemblea foi aprobado un Manifesto no que se define a filosofía da AGDpT.

En Decembro do ano 2001, coa participación de máis de douscentos representantes de clubes deportivos, AA.VV., ANPAs, clubes xuvenís, grupos de empresa e outros, celebramos un ENCONTRO no que fixamo-los obxectivos para os próximos anos.

Estas son só tres datas históricas, pois entre elas hai unha historia cargada de actividades, propostas e iniciativas orientadas a facer que o deporte chegue a tódolos cidadáns/ás. Polo tanto podemos afirmar que hoxe en Galicia o Deporte para Todos ten xa unha historia detrás, pero sobre todo ten un futuro.



Roberto Aguete

Obxectivos

- Campañas de loita contra o sedentarismo, cuestión ésta que preocupa cada vez a máis cidadáns.
- A formación de dirixentes, técnicos, monitores, voluntarios e expertos en Deporte para Todos; para podermos ofrecer ós cidadáns actividades con garantías de calidade e seguridade.
- O fomento da igualdade dos sexos nas actividades deportivas.
- Achergarmos o deporte a colectivos que tradicionalmente estiveron alonxados del, coma os nosos maiores, persoas con minusvalías, habitantes de pobos pequenos e zonas rurais.
- Propostas para a actividade física no medio ambiente, compatibles co respecto ó mesmo.
- Iniciativas para unha cidade mellor, máis humana e habitable, con propostas para a propiciación do espacio público por parte dos cidadáns, coa dotación de zonas peatonais, carril bici e espacios para facer deporte na cidade.
- Tamén propoñémo-la competición no deporte, pero cun sentido de flexibilidade técnica e regulamentaria, adaptándoo ós seres humanos.
- O deporte como vehículo de comunicación para o encontro de culturas e a superación de diferencias.
- Promover actividades turístico-deportivas (ECOXOGOS).
- En definitiva plantexamos situa-los homes e mulleres no centro do deporte.

Pola distribución equilibrada dos recursos que se destinan ó deporte

Non poñemos en dúbida que corresponde ás administracións públicas valorar onde invertir e como distribuí-los recursos destinados ó deporte. Como tampouco ningún debe dubidar de que, en democracia, correspónelle ós cidadáns valorar as decisións das administracións. E como cidadáns e persoas do deporte que somos, temos que afirmar que hoxe existe, xa non un desequilibrio, senón unha clara discriminación cara organizacións como a AGDpT, o que é necesario corrixir, para facer que o deporte chegue a todos os sectores da nosa sociedade. Por iso hoxe temos que seguir reivindicando, se cabe, con máis forza, a distribución equilibrada dos recursos que se destinan ó deporte.

A AGDpT está comprometida co Deporte para Todos en España e no Mundo.

Coa súa participación activa na AEDpT e na FISpT temos presencia e representación para facer que as nosas propostas e iniciativas, sexan escoitadas máis aló dos límites xeográficos de Galicia. E como exemplo recente podemos cita-la proposta presentada e aprobada no seo da AEDpT, de celebrar unha actividade similar ós ECOXOGOS que organizamos en Galicia (aínda está por definilo nome) para todo o Estado.

Xunta Directiva da AGDpT

Sendo fieis ós acordos da Asemblea Constituínte, fixemos un esforzo importante para que na Xunta Directiva tivesen presencia tanto as grandes cidades coma os pequenos pobos e zonas rurais, así como persoas de clubes deportivos e de AA.VV., ANPAs ou grupos de empresa. É dicir, temos traballado pola integración de todos os colectivos que se moventan no mundo do Deporte para Todos.

Aínda que o traballo desenvolvido pola AGDpT daría para ocupar un amplio espazo, confiamos en que con estas breves liñas teñamos conseguido poñer de manifesto, algúns datos históricos, a filosofía, obxectivos más importantes e algunha das nosas reivindicacións. Non obstante, todos aqueles que teñan interese en coñecernos, poden facelo visitando a nosa web, www.agdpt.com.



ASOCIACIÓN GALEGA DE DEPORTE PARA TODOS

Avda. de Viveiro, nº 25, 2º, 15403
Ferrol, A Coruña, España
Telno.: 981 313 239, Fax: 981 325 625
Apartado de Correos, nº: 119
www.agdpt.com - agdpt@lycos.es

Nolo Suárez, é un pintor compostelán que dende os anos 80 expón continuamente en diversos espacios expositivos.

Últimamente os seus traballos son unha reflexión pictórica sobre os catro elementos: terra, auga, luz e ar, facendo que entre eles establezcase unha interacción e confluencia, para resaltar contrastes de materia, forma e expresividade, cara a consecución da integración vida-arte-sensacions-reflexións.



Barca e Temporal. Óleo s. Lenzo. 100 x 81 cm.



Recollendo auga. Óleo s. Lenzo. 100 x 81 cm.



A FEDERACIÓN GALEGA de DEPORTES de MINUSVÁLIDOS FÍSICOS

No 1987 varias asociacións de minusválidos, galegas, que facían deporte pola súa conta, sobre todo baloncesto, reuníronse en Santiago para "regularizar" o que facían, formando clubes dentro dunha Federación Galega. Ata entón só existía unha delegación da Federación Española en A Coruña. Tras varias vicisitudes legais, a Xunta rexistrou a nova federación.

A partir de entón, vénense celebrando competicións, tanto amigables como oficiais, autonómicas, atrevéndonos incluso a enviar deportistas a algúns campeonatos nacionais. Comezamos pola integración, axudando ó colectivo a rexistrar un clube, organizar competicións, programar viaxes por toda España; sendo subvencionados anualmente pola Consellería de Servicios Sociais, ademáis de pola Consellería de Deportes.

Entre os nosos deportistas atopábbase o colectivo de parálíticos cerebrais, sobre todo en Ourense co clube Auxilia, xunto ós que organizamos os primeiros encontros internacionais cos nosos veciños portugueses. Posteriormente legalizaron a súa propia federación española e se desligaron.

As modalidades que se practicaron nos primeiros anos (ata Barcelona 92) foron: Baloncesto, Atletismo, Natación, Tenis de Mesa, Tiro Olímpico e Automobilismo. En 1990 organizamos tres Campeonatos de España, e en 1991 o Eurobasket, o noso primeiro evento internacional de grande calado. En Barcelona 92 participaron 5 deportistas galegos, acadando en atletismo a primeira medalla de prata.





Por eses anos as subvencións conxeláronse, e perdémo-la axuda da Consellería de Servicios Sociais, xa que ó parecer xa non facíamos integración, senón só deporte.

Fomos incorporando novas modalidades deportivas: Halterofilia, Tenis, Vela, Ciclismo e voltamos a estar presentes con deportistas en Seúl e Sydney.

Celébrabase regularmente a Liga Galega de Baloncesto, o deporte que máis licencias tiña, cun número de clubes variable cada ano (de 3 a 7). Posteriormente dous clubes tentaron formar equipos competitivos na Liga Nacional e, primeiramente o clube ACDM NÓS de A Coruña, e actualmente o AMFIV de Vigo, deron o salto á máxima categoría nacional. Pero ó absorbe-los mellores xogadores da súa zona, provocou a desaparición dos equipos pequenos, polo que xa non existe a Liga Galega de Baloncesto. En Tiro Olímpico volvemos a ter un Campeonato Galego de bo nivel, con varias tiradas ó longo do ano. Destaca o tirador Juan Saavedra, en carabina sobre trípode por ser amputado do brazo esquierdo.

- En Natación depéndese da actuación individual dos nosos nadadores en campionatos fóra de Galicia, como o excepcional Sebastián Rodríguez de Amfiv (medalla de ouro en Sydney, Campeonato do Mundo, Campeonato de España, 3 récords mundiais no seu poder, etc.).

- En Atletismo segue facendo fondo o veterano José Abal (ADM Morrazo).

- O Tenis dispútase en cadeira de rodas sobre unha pista normal, sendo permitidos dous botes da pelota antes de devolvela. Alvaro Illobre (ADM Ferrol) está sempre nos primeiros postos do ranking nacional, rondando o 100 no internacional.

- En Halterofilia temos a José Luis Permuy (Powerfenix Ferrol) como primeiro no ranking nacional na súa categoría.

En case tódalas disciplinas produciuse un descenso de licencias nos últimos tempos.

O futuro do deporte de minusválidos en Galicia é incerto, como ocorre a nivel nacional e internacional. Os deportistas fanse maiores e é difícil captar ós xoves. Cada vez hai menos deportistas con polio e más paraplégicos. Modalidades como o Baloncesto en cadeira de rodas, polo seu potencial, poderían constituir federación propia, pero a situación ideal de futuro sería aquela no que cada disciplina se incorporara á federación correspondente, de forma que houbera probas masculinas, femininas e de minusválidos. Esta situación vaise facendo cada día más factible.



FEDERACIÓN GALEGA DEPORTES MINUSVÁLIDOS FÍSICOS

C/Marqués de Valladares 23 - 510 VIGO 36201

TEL:986 222441

FAX:986431655

fgdmf@jet.es

ASOCIACIÓN GALEGA do XOGO POPULAR e TRADICIONAL

Cando, tanto no resto do Estado coma na contorna europea próxima, proliferan as iniciativas de recuperación e revitalización dos xogos e deportes tradicionais, en Galicia, onde a penas a preocupación comeza a manifestarse, acaba de ser fundada a Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional.

A Asociación pretende, basicamente, unir esforzos para favorecer o desenvolvemento e a práctica dos xogos e deportes tradicionais e populares galegos, e para logralo, contempla entre as súas liñas de actuación a creación dunha rede de información e de divulgación sobre as actividades lúdicas populares e tradicionais, a promoción e axuda á posta en marcha doutras asociacións ou entidades de ámbito local ou comarcal con finalidades semellantes ás da AGXPT, a organización de encontros, conferencias, congresos e, en xeral, calquera tipo de actividades sobre o tema, a edición de boletíns, revistas e libros, utilizando os medios audiovisuais para a información e a formación, ou a promoción e apoio de traballos de investigación orientados ao inventario ou aplicación educativa, deportiva ou recreativa dos xogos e deportes tradicionais.

Incluso antes de ter sido recoñecida oficialmente, a AGXPT iniciara xa as súas actividades poñendo en marcha un servicio, aínda nos seus primeiros pasos, de divulgación dos xogos e deportes tradicionais en convocatorias públicas do tipo das celebracións festivas. Trátase, co claro referente das entidades vascas que realizan un traballo semellante, de ofrecer nun lugar público a oportunidade de que se poida xogar á ra, á chave, ao trompo..., ou mesmo a algo tan sinxelo como á corda, ao aro, ás tres en raia... É intención da AGXPT perfeccionar este incipiente servicio de tal xeito que estea á disposición de entidades cidadáns, dos centros educativos e dos propios concellos ou xuntas parroquiais.



ASOCIACIÓN GALEGA DO XOGO POPULAR E TRADICIONAL

Rúa Nova, 2-1º. 15821

ARCA – O Pino (A Coruña)

agxpt@tiscali.es



Neste apartado recóllese materiais recentes en distintos formatos (libros, artigos, portais de internet, etc.) que poden ser interesantes para os profesionais que traballan no ámbito da intervención municipal.

LIBROS

Biblioteca do xestor deportivo (2003-2004 -próxima publicación-. Editorial INDE.

Iniciativa da editorial INDE para dotar d'e recursos ós profesionais que desenvolven o seu labor no ámbito da xestión deportiva. A colección comeza con catro títulos, dous deles explicitamente centrados na acción deportiva municipal:

- CELMA JIMÉNEZ, J. (2004): **El ABC del gestor deportivo.** INDE, Barcelona, 160 páxs. ISBN: 84-9729-036-4.

Profundiza nos fundamentos da xestión deportiva. Analiza as funcións, recursos e capacidades que debe reunir todo xestor da área de deportes.

- MESTRE SANCHO, J. A. (2004): **Estrategias de gestión deportiva local.** INDE, Barcelona, 160 páxs. ISBN: 84-9729-053-4.


Revisa as diversas formas de abordar a xestión deportiva nos concellos, desde a perspectiva da acción a medio-longo prazo (estratéxica).

- GALLARDO, L. E JIMÉNEZ, A. (2004): **Hacia la excelencia de los servicios deportivos municipales.** INDE, Barcelona, 160 páxs. ISBN: 84-9729-052-6.

Analiza a xestión deportiva municipal dende a perspectiva da calidade. Tras anos centradas na participación, as administracións municipais deben recurrir a políticas deportivas baseadas na calidade, ante unha ciadáns cada vez máis esixente e crítica. Os autores aportan claves para que os servizos deportivos municipais optimícen a súa oferta.

- AYORA, D., GARCÍA, E. E MESTRE, J. A. (2004): **Organización de eventos deportivos.** INDE, Barcelona, 160 páxs. ISBN: 84-9729-054-2.

A organización de eventos deportivos supón a consideración de múltiples factores, que varían en función de cada actividade. Os autores, nun esforzo de sistematización, ofrecen unha metodoloxía de acción aplicable a calquera acontecemento deportivo.



- BORJA, J. (2003): **La ciudad conquistada.** Alianza, Madrid.

Jordi Borja é un consabido coñecedor do mundo das cidades e a súa planificación e xestión. Nesta profusa obra de recente aparición, aborda dende múltiples ópticas o devir e prospectiva do mundo das cidades. Clarificador, ameno, progresista e mesmo ás veces, transgresor das formas políticas, este libro resulta moi interesante para os responsables políticos e técnicos que dirixen os designios das nosas áreas urbanas.

- TONUCCI, F. (2002): **Cuando los niños dicen ibasta!** Fundación Germán Sánchez Ruipérez, Madrid.

Continuación do anterior volume, centrados ambos en desenvolver a filosofía do proxecto da "Cidade dos Nenos", que este célebre psicopedagogo implementa dende hai máis dunha década na súa cidade natal de Fano (Italia). Ducas de preguntas feitas polos cativos sérvenlle ao autor para dar posibles respostas a demandas, a miúdo, de simple sentido común e que, ainda así, non logran instaurarse en moitas das cidades occidentais.

- ALDEROQUI, S. Y PENCHANSKY, P. (2002): **Ciudad y ciudadanos. Aportes para la enseñanza del mundo urbano.** Paidos, Barcelona.

Aborda a complexidade e diversidade da cidade, incorporando os enfoques de varias disciplinas que se ocupan do urbano e que serven de referencia para a elaboración de contidos educativos. Defende a necesidade dunha "pedagogía do urbano", que afondea nas relacións entre as demandas dos poboadores (ciudadáns) e as respostas dos gobernos (administracións locais).

INTERNET



[/http://iris.cnice.mecd.es/edfisica/](http://iris.cnice.mecd.es/edfisica/)

Páxina adicada íntegramente á Educación Física, pertencente ó Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, destinado a tres colectivos: profesorado, alumnado e público en xeral. Ofrece a posibilidade de consultar unidades didáticas para 1º e 2º ciclo da Ensinanza Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato. Ademais, pódense personalizar as unidades segundo as necesidades dos usuarios (apartado de profesores). Posúe abundantes recursos en cada un dos tres apartados, adaptados ás necesidades de cada colectivo.



www.oleirosforma.internetwork.org/

Portal do servicio "asesoramento físico-deportivo ó veciño", unha proposta do Concello de Oleiros para axudar ós ciadáns na práctica da actividade física-deportiva. Inclúe a presentación, obxectivos, descripción do programa, requisitos necesarios para disfrutar do servizo, relación de persoas que forman o equipo de traballo e forma de contacto para acceder ó servizo.



www.usuarios.lycos.es/agdpt/

Portal da Asociación Galega de Deporte para Todos, no que se presentan as principais actividades que promove, facendo especial fincapé nas propostas de formación de educadores. Ademais, inclúe un boletín centrado na temática da asociación e campañas de diversa índole (contra o sedentarismo, etc.). Pódense encontrar numerosos enlaces con entidades comprometidas coa promoción do deporte para todos.



interea visual
agora tamén
en formato dixital:
www.dicoruna.es

Waypoint	URUMQI N43.81966 E87.57339	URUMQI	Map Point Symbol Unknown
Waypoint	Header Name	Length	Course
Route Waypoint 002	0 m	4569.0 km	297° true
Route Waypoint 003	4569.0 km	4569.0 km	297° true
Route 003 to 003	14005.3 km	0° true	21 waypoints
Header	Waypoint Name	Distance	Leg Length
Route Waypoint 003	0 m	Leg Length	Course
Route Waypoint 006	552.2 km	552.2 km	1° true
Route Waypoint 013	1734.6 km	1182.3 km	22° true
Route Waypoint 004	1791.0 km	56.4 km	37° true
Route Waypoint 015	2388.3 km	597.4 km	53° true
Route Waypoint 017	2899.0 km	510.7 km	73° true
Route Waypoint 019	3401.9 km	502.9 km	95° true
Route Waypoint 021	4017.2 km	615.3 km	117° true
Route Waypoint 005	4080.7 km	63.5 km	127° true
Route Waypoint 007	5318.6 km	1237.8 km	150° true
Route Waypoint 009	6434.6 km	1116.0 km	186° true
Route Waypoint 002	6541.1 km	106.5 km	200° true
Route Waypoint 011	7747.3 km	1206.3 km	215° true
Route Waypoint 020	7820.4 km	73.0 km	222° true
Route Waypoint 018	8979.7 km	1159.3 km	241° true
Route Waypoint 001	9870.9 km	891.2 km	262° true
Route Waypoint 016	10015.0 km	144.1 km	267° true
Route Waypoint 014	11057.8 km	1042.8 km	284° true
Route Waypoint 010	12125.1 km	1067.4 km	306° true
Route Waypoint 008	13434.2 km	1309.1 km	330° true
Route Waypoint 003	14005.3 km	571.0 km	349° true
Route 022 to 022	0 m	0° true	1 waypoints
Header	Waypoint Name	Distance	Leg Length
Route Waypoint 022	0 m	Leg Length	Course
Route 022 to URUMQI	372.1 km	284° true	81 waypoints
Header	Waypoint Name	Distance	Leg Length
Route Waypoint 022	0 m	Leg Length	Course
Route Waypoint HNGQKN	15.5 km	15.5 km	157° true
Route Waypoint HWY312	17.7 km	2.2 km	143° true
Route Waypoint HWY3 1	22.9 km	5.2 km	226° true
Route Waypoint HWY3 2	27.0 km	4.1 km	212° true
Route Waypoint HWY3 3	32.5 km	5.5 km	227° true
Route Waypoint HWY3 4	40.3 km	7.9 km	223° true
Route Waypoint HWY3 5	48.0 km	7.6 km	259° true
Route Waypoint HWY3 6	51.9 km	3.9 km	267° true
Route Waypoint HWY3 7	59.3 km	7.4 km	253° true
Route Waypoint HWY3 8	63.1 km	3.7 km	234° true
Route Waypoint HWY3 9	65.6 km	2.5 km	254° true
Route Waypoint HWY 10	73.5 km	7.9 km	240° true
Route Waypoint HWY 11	79.8 km	6.4 km	263° true
Route Waypoint HWY 12	81.8 km	2.0 km	252° true
Route Waypoint HWY 13	83.8 km	2.0 km	232° true
Route Waypoint HWY 14	87.8 km	4.0 km	257° true
Route Waypoint HWY 15	95.2 km	7.4 km	270° true
Route Waypoint HWY 16	101.6 km	6.3 km	286° true
Route Waypoint HWY 17	107.1 km	5.5 km	292° true
Route Waypoint HWY 18	109.9 km	2.8 km	260° true
Route Waypoint STREAM	117.8 km	7.9 km	289° true
Route Waypoint HWY 19	121.0 km	3.1 km	280° true
Route Waypoint HWY 20	123.8 km	2.8 km	276° true
Route Waypoint HWY 21	131.4 km	7.6 km	280° true
Route Waypoint HWY 22	133.3 km	1.8 km	258° true
Route Waypoint HWY 23	136.7 km	3.5 km	215° true
Route Waypoint HWY 24	140.3 km	3.6 km	287° true
Route Waypoint HWY 25	144.7 km	4.4 km	271° true
Route Waypoint HWY 26	149.8 km	5.1 km	262° true
Route Waypoint HWY 27	154.2 km	4.5 km	279° true
Route Waypoint HWY 28	159.2 km	5.0 km	298° true
Route Waypoint HWY 29	165.6 km	6.4 km	299° true
Route Waypoint HWY 30	169.2 km	3.6 km	291° true
Route Waypoint HWY 31	172.8 km	3.6 km	183° true
Route Waypoint HWY 32	175.3 km	2.5 km	260° true
Route Waypoint HWY 33	179.6 km	4.3 km	229° true
Route Waypoint HWY 34	182.3 km	2.7 km	278° true
Route Waypoint HWY 35	188.7 km	6.5 km	289° true

Route Waypoint HWY 40 206.5 km
2.6 km 261". true
Route Waypoint HWY 41 209.1 km
3.4 km 253". true
Route Waypoint HWY 42 213.5 km
4.4 km 268". true
Route Waypoint HWY 42 217.7 km
4.2 km 263". true
Route Waypoint HWY 44 221.8 km
4.1 km 258". true
Route Waypoint HWY 45 228.3 km
4.9 km 333". true
Route Waypoint HWY 46 236.6 km
8.3 km 353". true
Route Waypoint HWY 47 241.8 km
5.3 km 346". true
Route Waypoint HWY 48 266.0 km
4.7 km 325". true
Route Waypoint HWY 49 268.1 km
6.2 km 303". true
Route Waypoint HWY 50 272.2 km
4.0 km 327". true
Route Waypoint HWY 51 276.2 km
4.0 km 357". true
Route Waypoint HWY 52 278.1 km
1.9 km 357". true
Route Waypoint HWY 53 283.0 km
4.9 km 316". true
Route Waypoint HWY 54 285.1 km
2.1 km 290". true
Route Waypoint HWY 55 288.9 km
2.8 km 318". true
Route Waypoint HWY 56 297.2 km
4.6 km 288". true
Route Waypoint HWY 57 305.3 km
3.1 km 288". true
Route Waypoint HWY 58 306.8 km
6.5 km 316". true
Route Waypoint HWY 59 310.8 km
4.0 km 319". true
Route Waypoint HWY 61 315.9 km
5.1 km 301". true
Route Waypoint HWY 62 319.0 km
2.5 km 320". true
Route Waypoint HWY 63 321.5 km
3.1 km 343". true
Route Waypoint HWY 64 339.3 km
1.9 km 298". true
Route Waypoint HWY 65 343.0 km
3.0 km 303". true
Route Waypoint HWY 66 347.0 km
2.2 km 299". true
Route Waypoint HWY 67 352.0 km
1.8 km 338". true
Route Waypoint HWY 68 356.5 km
2.2 km 302". true
Route Waypoint HWY 69 364.6 km
6.1 km 20". true
Route Waypoint HWY 70 367.4 km
2.8 km 19". true
Waypoint URMQI 372.1 km
4.7 km 308". true